



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 11

Sesión plenaria
11 de xuño de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 1852 (12/CPP-000002)

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

Punto 2. Mocións

2.1 5150 (12/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3449, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o 28 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

2.2 5189 (12/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1475, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria o 28 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

2.3 5201 (12/MOC-000010)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3468, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o día 28 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 417 (12/PNP-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e oito deputados/as máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 05.04.2024



3.2 697 (12/PNP-000057)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

3.3 1986 (12/PNP-000228)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel**

Sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competicións estable para elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

3.4 2023 (12/PNP-000232)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

3.5 4106 (12/PNP-000438)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 21.05.2024

3.6 4362 (12/PNP-000461)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos a esta etapa educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f1, do 29.05.2024

Punto 4. Interpelacións**4.1 572 (12/INT-000002)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e catro deputados/as máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024



4.2 1343 (12/INT-000064)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.3 1945 (12/INT-000126)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia**5.1 5252 (12/POPX-000007)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as decisións que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa mellora das condicións en que a cidadanía emprega as autoestradas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

5.2 5255 (12/POPX-000008)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir o bo funcionamento da sanidade durante o período estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 5249 (12/PUP-000025)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre o funcionamento do servizo prestado polos trens Avril na liña de alta velocidade da nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

6.2 455 (12/POP-000010)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre o resultado da aplicación do protocolo establecido pola Xunta de Galicia para regular o uso dos móbiles durante o tempo de lecer nos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024



6.3 5243 (12/PUP-000023)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre os criterios que fundamentan a anunciada reforma do modelo da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

6.4 4544 (12/POP-000617)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre o balance das medidas executadas ao abeiro do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024

6.5 5246 (12/PUP-000024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago**

Sobre o prazo para executar a reforma integral da estrada LU-651 entre Quiroga e Folgoso do Courel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

6.6 3979 (12/POP-000562)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas para acelerar as obras que están en marcha nas instalacións da área de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e garantir plenamente todos os servizos desta unidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

6.7 4783 (12/POP-000643)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre o prazo para o remate das obras de mellora no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024

6.8 4080 (12/POP-000570)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de incoar o procedemento de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial ao tempo que se aplica o correspondente réxime de protección

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024



6.9 2978 (12/POP-000444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a suficiencia da política de loita contra os residuos mariños que se está a desenvolver

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica as inasistencias de dona Ana Belén Pontón Mondelo, dona Lara Méndez López, don José Ramón Gómez Besteiro e don José Alberto Pazos Couñago. (Páx. 13.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de varios deputados/as. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, o señor presidente comunica que se incluíu nesta un punto preliminar referido á prestación de promesa ou xuramento da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia de varios novos deputados e deputadas: don Jesús María Fernández Rosende, don Pablo Javier Prieto Perille, don Ángel Rodríguez Conde, don Manuel Santos Costa, dona Katherinie Varela Fernández, dona Cecilia Vázquez Suárez e don Miguel Ángel Viso Diéguez. (Páx. 13.)

Logo de prestar a promesa ou xuramento, as mencionadas persoas conseguen a condición plena de deputados e deputadas do Parlamento de Galicia. (Pax..)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 24.), Sr. Fernández Fernández (BNG) (Páx. 27.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 31.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 34.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx..) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 39.), o señor Fernández Fernández (BNG) (Páx. 41.), a señora Candia López (P) (Páx. 43.) e a señora conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 44.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 47.)

O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 50.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 52.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 54.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Taibo Corsanego (BNG). (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 62.) e Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 63.)

A señora Taibo Corsanego (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 65.)

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 70.) e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Prieto Perille (P). (Páx. 75.)

O señor Ojea Bouzo (M) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 78.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación: rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía: rexeitada por 25 votos a favor, 38 votos en contra e 6 abstencións. (Páx. 80.)

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura: rexeitada por 1 voto a favor, 38 votos en contra e 30 abstencións. (Páx. 81.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día relativa á pregunta ao Goberno que figura en oitavo lugar, que será substanciada antes das proposicións non de lei. (Páx. 81.)



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de incoar o procedemento de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial ao tempo que se aplica o correspondente réxime de protección. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 84.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Campero Dorado (P)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Pax. 88.) e *Sra. Vidal Lamas (BNG)*. (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 93.)

A señora Campero Dorado (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 94.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)* (Páx. 99.) e *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 101.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 104.)

A señora Deza Martínez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 104.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Daniel Castro García, sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competicións estable para elas. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Suárez Fernández (BNG).* (Páx. 106.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 108.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Marnotes Fernández (P).* (Páx. 111.)

O señor Suárez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Espinosa Mangana (S).* (Páx. 116.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 117.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 120.)

A señora Espinosa Mangana (S) intervén para se posicioanr respecto da emenda. (Páx. 123.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar a súa política de apoio á actividade artística e creativa galega. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 124.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 127.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pomar Tojo (P).* (Páx. 129.)

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 132.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos nesta etapa educativa. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 136.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 138.)

Nova intervención da señora Fernández González (BNG). (Páx. 140.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío da Limia: *aprobada por 63 votos a favor, 7 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 141.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia: *aprobada por 63 votos a favor, 7 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 142.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Daniel Castro García, sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competición estable para elas: *rexeitada por 24 votos a favor, 45 votos en contra e 1 abstención*. (Páx. 142.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 143.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar a súa política de apoio á actividade artística e creativa galega: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención*. (Páx. 144.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos a esta etapa educativa: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican inasistencia a esta sesión plenaria as deputadas dona Ana Belén Pontón Mondelo, dona Lara Méndez López, don José Ramón Gómez Besteiro e don José Alberto Pazos Couñago.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de varios deputados/as

O señor PRESIDENTE: O punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas e dos novos deputados, en concreto de don Jesús María Fernández Rosende, don Pablo Javier Prieto Perille, don Ángel Rodríguez Conde, don Manuel Santos Costa, dona Katherinie Varela Fernández, dona Cecilia Vázquez Suárez e don Miguel Ángel Viso Diéguez. E todo iso farémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo que procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía ás novas deputadas e aos novos deputados. Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégolles que respondan desde o escano á pregunta que lles vou formular.

Don Jesús María Fernández Rosende, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor FERNÁNDEZ ROSENDE: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Pablo Javier Prieto Perille, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor PRIETO PERILLE: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Ángel Rodríguez Conde, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor RODRÍGUEZ CONDE: Si, xuro.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Manuel Santos Costa, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor SANTOS COSTA: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Katherinie Varela Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VARELA FERNÁNDEZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Cecilia Vázquez Suárez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Miguel Ángel Viso Diéguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputados do Parlamento de Galicia. Benvidos. *(Aplausos.)*

E agora continuamos coa orde do día. Punto primeiro.

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez. Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente do Parlamento, señoras e señores deputados, moi bos días a todos e a todas.

Comparezo hoxe nesta Cámara por primeira vez, por petición propia, con orgullo e responsabilidade a partes iguais. Acostuma dicirse que chegar a ser alcalde é a maior honra que



pode ter un político. Seguro que moitos de vostedes poden dar conta diso. Para min foi a mellor honra que puideren ter representar os veciños e as veciñas de Guntín tanto no plano profesional e no plano político como, por suposto, no plano persoal. *(Aplausos.)* Pero para min, que nacín, medrei e sigo vivindo no medio rural, ademais de concibilo como unha parte esencial da miña vida, poder defender cada día os seus intereses, facer achegas a prol da calidade de vida das súas xentes, constitúe un dos maiores retos que desexo afrontar, e fágoo coa máxima ilusión. *(Aplausos.)* Coincidirán comigo en que dar novos pasos no aproveitamento das potencialidades do campo galego é un proxecto ilusionante. Neste novo reto aplicarei aqueles valores que sempre me acompañaron na política municipal e na vida en xeral: esforzo, dedicación, compromiso e humildade.

Esta mañá veño a este Parlamento a expoñerlles aquelas liñas estratéxicas que marcarán o traballo dos próximos anos na Consellería do Medio Rural. E, como é lóxico, en Galicia non partimos dunha folla en branco, temos os deberes feitos en moitos dos eidos que compoñen o noso sector primario. Sei que ao longo destes anos atoparemos puntos onde estaremos en desacordo, propios do debate político, pero hoxe, dende esta tribuna na que me estreo, píddlles aos grupos da oposición que naquelas cuestións tractoras para o futuro de Galicia poñamos chegar a consensos.

Galicia é eminentemente rural e todos, en definitiva, somos rurais, aínda vivindo en cidades, porque todos podemos contribuír a facer máis rural, especialmente cada vez que enchamos a nosa despensa cos nosos produtos de calidade. Non só o produtor impulsa o dinamismo económico do noso rural, tamén o fai o consumidor dende a súa casa cando merca galega 100 por cento, produto de quilómetro cero, produtos con selo de calidade diferenciada; e anúnciollles que en breve contaremos coa marca Leite de pastoreo de Galicia. *(Aplausos.)*

O obxectivo desta consellería tamén será, por tanto, conseguir que os galegos e as galegas se sintan orgullosos e presuman dos éxitos da Galicia rural, sen querer ser máis ca ninguén pero tampouco menos. Antes de determe nos pasos que daremos no horizonte dos próximos tempos dende esta consellería, si que me gustaría poñer en valor o contexto que avala o que acabo de manifestar, é dicir, os éxitos da nosa benquerida Galicia rural; seguro que son cuestións de sobra coñecidas polas súas señorías.

Galicia posúe un sector forestal sólido e valioso. A riqueza do bosque galego está cifrada en máis de 43.000 millóns de euros, dos cales 17.700 corresponden a frondosas caducifolias. A nosa Comunidade está no podio de produción de carne, tanto de vacún como avícola ou porcina, un eido no que seguiremos avanzando a través da Estratexia do sector cárnico galego. Os nosos gandeiros producen máis do 40 por cento do leite de toda España; nesta esquina están, de feito, preto do 70 por cento dos produtores nacionais; falamos dun sector que xera un volume de ingresos de máis de 1.500 millóns de euros anuais. E en canto aos viños galegos con denominación de orixe, consolidaron a súa posición de liderado en prezos de venda no mercado nacional, tanto na canle da hostalería como na da alimentación. Somos a comunidade con maior número de viticultores, un eido que, ao igual que os demais, axuda a loitar contra o abandono da terra e crea riqueza, que supón un 1,4 por cento do PIB galego. E por non estenderme moito máis, finalizo esta pequena referencia contextual apuntando que a horta é a terceira produción máis importante do noso agro.



O proxecto que hoxe lles presento parte deste contexto, certamente favorable, e aséntase en tres piares, que son en parte realidades e retos a conseguir ao mesmo tempo. Un proxecto con vocación de actualizarse e adaptarse ás necesidades dos diferentes sectores, que son cambiantes e, segundo sexa preciso, así o faremos. Deste xeito, nos vindeiros anos traballaremos por un rural produtivo e coidado, un rural sinónimo de calidade e de innovación e un rural con moito futuro; un futuro que non só se cingue en favorecer a incorporación de xente moza, senón que parte dunha mirada transversal; as palabras rendibilidade, modernización, dinamización territorial e calidade de vida adquiren todo o protagonismo. A Administración debe ser facilitadora e por iso un dos nosos primeiros compromisos será poñer en marcha un novidoso plan de formación, asesoramento e titorización que traballe directamente en afianzar este futuro.

Como dicía, varias das medidas levadas a cabo ata o de agora contribúen a facer xa esta carta de presentación do rural galego baseada nos tres piares que acabo de comentar. Por tanto, o meu propósito como conselleira será o de apuntalar aquelas que teñen demostrado a súa utilidade e sumar outras novas que amplíen as ferramentas que constrúen e aseguran a viabilidade futura destes tres piares. Non lles vou propoñer ningún invento, o que propoño é traballar con seriedade e sentidiño —ese sentidiño que caracteriza os galegos—, achegando certezas ao noso campo e non inseguridades.

En primeiro lugar, propoño traballar por un rural produtivo e coidado, porque será traballar a prol tamén do reto demográfico. Coido que estamos todos de acordo se digo que a cor que mellor caracteriza a paisaxe galega é a verde: o verde dos nosos prados traballados, o verde tamén dos nosos bosques, que supoñen case un millón e medio de hectáreas. Quero recalcar que o 22 por cento do valor produtivo da superficie forestal de España está en territorio galego.

Galicia é rica e diversa; por iso non funcionan os plantexamentos únicos e absolutos, senón as medidas adaptadas ás realidades concretas de cada zona. Precisamente ese é o sentir do Plan forestal de Galicia, co que buscamos ordenar e xestionar o noso monte, iso si, dende o máximo respecto á propiedade. (*Aplausos.*) Hai que ter en consideración que case o 98 por cento dese monte está en mans privadas, ben sexa de montes veciñais en man común ou de particulares. En todo caso, e en desenvolvemento deste plan, estamos poñendo en marcha instrumentos que camiñan cara á produtividade, diversificación e valorización do monte; por exemplo, a través do Inventario forestal continuo de Galicia, en constante actualización, e hoxe sabemos mellor que tipo de monte temos, o que nos permite traballar de xeito minucioso na súa planificación.

De xeito moi estreito co inventario traballará o novo Mapa de usos agroforestais de Galicia, cuxa aprobación e publicación lles adianto que prevemos que se faga este mesmo ano. Este mapa ofrécenos unha foto exacta dos usos dos diferentes terreos e servirá de base e referencia para a planificación das actuacións a desenvolver por parte de entidades tanto públicas como privadas, permitindo elaborar os catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais. Ademais, terá asociado o desenvolvemento dun visor web, dispoñible para o público en xeral, de moita utilidade para esa planificación e investigación a futuro.



Así mesmo, de cara a promover ese rural produtivo e coidado do que falamos, estamos formulando o Plan estratéxico de fomento e xestión das masas de coníferas en Galicia, en colaboración coas universidades de Santiago e Vigo. O fin é promover a súa xestión sostible, considerando aspectos económicos, ambientais e de sustentabilidade social. Por primeira vez na nosa historia temos unha estratexia para a xestión activa das masas de frondosas, recentemente aprobada polo Consello da Xunta, cun horizonte a longo prazo, que vai ata o ano 2040. Falar dos obxectivos deste documento daría para encher a comparecencia; ímolo resumir en ordenación forestal, mellora xenética, novos aproveitamentos da madeira e protección do territorio. Ideas que tamén se poden aplicar para o programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña, co que buscamos recuperar importante superficies de soutos tradicionais, que tanto valor cultural e ambiental teñen, así como fomentar novas plantacións de froito con variedades autóctonas de gran valor comercial. O obxectivo é claro: consolidar Galicia como a principal comunidade autónoma de exportación de castañas de toda España. *(Aplausos.)*

No marco deste programa situamos as axudas para o fomento de plantacións de castiñeiro, convocatoria que agora mesmo ten o prazo aberto, e tamén o Plan piloto de xestión conxunta de soutos, integrado actualmente por sete soutos, nos que levamos actuado activamente na súa conservación e saneamento.

Precisamente ese plan piloto está estreitamente ligado co desenvolvemento das agrupacións forestais de xestión conxunta. Como saben, esta figura é unha das liñas estratéxicas marcadas no Plan forestal de Galicia, na Lei de montes e na Lei de recuperación de terra agraria.

Cinco das agrupacións xa coñecidas son asociacións sen ánimo de lucro que xorden directamente da iniciativa dos propietarios dos soutos. Estou falando das do Incio, Paradela, Parada de Sil e dúas no Bolo. Este feito anímanos a seguir apostando por este tipo de ferramentas que contribúen a ter o noso rural produtivo e facelo tamén atractivo para as xeracións máis novas.

Falaba ao comezo da necesaria convivencia entre a planificación, a ordenación forestal e o respecto á propiedade.

Cómpre salientar que dentro da propiedade privada do noso monte case o 33 por cento é de montes veciñais en man común. É vontade de todos os axentes implicados actualizar esa lei, que ten máis de trinta anos. Seguimos as propostas xurdidas do propio libro branco presentado e valorado polo Consello Forestal. E é vontade desta consellería, e así o asumimos como un obxectivo desta lexislatura, que neste 2024 —podo avanzarlles— presentaremos ese anteproxecto de lei.

Un rural produtivo e coidado é un cortalume natural. Cando falamos da xestión, da prevención e da loita contra os incendios forestais, dende a Consellería do Medio Rural sempre atoparán a nosa man tendida cando as súas señorías propoñan accións concretas e realistas. Nunca nos atoparán na estratexia da alarma nin da confusión da opinión pública.

O Pladiga, como ben saben, está vixente todo o ano e cada exercicio incorpóranse as actualizacións pertinentes. O documento actualizado elévase cada exercicio ao Consello Forestal



para o seu coñecemento e, unha vez oído este órgano, apróbase definitivamente polo Consello da Xunta. Sempre se aproba antes da temporada de alto risco, que, como vostedes ben saben, dá comezo o 1 de xullo. Por tanto, este ano, como os anteriores, o Goberno galego cumpre, cumpre co marcado pola normativa.

Do mesmo xeito, trabállase ao longo de todo o ano nos catro plans que conforman o Pladiga: na prevención, na detección, disuasión e investigación, na formación e, por suposto, na extinción. Cun tema tan sensible como os incendios forestais a rigorosidade e a seriedade serán sempre as nosas máximas. *(Aplausos.)*

Rigorosidade e seriedade na prevención. O plan preventivo, dotado con máis de 41 millóns de euros, un 6 por cento máis que o período anterior, incorpora por primeira vez o emprego de rabaños de gando contra o lume. Farémolo con medios propios, a través dun plan piloto, no que se fará especial fincapé nas razas autóctonas e tamén apoiando con axudas os gandeiros.

Rigorosidade e seriedade para cos profesionais. A Xunta conta con 3.000 efectivos, cuxa estabilidade laboral se reforza ano tras ano. Dous terzos xa traballan ao longo dos doce meses e un terzo farano este ano un mes máis con respecto ao ano pasado, co obxectivo de chegar ata os nove meses en 2026.

Xa o dixen fóra desta Cámara e non me cansarei de repetilo: temos un servizo de profesionais e de operativa técnica e tecnolóxica sobre o terreo que é a envexa de toda España; *(Aplausos.)* e non só en toda España, senón tamén a nivel internacional. E quero dende esta tribuna felicitar a todo o operativo por ese excelente traballo que fan ano tras ano na defensa do noso monte. *(Aplausos.)*

A ese grande equipo desas 3.000 persoas súmaselles, como é lóxico, o persoal específico doutras administracións e corpos, así como aqueloutro vinculado a emerxencias que se mobiliza ante unha extinción ao longo de todo o verán. Falamos, por tanto, dun operativo de máis de 7.000 persoas.

E tamén nos atoparán na rigorosidade e seriedade con datos. Por citar algúns: máis cámaras de videovixilancia, ata as 177, para controlar o 85 por cento do territorio; adquisición de novas máquinas polivalentes, que serven tanto para a prevención como para a extinción; esta creación da nova base aérea en Verín-Oímbra; a construción de 44 puntos novos de auga, que se suman aos 4.800 actuais; e case que 380 motobombas e arredor de 30 medios aéreos.

A maiores, hoxe gustaríame avanzarlles dous compromisos neste reto conxunto como sociedade que é protexer o noso monte dos lumes. A partir do ano que vén crearemos 50 novas áreas cortalume, que abarcarán 5.000 hectáreas de superficie. E é a nosa vontade traer canto antes a esta Cámara a Lei de loita integral contra os incendios forestais. Agardo sinceramente o apoio da oposición para estes dous textos legais que lles acabo de mencionar: a actualización da normativa de incendios e a de montes veciñais en man común. Porque será bo para Galicia e, especialmente, para o noso rural.



Ese rural produtivo e coidado do que estamos falando reflíctese tamén en cada hectárea de terra mobilizada. Xa lles anuncio que unha das prioridades desta consellería será axilizar ao máximo os diferentes procesos abertos de concentracións e reestruturacións parcelarias, algo altamente demandado polos galegos e galegas. Neste momento temos mobilizadas case 100.000 hectáreas e 80.000 propietarios. Non somos alleos ás necesidades da terra agraria que existen en determinadas zonas, especialmente nas comarcas de máis carga gandeira de leite. Poder ter máis terra é sinónimo de crecemento, tamén de diversificación de cultivo, de facilidade de manexo de maquinaria e, sobre todo, de redución de custos de produción.

Seguiremos a traballar con toda intensidade en pechar os procesos de concentración abertos, e por cada unha que peche abriremos unha nova. (*Aplausos.*) Sabemos e somos conscientes da demanda existentes e seguiremos a investir fondos en mobilizar terra agraria.

Así mesmo, neste obxectivo de mobilizar máis terra para poñela á disposición dos produtores, empregaremos todos os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria. Polígonos agroforestais, como os de Cualedro ou Oímbra, que en breve sairán a concorrència pública, cun total de superficie mobilizada de case 10.000 hectáreas. Aldeas modelo, pensadas para o desenvolvemento de proxectos sostibles no tempo, de pequenos produtores e con vocación de asentamento no territorio; temos 21 aldeas e preto de 600 hectáreas mobilizadas arredor delas. E, por suposto, seguiremos coas permutas de especial interese agrario, nas que xa temos casos de éxito; dende o Goberno galego apoiaremos decididamente esta ferramenta, porque ten demostrado a súa utilidade e, sobre todo, axilidade para mobilizar terra agraria e poñela á disposición dos nosos gandeiros; xa temos 150 hectáreas mobilizadas en dúas parroquias de Friol e nesa contorna estanse a desenvolver varios proxectos. (*Aplausos.*)

Todas estas ferramentas, xunto co Banco de Terras e as concentracións por suposto, deben traballar baixo un mesmo paraugas: ser útiles; útiles non só para coidar e protexer o noso rural, senón tamén para loitar contra o abandono, que tamén, pero, sobre todo, ser útiles aos nosos produtores, aos nosos veciños e veciñas para o seu traballo no día a día.

Dende a Consellería do Medio Rural tamén queremos ser útiles aos concellos, como non pode ser doutra maneira. Así que impulsaremos un plan de infraestruturas rurais. A este obxectivo responde, sen ir máis lonxe, a nova liña de axudas de 6 millóns de euros para rehabilitar os camiños en zonas de concentración e reestruturación parcelaria xa rematadas. E tamén responden todas aquelas actuacións que dende este departamento poñemos á disposición dos concellos, algo que queremos reforzar en próximos exercicios. Tal é o caso do Plan marco de mellora de camiños, dotado este ano con máis de 19 millóns de euros ou o Plan de infraestruturas rurais, no que se mobilizarán 4 millóns de euros. Todo isto para que transcorrer e circular polo noso rural sexa máis doado para os nosos veciños e veciñas.

Este apoio aos concellos é de suma importancia para esta consellería. Achegar os servizos aos cidadáns, facilitar trámites e intentar solucionar as súas dúbidas seguirá sendo unha prioridade.

Neste eido temos 68 oficinas rurais espalladas por toda Galicia, que seguiremos modernizando dentro do Plan de melloras de infraestruturas, con 20,4 millóns de euros ata o ano



2026, e que prestan todas estas un servizo esencial para o noso sector agrogandeiro. Para min é unha prioridade vitalas, falar co persoal que traballa nelas e atender as súas demandas.

Un dos investimentos máis relevantes neste eido que estamos acometendo é en Lalín coa construción dun novo edificio que aglutinará varios servizos rurais para toda a comarca do Deza.

Como complemento, temos a Oficina Rural Móbil, que, como o seu nome indica, achégase a aquelas zonas onde hai máis dificultades para acceder á prestación de servizos públicos. Tamén é un recurso de grande utilidade para impartir formación e para dar apoio a esas feiras tradicionais tan típicas no noso territorio.

Neste 2024 tamén arrancou o matadoiro móbil, un exemplo de servizo de proximidade e de resposta ás necesidades de zonas moi concretas, especialmente de explotacións de ovino, cabrún e porcino, pero non por iso menos importantes; un servizo pioneiro en España que xa suscitou interese noutras comunidades autónomas e mesmo no país veciño de Portugal.

Comentábao ao inicio: Galicia é diversa e precisa de respostas adecuadas a cada contexto, a cada zona, a cada sector. Baixo estes parámetros, o segundo dos nosos piares será traballar por un rural sinónimo de calidade e innovación.

Como consumidores, moitas veces pensamos que a calidade é o resultado final, pero a calidade é o comezo de todo, é a causa do éxito. Constitúe, como é sabido, un factor inseparable de todo o proceso produtivo. Producir calidade é facer as cousas con mimo, como fan os nosos produtores agrogandeiros. Dende o Goberno galego apoiamos ese bo facer de diferentes maneiras, sen deixar ninguén atrás e reivindicando o propio.

Facilitamos axudas a todos os niveis: para as explotacións de leite, para as explotacións de carne, para a adquisición de maquinaria, viñedo, pasteiros ou apicultura, por citar algunhas. Respaldamos as razas autóctonas, prestando especial atención a aquelas en perigo de extinción, como son as que conservamos en Fontefiz.

Apostamos pola investigación, pola mellora xenética a través de entidades de referencia, como é Xenética Fontao ou os laboratorios de Mabegondo e Salcedo. En canto a Xenética Fontao, dicirlles que oito dos dez touros *top ten* de España son galegos. (*Aplausos.*)

E temos unha política clara, contundente e de referencia en toda España na sanidade animal e vexetal, unha política que en moitas ocasións botamos de menos por parte do ministerio. Tal é o caso do sucedido coa enfermidade hemorráxica epizoótica. Mentres Galicia se adiantou e foi unha das primeiras comunidades en facilitar indemnizacións por mortes de animais, que se levan pagando nos últimos meses, o ministro avanzou hai escasos días —e dende aquí lévaselle solicitado en reiteradas ocasións— financiamento para a prevención e desenvolvemento dunha vacina. En todo caso, Galicia seguirá traballando coa axuda da tecnoloxía. De feito, poñeremos en marcha un sistema de alertas sanitarias animais e vexetais baseado na intelixencia artificial e reforzaremos as axudas á sanidade animal.



Precisamente producir calidade non rifa coa modernización e a innovación; ao revés; o sector agrogandeiro galego é exemplo desa modernización, innovación e transformación. Estas palabras, que ata hai moito parecían exclusivas doutros ámbitos, hoxe son unha realidade no día a día das explotacións e das industrias. *(Aplausos.)*

As axudas para os plans de mellora das granxas seguiranse reforzando ano tras ano e adaptándoas ás novas necesidades, como se vén facendo de xeito habitual. De feito, o próximo ano incorporaremos nelas a posibilidade de poñer en marcha os denominados valados virtuais, ou, dito noutras palabras, sistemas que facilitan a xeolocalización e control do gando, algo moi relevante para eses rabaños de gando en extensivo.

A calidade vinculada á innovación ten o seu máximo expoñente na industria. Optar por transformar o produto é innegable que achega ese valor engadido e, por iso, dende o Goberno galego seguiremos apoiando esta transformación e comercialización dos produtos agrarios, especialmente no sector lácteo. Actualmente xa transformamos en Galicia o 63 por cento do noso leite, un dato impensable hai anos e acadado polo compromiso directo de moitas explotacións. O obxectivo, como marca a estratexia sectorial, é chegar ao 75 por cento canto antes. Neste eido á industria láctea mira Galicia como o futuro do sector lácteo español. *(Aplausos.)*

Do mesmo xeito, elaboraremos un novo documento para actualizar os obxectivos e marcar liñas de actuación a seguir en consonancia cos novos cambios e necesidades. Innovar tamén é abrir camiños a sectores de gran proxección, como é a horta, e seguiremos apoiando, a través da estratexia definida ata 2030, o da flor cortada e da planta ornamental, de gran potencial económico e dun gran dinamismo para Galicia.

Señorías, o que lles intento explicar, cando falo de calidade, é que todas as partes e procesos da cadea alimentaria nunca deben de perder de vista este emblema. Non sería xusto para os produtores galegos, pero tampouco o sería para a imaxe da nosa Comunidade. Tanto no mercado interior, no nacional, como no internacional, Galicia é coñecida por ese valor, un valor que nos afanamos en protexer, certificar e promocionar dende o Goberno galego a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

Neste ámbito, nesta lexislatura desenvolveremos dous órganos previstos na Lei da calidade alimentaria de Galicia, como son o Consello Alimentario de Galicia e o Consello Galego de Artesanía Alimentaria, dous órganos que axudarán a seguir promocionando e fomentando a calidade alimentaria nun momento propicio, pois o novo PEPAC permítenos financiar a realización de actividades promocionais no mercado galego, nacional e internacional.

Promocionar os diferentes produtos de calidade diferenciada significa apostar polo produto de proximidade, de quilómetro cero; significa tamén sustentabilidade ambiental e dinamismo económico. Por iso, seguiremos levando os nosos produtores, que son reflexo desa calidade, aos diferentes mercados e consumidores, poñendo especial acento no galego e ampliando a nosa rede territorial de difusión.

O noso compromiso, a maiores do que xa estamos facendo, é celebrar sete grandes feiras de promoción, unha en cada cidade galega, para que os propios galegos sexamos os mellores



embaixadores dos nosos produtos. Recoñecer a calidade intrínseca dos nosos produtos é un labor que é interesante que comece dende cativos, dende a familia, dende a escola. Por iso iniciativas como o Come local, na que neste curso xa participan medio cento de centros escolares de toda Galicia, son máis que necesarias. Ampliaremos sen lugar a dúbidas esta rede e intentaremos sumar máis tipoloxía de centros a ela, coa finalidade última de promover os hábitos saudables en todas as etapas da vida e por suposto promocionar os produtos locais.

Esta estratexia de promoción dos produtos con indicativo de calidade será ampliada e compartida polas propias agrupacións de produtores. Apoiaremos cunha liña de axudas específica para difundir e incentivar o consumo de produtos con denominación de orixe protexida, indicación xeográfica protexida, ecolóxicos ou aqueles produtos acollidos ao selo de artesanía alimentaria. E crearemos unha central de compras, que xa está en fase piloto na web Experiencias de calidade, para axudar os produtores na comercialización. Sabemos que moitos non teñen a capacidade suficiente para ter un medio propio de venda dos seus produtos, e, aínda téndoo, neste mercado *on line* pode actuar como un segundo apoio. Os compradores reciben todos os produtos da súa cesta de compra nunha única entrega e a facturación faise directamente de produtor e consumidor; a Xunta de Galicia é simplemente facilitadora. Canta máis difusión e máis coñecemento, mellor; canto máis coñecemento, máis oportunidades de mercar os produtos.

Un rural produtivo e coidado é un rural sinónimo de calidade e innovación e deriva en consecuencia nun rural con moito futuro. Neste terceiro piar traballaremos cun propósito moi claro e definido: conseguir unha maior remuda xeracional no sector primario. Se ben é certo que non é exclusivo deste sector a falta de relevo e de capital humano, somos conscientes de que todo o apoio é necesario para que a mocidade vexa no campo o seu modo de vida e o seu futuro, con dignidade e con orgullo. O empoderamento do medio rural é un factor esencial neste sentido. Na Xunta de Galicia terán sempre esa man amiga para acompañalos no proceso.

Son de sobra coñecidas as axudas á incorporación de mozos ao agro, que xa acumulan case 5.000 beneficiados. Deste xeito en 2024 tivemos un récord de solicitudes, con máis de 400, e neste 2024 por primeira vez sacamos unha nova liña de apoio para facilitar esa transición ao mundo rural para persoas de 41 a 55 anos, cun grande éxito, posto que se presentaron máis de 170 solicitudes. (*Aplausos.*)

A maiores deste acompañamento económico, que, sen dúbida, é fundamental para comezar nun ámbito que precisa dun importante esforzo de capital, hoxe poden avanzarlles o que lles dicía ao comezo desta comparecencia: que desenvolveremos un ambicioso plan de formación, asesoramento e titorización para afianzar este futuro. Traballaremos de xeito transversal con varios colectivos, coa mocidade que recibe as citadas axudas, así como coas persoas de nova incorporación, que por primeira vez neste ano 2024 van ter un titor ou titora á súa disposición para abrírlles camiño e resolver dúbidas; tamén con aqueles mozos e mozas que cursan estudos relacionados co mundo da gandería, da agricultura e do forestal.

Neste sentido afondarase nunha maior conexión coa realidade laboral, dende a parte práctica nos centros de formación e experimentación agraria propios desta consellería, como son o



de Guísamo, Sergude, Becerreá, Monforte, Ribadeo ou Lourizán. Así mesmo, reforzaremos a colaboración coa Consellería de Educación no caso daqueles centros con formación profesional vinculada ao mundo rural.

E, por último —e non por iso menos importante—, centraranse os esforzos no asesoramento, a capacitación continua dos diferentes profesionais. Nun mercado cada vez máis competitivo, a formación é a clave para avanzar ao mesmo ritmo que o fan noutras latitudes. Deste xeito, a través das oficinas rurais, tanto das físicas como da móbil, apostaremos inicialmente pola formación interna do persoal, para que despois sexan eles os que transmitan a información e asesoren o sector. E, como dicía con anterioridade, buscaremos sinerxias con outras consellerías, tamén coa Consellería de Emprego, para ampliar esa rede de potenciais traballadores para o campo, prestando especial atención a aqueles galegos retornados do exterior.

Falamos, en definitiva, dun plan de formación, asesoramento e titorización amplo, adaptado ás particularidades de cada zona e persoa, que nace con vocación de permanecer e medrar co paso do tempo, avalado tamén polas propias políticas europeas. Axudas para a incorporación, máis e mellor formación tamén, de cara a asegurar ese futuro.

Falamos tamén da activación do Banco de Explotacións, que, como saben, está incluído na Lei de recuperación da terra agraria. Ademais de contribuír á remuda xeracional, facilitando a venda ou o alugueiro de granxas, este novo servizo é unha aposta pola sustentabilidade, porque fomenta a recuperación de propiedades que na maior parte dos casos quedarían en desuso ou abandonadas, e tamén é unha ferramenta de desconcentración e diversificación económica, pois permite o asentamento de futuros produtores ou de produtores actuais que necesiten máis espazo en zonas vinculadas normalmente á base territorial propia.

Neste 2024 activaremos ese Banco de Explotacións. Conxuntamente co Banco de Terras e co novo servizo de asesoramento e acompañamento, o obxectivo é incrementar a incorporación de máis persoas ao noso agro e que sexa unha posibilidade moito máis inminente.

Nesta incorporación xoga tamén un papel fundamental a estabilidade, que ofrece ao sector a rendibilidade económica e dende logo a calidade de vida. Investir no rural sempre será un acerto; serao se todas as partes da cadea de valor traballan na mesma dirección, unidas e con diálogo.

A semana pasada, a propósito do sector leiteiro, solicitáballe persoalmente á Federación de Industrias Lácteas que non rebaixaran o prezo de cara aos próximos meses e reduzan ese diferencial que mantén o leite galego con respecto ao doutras comunidades autónomas. É de xustiza para os nosos produtores, cuxa calidade é incomparable. E tamén seguiremos exixindo ao ministerio que faga cumprir a Lei estatal da cadea alimentaria, para evitar prácticas que atenten contra a rendibilidade, o equilibrio ou a transparencia.

O certo e verdade é que —seguramente as súas señorías do Partido Socialista o saben ben— na mesa do ministro hai peticións enviada dende a Xunta de Galicia e baseadas nas demandas do sector. Nós fuximos das ocorrencias, pero non podemos ignoralas cando aparecen; a maior parte das veces vémonos abocados a solucionarlas. Tan só recordarei algunha.



Manifestámonos en contra —e seguímolo facendo— do real decreto que, entre outras cuestións, exige o rexistro de galiñeiros de autoconsumo. Solicitamos unha maior flexibilización do novo PEPAC. Galicia segue pedindo que se entenda que a cornixa cantábrica é diferente, (*Aplausos.*) en canto a solos, a clima e a dimensión das parcelas, e, por tanto, non se pode aplicar a mesma táboa rasa para todo o territorio español.

Isto é aínda máis palpable cando falamos dos ecorrécimes. Paréceme moi ridículo nun ano coma este, ano precisamente ben chuvioso, dicir cando imos cortar a herba ou cando imos plantar o millo. Pois ben, parece que en Madrid isto non o entenden ben.

Ante esta situación de incerteza e vaivéns, que non beneficia para nada o sector, o Goberno galego cumpre. Cumprimos recentemente, como non podía ser doutro xeito, cos pagos da PAC, adiantando a finais de maio o 100 por cento dos ecorrécimes e deixando só para este mes de xuño o importe das axudas agroambientais nas últimas porcentaxes vinculadas ás axudas directas. E no día de onte pagábanse tamén as axudas á tenreira galega e suprema.

Cumprimos tamén ao solicitarlle ao ministerio a destilación de crise, para poder regularizar os excedentes do viño ante unha situación sobrevida e puntual. Fixémolo tras escoitar o sector, especialmente a denominación de orixe Ribeira Sacra. E seguiremos cumprindo co noso medio rural en xeral, ofrecendo seguridade, garantías e incentivando a ilusión para emprender e quedarse no noso rural. (*Aplausos.*)

Con estes factores empezaba a miña intervención: un rural produtivo e coidado, un rural sinónimo de calidade de innovación e un rural máis atractivo e con moito futuro. Eses serán os lemas sempre na mente para traballar por e para o noso medio rural. (*Aplausos.*)

Máis nada, por agora. Moitas grazas e, por suposto, quedo á vosa disposición.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. Non formula a intervención.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Benvida, conselleira, á súa nova responsabilidade. O PSdeG deséxalle todos os éxitos, porque os seus éxitos serán os do rural galego e, entón, serán de todos os galegos e galegas. Benvida.

Mire, o Partido Popular leva anos intentando vender as súas lexislaturas como as lexislaturas do rural. De feito, presumía Feijóo da «lexislatura do rural» nunha lexislatura anterior e agora vostede di «unha Galicia máis rural». Sempre fan proclamas electorais, diso en xeral



vive a Xunta. A pesar dos seus lemas, a realidade galega vai, desde hai moitos anos, por outros camiños, ante a falta dun proxecto sólido e solvente de políticas eficientes.

Por iso nos urxe rescatar o rural da despoboación, da carencia de servizos e da falta de oportunidades económicas. Porque, ante a súa falta de modelo de desenvolvemento e ante os escasos resultados das accións acometidas ata o de agora —algo que o propio presidente Rueda admite ao cambiar o organigrama da consellería, tanto o organigrama como os cargos, tanto a conselleira, neste caso, como os que dirixen a Agacal ou a Agader e moitos outros cambios; falaremos do Xera—, urxe a modernización dos sectores do rural e unha aposta decidida por aplicar estratexias transversais que permitan unha maior cohesión económica, social e territorial, co fin de que a cidadanía poida vivir do rural e no rural; e ademais vivir ben, señora conselleira. De que no rural se viva ben depende o benestar do resto da cidadanía galega, porque ter un presente e un futuro con calidade ambiental e alimentaria dependerá dunha boa xestión destes territorios. Nembargantes, non cesa o éxodo ás cidades da mocidade, que logo non regresa polas malas comunicacións físicas e dixitais, as carencias laborais e os problemas para acceder a unha educación e unha sanidade próxima e de calidade; dificultades —entre outras— que obstaculizan que poidan establecerse no rural en canto queren formar unha familia.

Nos últimos anos perdemos máis de doce mil explotacións gandeiras, especialmente as de produción de carne e leite, sen esquecer que os gandeiros e gandeiras galegos seguen a ser os peor retribuídos do país pola venda de leite. E se preocupante é a perda de explotacións gandeiras, aínda o é máis das explotacións agrarias, onde pecharon máis do vinte e tres por cento e as que se manteñen fano perdendo cartos polas diferenzas entre os custos de produción e de venda.

Galicia ten a posibilidade de ser un referente na produción alimentaria en España e en Europa, se loitamos contra o abandono e a desertización das terras. Para iso céntrese, señora conselleira, en conseguir a mobilidade das 40.000 hectáreas de concentración parcelaria que actualmente están sen actividade. Empecen por aí. É o máis sinxelo e o que maior impacto positivo e inmediato terá no sector agrario.

En canto ao sector forestal, Galicia necesita dun plan estratéxico real, que permita xerar máis riqueza e valor. Pero non a través de máis celulosa, señores do PP, senón fomentando a bioeconomía, a economía circular, como o uso da madeira para a construción de edificios en altura, que será clave para a creación de cidades máis sustentables pola capacidade da madeira de absorber CO₂, ao mesmo tempo que diminúen as toneladas de CO₂ que se emiten á atmosfera.

Tivo que ser unha administración local como o Concello de Lugo, cun Goberno socialista á fronte —sendo a alcaldesa Lara Méndez, a miña compañeira que hoxe non pode asistir por cuestións de saúde— quen potenciou a investigación neste campo, xunto á Universidade de Lugo. Por certo, a Xunta ocúpase máis ben pouco desta universidade, pero iso vai para outro conselleiro. Foi a pioneira en construír instalacións municipais con madeiras de CLT —a madeira laminada cruzada— como elemento estrutural. Outros países lévannos a dianteira, pero Galicia pode ser unha peza fundamental en España e en Europa grazas á súa produción



madeireira. ¿Sabem cal foi a reacción do Partido Popular en Lugo fronte a estas políticas municipais? Vostede sabeo porque é de Lugo. Pois foi a crítica permanente. E, ¿sabem cal foi a reacción fóra de Europa sobre esta cuestión? A de pór Lugo como exemplo a seguir na construción en cidades de tamaño medio. Esa é a diferenza.

Pero, lonxe de articular unha política forestal acorde coa realidade que necesita Galicia —aproveitando as oportunidades xa neste mesmo e curto novo mandato—, tiveron que dar marcha atrás no seu intento de suprimir a Axencia Galega da Industria Forestal pola presión política e do sector. Pero, aínda así, deslígana do rural para mantela na Consellería de Economía. É así, conselleira. Nun primeiro momento, Rueda expón que se suprime a Axencia Galega da Industria Forestal. O Grupo Parlamentario Socialista fixo iniciativas nesta cuestión, tamén o sector mostrou o seu malestar. Despois explicaban que non desaparecía, que ían constituír unha dirección xeral ligada á Economía. E despois, pola presión política do sector, Rueda emendou o seu propio organigrama un mes despois e dixo que si, que mantiña a Axencia Galega da Industria Forestal, pero unida a Economía. O Partido Socialista de Galicia entende que esta axencia debe estar ligada á súa consellería para pechar o ciclo da industria da madeira. E vostede creo que estaría de acordo con nós, pero, obviamente, non é unha decisión súa, senón unha decisión do propio presidente.

Lamentablemente, non estou a dicir nada que vostedes non saiban, porque só hai que percorrer as zonas rurais de Galicia para percibir como estamos a desaproveitar as oportunidades de ouro que ten a nosa comunidade para presumir dun rural forte e produtivo que garanta a soberanía alimentaria, cree riqueza e que sexa sustentable no medio ambiente e proporcione servizos de calidade.

Pero vostedes prefiren xogar coa cidadanía, porque parten de discursos próximos á extrema dereita pensando en acadar máis votos confrontando o futuro do agro galego coa loita contra o cambio climático e culpando as exixencias ambientais da Unión Europea da actual situación da agricultura e gandaría galegas, ocultando así a falta de estratexia no rural e que as grandes melloras están a vir da man dos fondos europeos; por certo, conseguidos por un Goberno socialista e que vostedes son incapaces de xestionar. E aí está o exemplo da exclusión de trescentas explotacións das axudas europeas o pasado ano, debido a un erro de previsión orzamentaria do Goberno galego, que só reservou 3,18 millóns de euros cando precisaba 5,6 millóns, segundo denunciaba a propia Plataforma de Produtores e Produtoras de Ecolóxico de Galicia.

Xunto a esta confrontación permanente, utilizan unha dobre vara de medir. Por unha banda, utilizan o ecoloxismo como arma electoral, pero por outra é certo que o presidente Rueda di que vai garantir que a loita contra o cambio climático sexa unha prioridade na súa acción de goberno. Deixen de buscar inimigos permanentes nas políticas nacionais e nas políticas europeas; porque acadarán votos, pero non mellorarán a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Estamos de acordo en que as normativas europeas deben adaptarse á realidade das comunidades porque, evidentemente, son normas que se desenvolven para moitos países. Pero aporten vostedes en positivo. Pelexamos en Europa para rebaixar a burocracia da PAC. Avan-



zamos niso e teremos que seguir pedindo máis melloras. Pero dende a Xunta xogan ao populismo fácil, en vez de axudar nas tramitacións; convertendo, por exemplo, unha sinxela solicitude de rexistro de galiñeiros de autoconsumo nun procedemento de persecución desta práctica tradicional, onde ata forzaron as tendas agrarias de Galicia a negar a venda de aves de autoconsumo a particulares que non estiveran de alta nun simple rexistro administrativo, que nada ten que ver con prohibir a venda de animais de autoconsumo nun procedemento de dubidosa base legal. E desa PAC europea á que tanto deostan e atacan tamén saíron o 75 por cento dos fondos que vostedes están a utilizar para profesionalizar as explotacións agrogandeiras. Polo que, insisto, aporten en positivo e deixen de confrontar.

Pídlles que nesta nova lexislatura a Xunta de Galicia cambie esa actitude con vostede, señora conselleira, e sume con outras administracións e co resto de forzas políticas. Sexan xenerosos polo ben dos e das galegas.

E vén vostede, ademais...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...como dicía —si, xa termino—, de ser alcaldesa no rural de Lugo cunha explotación, polo que non é allea a esta realidade, por suposto. Desta maneira, cando falaba sobre os incendios forestais teño que dicirlle que cando dicía que «vai no ADN de Galicia» sacaba vostede o foco sobre a responsabilidade da Xunta nos incendios en non actuar sobre os problemas máis estruturais, como o do despoboamento do rural e o cambio climático. É certo que o señor Rueda rectificou esas declaracións. Son declaracións pouco afortunadas, porque a maior prevención do lume...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...é o rural vivo, activo e en produción.

Nada máis na miña primeira quenda. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten agora a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Ola, bo día.

Señor presidente. Señoras deputadas, señores deputados.

Señora conselleira, vostede sabe que son da Fonsagrada; sabe que levo vinte anos traballando como enxeñeiro na Oficina Rural de Viana do Bolo; sabe que fun alcalde deste marabilloso concello. Vostede saberá que á xente do rural galego, ás veciñas e veciños, gústalles saber. Darase conta de que, para saber, hai que preguntar. E saberá que as persoas do rural non teñen ningún problema en preguntar. Pois, entón, unhas preguntíñas do BNG, en nome de todas as mulleres e homes que viven no rural.



Señora conselleira, ¿está de acordo coa instalación da macrocelulosa de Altri que promove o seu xefe? ¿Como valora as repercusións que ten o proxecto no sector agrogandeiro? ¿Que lle parecería que lle desen 250 millóns de euros de fondos públicos como pide o Partido Popular? ¿Como valora que a Altri lle pretendan dar medio millón de euros por posto de traballo e dende a Consellería do Medio Rural axuden con trinta mil euros unha persoa moza que se incorpore ao sector agrogandeiro? (Aplausos.)

Por esta lóxica, ¿non considera que unha moza ou mozo debe ter unha axuda de medio millón por incorporarse ao sector?

¿Impórtalle o proceso de forte incremento de superficie dedicado ao eucalipto que traerá consigo? Por certo, señora conselleira, ¿como valora que a superficie de eucalipto pasara de 287.000 hectáreas no ano 2019 a 410.000 hectáreas no ano 2022? ¿É ese o seu modelo para as producións no rural? ¿Vaise prorrogar a moratoria de plantación do eucalipto que remata no ano 2025?

¿Que lle parece que no último decenio no que vostedes, o Partido Popular, están gobernando se perderan máis de 50.000 hectáreas de superficie agraria útil? ¿Que opinión lle merece que a superficie agraria útil de Galicia sexa o 20 por cento, mentres que no Estado español é do 47 por cento?

E a Lei de recuperación da terra agraria de Galiza do ano 2021, ¿que pretende facer con ela? ¿Segue mantendo que se van mobilizar 150.000 hectáreas con destino ao sector agrario?

As aldeas modelo, unha das grandes apostas do Consello anterior, aprobadas 21,600 hectáreas, ¿parécelle a solución? ¿Realmente pensa que se soluciona o abandono ou son elementos propagandísticos da Consellería e dalgúns alcaldes do seu partido, sobre todo en Ourense? (Aplausos.)

E dos polígonos agroforestais, con trinta e catro solicitudes en curso, ¿que conclusión saca?

¿Como explican que os principais elementos de recuperación de terras agrarias que utilizaron vostedes van actuar en menos de 7.000 hectáreas en tres anos de vixencia da lei? ¿Por que non se actúa con máis determinación e con máis fondos na recuperación de terras, tendo en conta que deixaron sen executar 150 millóns de euros? Dado o ritmo de recuperación de terras agrarias, ¿parécelle adecuado á señora conselleira facer promesas a cen anos vista?

En definitiva, ¿defende que poidamos producir alimentos nestas terras que están abandonadas ou é posturo?

E se falamos das concentracións parcelarias, ¿pretenden seguir con este modelo de reestruturación da propiedade? ¿Van rematar as que están comezadas ou van seguir así anos e anos co conseguinte prexuízo económico para os propietarios e as expropiacións agrarias galegas?

¿Que solución lles van dar aos problemas do regadío da Limia? ¿E aos problemas de regadío de Monforte?



En resumo, ¿considera que debera ir cara a unha ordenación do noso rural ou hai que seguir coas políticas de abandono coas consecuencias de despoboamento?

¿Pretende seguir con esta política de terreo barato para os grandes negocios enerxéticos, investimento eólico, mineiros?

Seguimos. ¿Parécelle adecuado que haxa grandes superficies de monte abandonado e que poida ser pasto das lapas? ¿Que opina da multifuncionalidade do monte? ¿Que opina da previsible carencia de piñeiro para a nosa industria nun futuro próximo? ¿Preocúpanlle os incendios forestais? ¿Segue pensando que «as galegas e os galegos levamos o lume no ADN»?

¿Por que non se inviste máis en prevención? ¿Por que non están os nosos montes ordenados, producindo madeiras de calidade, limpos, con cortalumes adecuados e producindo bens para a sociedade e tamén para os propietarios? ¿Vai sacar do armario o proxecto de lei contra incendios forestais, paralizado dende o ano 2021? ¿Por que o Pladiga só lle dá importancia ao apartado de extinción, obviando practicamente o resto da política contra incendios, en particular a prevención?

¿Que lle parece, señora conselleira, a decisión do seu xefe, o señor Rueda, de quitarlle as competencias en Xera?

¿Está de acordo co traspaso de competencias do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán á Consellería de Industria? ¿Considera adecuado que toda a investigación de silvicultura, mellora xenética, ecosistemas forestais e produtos forestais non-madeirables pase a depender da Consellería de Industria?

Señora conselleira, ¿vai seguir co abandono dos centros de investigación como o CIAM de Mabegondo, Evega ou Lafiga?

¿Por que non hai plan de formación ao agro galego no ano 2024? ¿Como van realizar as persoas solicitantes a formación exixible pola propia consellería, como, por exemplo, o curso de benestar animal ou de manipulador de produtos fitosanitarios?

Señora conselleira, ¿por que se boicotea aos gandeiros e ás gandeiras da IXP Ternera Gallega que queren producir con base en pasto? ¿Por que se modifica o regulamento para obrígalos a acortellar os becerros e alimentalos con pensos? ¿Que intereses defende a Consellería?

E se falamos da PAC, ¿defende as especificidades galegas ou as da grande agroindustria? ¿Defende que se cobre por activos agrarios? ¿Defende as nosas explotacións tradicionais, que vertebran o territorio, ou esas macrogranxas, que crean problemas ambientais?

¿Vostede cobra puntualmente? ¿Vai seguir pagando con atraso de meses as axudas aos titulares das nosas explotacións? ¿Por que non abren as liñas agroambientais no ano 2024? ¿Por que as mozas e mozos que queren comezar cunha explotación non poden solicitar e cobrar estas axudas tan importantes para a viabilidade das súas explotacións?



¿Sabe vostede que temos unha porcentaxe de superficie en ecolóxico inferior ao 10 por cento cando a Unión Europea pretende que se chegue ao 25 por cento? ¿Por que unha explotación que queira converterse ao ecolóxico no ano 2024 non pode pedir as axudas ao ecolóxico?

¿Por que a liña de axudas de extensificación de prados, a máis solicitada das explotacións de vacún de carne, sufriu un gran recorte? ¿Por que as mellores explotacións de vacún, as que permanecen nas nosas parroquias, que as manteñen vivas, son tratadas desta maneira?

¿Sabe vostede que un dos graves problemas que teñen as nosas explotacións é a burocracia? Entón, ¿por que non permite que fagan as xestións de forma presencial nas oficinas agrarias? ¿Por que teñen que facer obrigatoriamente todas esas xestións de forma telemática? ¿Non lle parece a vostede, señora conselleira, que esta obriga é unha privatización encuberta da administración?

Se falamos das producións do sector agrario, ¿que opina a señora conselleira de que se pecharan 365 granxas no ano 2023, unha diaria no sector leiteiro, que é a principal produción agraria de Galiza?

¿Que lle parece que o 55 por cento da ración das nosas vacas de leite veña do exterior, de materias primas adquiridas para convertelas en pensos? ¿Non lle parece que tendo tantas terras abandonas e con uso inadecuado non sería adecuado producir nós esas materias primas, principalmente os cereais?

¿Que opinión lle merece a baixada de prezos do leite aos nosos produtores e ás nosas produtoras? ¿Vai recuperar a Mesa do Leite e o Observatorio Lácteo?

Señora conselleira, ¿é consciente do grave problema que ten o viño tinto nas denominacións de orixe de Galiza? ¿Que medidas vai tomar? ¿Van facer campañas de promoción dos tintos galegos? ¿Vostede coñece a obriga de contratos homologados neste sector? ¿No Rexistro vitícola, dependente da Consellería do Medio Rural, van solucionar os erros que contén e que prexudican enormemente a viticultores e viticultoras? ¿Vaise convocar a Mesa do Viño para tratar todos estes problemas do sector?

¿Que ten que dicir da crise de prezos da carne en orixe? ¿Por que non aplican indemnizacións xustas e rápidas aos danos causados pola fauna salvaxe? ¿Vai solucionar os problemas que hai coas enfermidades EHE, lingua azul e tuberculose de declaración obrigatoria?

¿Coñece o problema, que para vostede será pequeno, que ten o sector ovino coa la? ¿Van arbitrar algunha medida para valorizar este produto ou para recollelo, xa que o consideran un residuo?

¿Coñece algo do sector apícola? ¿Sabe que é unha produción moi importante en determinadas áreas de montaña, sobre todo na parte oriental de Galiza? ¿Sabe que tamén fixa poboación no rural e que está pasando por un momento crítico? ¿Van facer algo en contacto co sector no relativo aos prezos, ás pragas como a *Vespa velutina* e demais problemas do sector? ¿Van facer algo para que na etiquetaxe do mel figure a súa orixe?



¿Ten pensado fomentar o consumo de produtos hortícolas de proximidade nos comedores públicos? ¿Vai potenciar as feiras e os mercados locais? ¿Ten pensado adoptar a compra pública de produtos locais para o seu consumo na restauración dependente da Administración da Xunta? ¿Ten pensado pór a obriga dun mínimo de produtos locais e ecolóxicos, adoptando a estratexia da Unión Europea «Da granxa á mesa»?

¿Considera vostede a castaña unha froita? ¿Pensa dedicarlle atención a estes ecosistemas de produción de froita ou vai pensar neles dende un punto de vista forestal?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ¿Dáse conta de que as liñas de investigación de Lourizán van na Consellería de Industria e as liñas de axuda para a plantación están en Montes, así como as medidas sanitarias da PAC no Fogga, e o produto final é unha froita? ¿Que organización é esta para unha froita tan importante para moitas comarcas interiores de Galiza?

Seguiría pero teño que ir rematando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

O señor CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Como é a miña primeira intervención nesta lexislatura, permítanme que empece agradecendo todo o apoio ás persoas que me permitiron que hoxe poida dirixirme a vostedes, especialmente a todos os apoios da provincia de Lugo, e que dea tamén a benvida aos novos deputados. Pero, moi especialmente, a benvida á nosa conselleira.

Efectivamente, unha consellería que leva unha materia estrutural en Galicia, e moi especialmente —teño que recoñecelo tamén— na provincia de Lugo. Empezou vostede a súa intervención como nos gusta traballar aos militantes, aos compañeiros do Partido Popular, cun proxecto que arranca en valores, e os que a coñecemos sabemos que ademais non falta á verdade: o esforzo, a dedicación, o compromiso e a humildade. E faino, señora conselleira, sempre ademais regando as súas raíces, que é sempre sen esquecer de onde vén e a que se debe. Moita sorte nesta nova responsabilidade. (*Aplausos.*)

E convidou ao consenso, explicando a folla de ruta e o que fixo. Vai ter vostede segundas intervencións e vai seguir explicando como sabe facelo.

Correspóndeme a min, dende logo, facer unha análise do que fixeron os representantes do resto das forzas políticas. E vou empezar polo Partido Socialista.



Señora Dacosta, que apunte vostede, representando ademais o proxecto do Partido Socialista, que un dos problemas polos que o galego ou galega non aposta polo sector primario é un problema de falta de infraestruturas, e que llelo digan aos de Lugo, pois hai que ter un enorme valor. *(Aplausos.)* Voulo dicir porque o apuntou en infraestruturas e en telecomunicacións, e deu no cravo. Infraestruturas, cando o Goberno de Sánchez, nomeadamente á nosa provincia, a está deixando a máis illada de Galicia, e case de España en telecomunicacións.

Señora Dacosta, o artigo 149.1.21 da Constitución claramente apunta tamén ao Goberno de Sánchez en materia de telecomunicacións. Entón, probablemente vostede non estaba chamada a facer esta intervención e colleuna un pouco despistada, pero non é un bo comezo porque nos fai centrar realmente a súa intervención, dicindo: dígame os consellos que pide, cando vostedes teñen responsabilidade e non o fan.

A maiores, efectivamente, se nalgún ámbito o Goberno de Pedro Sánchez fallou, pois foi realmente cos gandeiros e cos agricultores. Díxose dunha maneira moi clara sobre as negociacións da PAC. E tampouco llo dixo o Partido Popular, dixéronllo presidentes de comunidades autónomas como o de Asturias, que tivo que facer alianzas con Galicia para defender unha PAC que non pensara só no Mediterráneo. Entón, haberá grupos políticos que poderán aquí vir dar leccións, pero certamente o Partido Socialista, aos agricultores e gandeiros, non.

Podemos dar moitos datos: ¿quen era o ministro ao que os gandeiros de maneira máis rotunda protestaron probablemente na lexislatura da democracia? Ese ministro que empezaba cun *hashtag #menoscarnemasvida*, ¿coñéceno? Era o señor Garzón. Pois ese ministro foi nomeado por un presidente da súa cor política. Así que, aínda que lle agradezo o ton e sei que ademais fai aportacións desde a boa fe, hai que recoñecer que o Partido Socialista leccións na Consellería do Medio Rural ningunha. *(Aplausos.)*

E despois deámoslle a benvida ao señor Fernández, que despois de presentarnos o seu currículo —cousa que lle agradecemos— nos fixo un exame. Pero ¿saben iso de que cando fan duascenas cincuenta preguntas é porque realmente non queren que che contesten ningunha? Pois foi o que fixo, porque non lle importa. *(Aplausos.)*

Non lle importa porque para entender, primeiro, hai que atender. E o que quedou claro das múltiples preguntas que fixo —que a maioría delas xa estaban contestadas na intervención da conselleira— é que non atendeu. E se non atendeu, entón, non pode realmente coñecer as liñas estratéxicas. Pero é que ao mellor non as quería coñecer.

E fixo unha que, se mo permiten, si a vou contestar. Preguntoulle á señora conselleira se estaba de acordo co proxecto de Altri. E eu vou dicir unha cousa, señor Fernández: non sei se se deu conta, este domingo houbo eleccións. Houbo eleccións e os galegos e galegas en liberdade foron votar, e houbo un grupo político, especialmente o seu —o Partido Socialista neste tema depende do día e depende de a quen se lle pregunte: uns días está de acordo, outros días non lle gusta, outros días di que lle falta información—, pero vostedes foron claros, saíron despois das eleccións autonómicas absolutamente cun «non» rotundo. Ben, pois nese contexto, e dado que levaron a creación de emprego ao nivel de politización máis



alto que tivo a nosa comunidade autónoma, voulle dicir: os galegos e galegas de Palas e da comarca contestáronlle, e contestáronlle claramente «si a Altri». (*Aplausos.*)

Pero o realmente importante desta intervención é que a conselleira demostrou que coñece a nosa realidade, porque tamén, evidentemente, para defendela ten que coñecela. E ademais puxo enriba da mesa retos apaixonantes para traballar por un rural produtivo e coidado, por apostar pola calidade, por apostar pola innovación. E, por suposto, cre no futuro, cre no futuro do sector primario, cre no futuro do noso rural, porque para poder traballar por el, o primeiro —xa o teño dito moitas veces—, hai que crer nel. Se vostedes seguen pensando instalados —como dicía Neira Vilas aló por mediados do século pasado— que por ser un neno da aldea era un ninguén, pois están equivocados, porque hoxe temos un rural competitivo.

Evidentemente, ¿niso tiveron moito que ver as políticas da Xunta de Galicia? Si, porque co apoio dos galegos levamos moitos anos gobernando. Pero non se esquezan: niso teñen moito que ver os galegos e galegas, que cren no que fan, que son uns grandísimos profesionais. Polo tanto, cada vez que demostran ese futuro negro do rural galego non lle faltan á conselleira nin lle faltan ao presidente Rueda, (*Aplausos.*) fáltanlles aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*)

Pero a min —dado que de preguntas vai— non lles oculto que me quedou unha dúbida, e con este atrevemento voulla facer tamén ao señor Fernández. E voulle preguntar: señor Fernández, ¿vostede sabía realmente que «a voz galega en Europa», nomeadamente, Ana Miranda, ía contándonos unha media verdade cando pedía o voto? ¿Sabía que tiña o escano xa comprometido e que tiña que pasar por caixa con Cataluña e que realmente non ían ser os cinco anos? ¿Sabía vostede iso, señor Fernández? A ver se despois mo contesta. Porque se preguntou cen, a ver se vostede nos di iso. (*Aplausos.*)

Porque nós dixemos moitas veces... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non lle fai falta que o asesore que seguro que me vai contestar ben—. Nosoutros dixemos moitas veces que non nos gustaban os socios cos que ían na papeleta; é certo que nos seguen sen gustar, pero aí non enganaban, ían na papeleta. O que nos gusta bastante menos é que teñan que pasar corenta e oito horas e teñamos que enterarnos polos medios de comunicación que admite que o seu escano era compartido con Esquerra Republicana. ¡Iso é un engano aos galegos e ás galegas! (*Aplausos.*)

E falando de verdades, de claridades e de preguntas, ten agora unha enorme oportunidade de explicarnos. (*Aplausos.*) Estamos moi acostumbrados a que digan unha cousa antes das eleccións e a que pasen as eleccións e fagan outra. (*Murmurios.*) Estamos moi acostumbrados.

Non en van, por iso —aínda que xa vostedes tiñan nomeada unha conselleira do Medio Rural ou conselleiro, xa o dicían antes de pasar polas urnas— hoxe —e volvo centrarme na intervención— estamos francamente orgullosos e orgullosas (*A señora Candia López sinala cara á ala dereita do hemiciclo.*) —os desta bancada, refírome— de que a señora María José Gómez lidere esta área. Que o vai facer seguindo o testigo de compañeiros que anteriormente tiveron esa responsabilidade e que efectivamente o fixeron con acerto, pero que, indubidablemente, a señora Gómez vai facer a súa aportación.



E un dato —porque eu sempre digo que os debates só se ganan con datos ou con argumentos—: vostedes sempre din que o rural vai a menos, sempre din que pechan explotacións. E nosoutros sempre dicimos: hai que mirar a competitividade delas e tamén a súa produción. E por iso hoxe tráiolle precisamente a da produción do leite en Galicia: ano 2009, toneladas entregadas á industria, 2.173.977; ano 2023, toneladas de produción de leite en Galicia, toneladas entregadas á industria, máis de tres millóns de euros.

Temos un rural vivo, temos un rural de xente moza, temos un rural con moitísimas oportunidades. E unha mensaxe aos galegos e galegas: o que si temos con toda claridade é un grupo político que o defende e especialmente que cre nel, que ese é o grupo político do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora imos saudar os alumnos de segundo e terceiro da ESO do centro Santa Irene, de Vigo. ¡Benvidos ao Parlamento!

Agora si, rolda de réplica da señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Señorías da oposición, agradézolles o ton e espero que nas próximas citas teñamos ocasión de contestar esa retahíla de preguntas, que necesitaría outras dúas horas para profundar en cada tema. Pero seguro que haberá tempo, señor Fernández, e fareino con moito gusto.

Espero e agardo nestes anos que nos quedan por diante manter un debate sosegado e sobre todo construtivo e de traballar por e para o rural. É unha mágoa que hoxe non estivera a señora Lara Méndez aquí, porque así estaríamos todos de Lugo, aínda que algún cun cachiño en Ourense.

Como dicía a señora Candia, si, vivo o rural, vívoo e síntoo. Alégrome de que sexa da Fonsagrada. Eu son de Guntín, alí sigo vivindo por sorte, porque así o decidín. Porque a pesar de formarme, de estudar e de defender sempre o público como o defendín dende a miña profesión de docente e tamén como alcaldesa, é para min unha grandísima honra defender o rural; algo e un proxecto no que creo e crin sempre. Por iso precisamente sigo vivindo alí e xa sei que non vivo totalmente do rural pero dunha parte si, algo do que estou inmensamente orgullosa. *(Aplausos.)*

Non vou dar respondido a todas as súas cuestións.

Dicía vostede, señor Fernández: cambios na estrutura da Consellería. Os cambios unhas veces fanse para ben, outras para mal, sempre con ganas de acertar, evidentemente. E creo que os que se fixeron na Consellería do Medio Rural van ser para acertar. Esa é a miña aposta e a aposta do Goberno de Galicia, como non pode ser doutro xeito.



Xa lle dicía a señora Candia que nos vén aquí poñer exemplos de Lugo. Encántame o tema da construción de madeira. Por suposto, canta máis transformación haxa de produto —de calquera produto e de calquera tipo de produto— do medio rural en Galicia máis valor engadido quedará en Galicia e para os galegos. *(Aplausos.)*

En canto ao edificio verde que temos alí na ronda da Infanta Elena, ben bonito e sostible, preguntanme as miñas fillas cada vez que pasamos por alí —que aínda é ben veces, porque entrar no centro de Lugo non lle é tarefa fácil, e iso dígollo eu—: ¿é que hai dentro do edificio? Ben, o uso aínda non o temos moi definido, espero que nos vindeiros anos se defina, porque é importante crear, pero tamén é importante dar uso, porque calquera cousa sen uso é inservible.

En canto á perda de explotacións, é verdade que cada vez hai menos explotacións, certamente; tamén cada vez hai menos poboación, certamente; cada vez hai menos man de obra, tamén. Pero dígolle unha cousa: somos a envexa de toda España, as explotacións gandeiras galegas son envexables. Non se ría, señoría, que é unha ofensa para quen traballa todos os días e se levanta chova que neve, que llo sei ben, non se ría. *(Aplausos.)*

En canto ás comunicacións, en Lugo asegúrolle que como alcaldesa de Guntín acaban de arranxar alí un cachiño da N-540. Calquera pista municipal pola que circulan tractores e apeiros agrícolas de alta cabalaxe asegúrolle que estaban en mellor condición que a N-540 e a conexión entre Lugo e Ourense.

Eu ben comprendo que o papel do Partido Socialista aquí non é doado, porque defender algunhas das políticas que veñen do ministerio non é doado; pero, ben, téñeno que facer e eu enténdoo perfectamente.

¿O dos galiñeiros de autoconsumo? Evidentemente, non o decidiu a Xunta de Galicia, decidiuno o ministerio, así como esa tanta burocracia.

Asegúrolle que é ridículo andar sacando fotos dos cultivos que ten nas súas parcelas, onde o catastro poucas veces coincide coa realidade, e andar buscando recintos e sacando fotos, completamente ridículo. Por iso, dende o Goberno de Galicia pedimos esa adaptación, que non estaría mal que revisaran de paso o catastro e o adaptaran á realidade existente. Este sería unha ferramenta dunha grande axuda para todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

Tamén debe ser difícil explicar os constantes cambios de opinión. Nunha das primeiras visitas que fixen ao ministerio demandabamos a destilación de crise para eses excedentes. Aproveito para contestarlle, señor Fernández por suposto que seguiremos abandeirando e defendendo todos os produtos; por suposto, o viño tinto tamén, promocionándoo e tamén bebéndoo de cando en vez con moderación, como non pode ser doutro xeito. Eses continuos cambios de opinión, dicía. Chegamos alí e pediamos a destilación de crises de xeito excepcional —porque en Galicia é unha medida totalmente excepcional, que noutras comunidades se fai de xeito reiterado— e o ministro dicíanos que non. Aos poucos días cambiaba de opinión. É que estamos nunha serie de vaivéns... O mesmo pasaba co veterinario de explotacións ou con moitas outras medidas que primeiro son que «si» e despois que «non». Pero ben, xa estamos afeitos a esas variacións.



Defender, por exemplo, que o Goberno central faga cumprir a Lei estatal da cadea alimentaria é esencial para os nosos produtores. Dende a miña consellería defenderemos en todo momento que esa lei da cadea alimentaria sexa xusta, especialmente para os produtores, que sempre son a peor parte da cadea.

Eu creo que é moi importante a concienciación. Aquí hai que manter un equilibrio que é esencial entre produtores, industria e tamén consumidores. Porque moitas veces imos ao supermercado e compramos unha lata de refresco que nos custa 75 céntimos ou incluso máis, pero dóenos pagar por un litro de leite un euro. Os primeiros que temos que concienciar nos somos todos nós, porque se non pagamos un prezo xusto aos nosos produtores, quedarémonos sen produtores e sen agro. Aí si que estará a Consellería do Medio Rural, loitando por que iso se faga cumprir. *(Aplausos.)* E defenderemos, por suposto, —¿como non?— a sanidade animal e vexetal. Galicia é un referente a nivel estatal, señorías, un referente.

Eu creo que determinados comentarios non benefician para nada o noso sector. Miren, fóra das nosas fronteiras somos a envexa; a envexa dos produtores de leite de toda España. E as industrias de España miran a Galicia. Iso é un feito, por moito que queiran criticar. Eu xa sei que ao estar na oposición un ter o labor de opoñerse a, pero a unhas cousas haberá que opoñerse e a outras non.

Mire, en canto ao Plan forestal. Temos un plan forestal excelente, ferramentas que van ser moi útiles. E pouco lle teño que dicir niso, porque iso merece case un monográfico, señor Fernández, e eu teño... Non sei os minutos que teño, creo que son dez...

O señor PRESIDENTE: Os que queira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ¿Os que queira? Os que queira, pois logo imos darlle. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Permítame que lle diga que o rural que vostede acaba de debuxar non se corresponde moito coa realidade da inmensa maioría dos gandeiros e agricultores, e vostede sábeo. A min non me gusta ese catastrofismo e esa negatividade continua. Pero ben, alá vostedes. Non beneficia creo que nin interna nin externamente poñer en dúbida e esa retahíla de preguntas case retóricas, sinceramente. Xa sei que vostede ten relación co sector, e alégame. Eu tamén, así que nos entenderemos —estou segura— nalgúns puntos.

Debería saber que, en canto ao prezo do leite, xa o solicitei —como lle dixen na miña intervención— na miña reunión con eles na Fenil. De feito, algunha industria láctea —como ben saberá— xa anunciou que non aplicará esa baixada. Cousa que felicito e da que me alegro, como ten que ser. E seguiremos insistindo dende a consellería en demandar que esa diferenza de prezo co resto das comunidades non exista e se vaia minorando paulatinamente. ¿En canto a axuda ao sector cárnico? Por suposto que seguiremos a axudar e a demandar un prezo xusto para as nosas ganderías.

A maiores, dende a Xunta de Galicia —como vostede ben saberá polo seu traballo— facemos fincapé na mellora e na incorporación dos nosos mozos e mozas. Xa lle dicía na miña inter-



vención que este ano temos catrocentas solicitudes, máis de cento setenta nesa nova modalidade de xente de mediana idade, para incorporarse ás explotacións. Creo que é de grande utilidade para seguir mellorando e modernizando —así como cos plans de mellora— as explotacións que xa son un referente, como ben lle dicía.

Seguiremos apoiando, como non pode ser doutro xeito, a transformación e a comercialización dos nosos produtos en Galicia. Tamén, como lle dicía, o sector do viño; non só para a destilación, que está nun momento de crise puntual. Agardo que o Ministerio conteste coa maior brevidade esa petición que se fixo de destilación tanto da Ribeira Sacra como un pouco do Ribeiro, aínda que en moito menor medida. Agardo que máis pronto ca tarde nos conteste afirmativamente, polo ben do sector. E apoiaremos con máis de dez millóns de euros os produtores de viño, como lle dicía, axudándoos na reconversión do seu viñado, na promoción do viño en terceiros países e promovendo tamén a industria transformadora.

Arredor de seis millóns para promocionar tamén eses produtos de calidade diferenciada. Algo que vimos facendo. Dicialle na miña intervención que apoiaremos esas grandes feiras nas sete cidades, para promocionar eses produtos tanto en ecolóxico, como con selo de calidade diferenciada, como de denominacións de orixe ou de IXP e tamén os ecolóxicos.

E non sei, imos seguir por aquí. En canto aos...

O señor PRESIDENTE: Aínda ten outro turno despois, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Aínda ten despois outro turno. Dígollo para que regule os tempos como...

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): En canto ao plan...

O señor PRESIDENTE: Como non llo explicaron. Claro, é que ela mesmo o dixo, que eran dez minutos. Non, o Goberno nunca ten tempo.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Ben, pero tampouco imos...

O señor PRESIDENTE: Por iso lle digo que aínda ten outro turno, para que vostede se... (*Murmurios.*) (*Risos.*)

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): En canto aos incendios, mire, como dixen aquí, e repito e repetireino sempre: temos un excelente equipo. Un excelente equipo de persoas e de tecnoloxía, pero a tecnoloxía sen xente non fai nada. ¿En canto á prevención? Facemos prevención, señorías. Xa lles dixen: un seis por cento máis neste ano que no ano anterior. (*Aplausos.*) Galicia é cada vez un territorio máis concienciado con esta problemática. Lévese avanzado moito, pero o mellor lume é o que non empeza, evidentemente. Eu agardo e desexo —e estou segura de que vostedes tamén— que, cantos menos e



máis pequenos, mellor. Creo que aí só hai unha voz. A crítica, se é construtiva, si; se non, non vale de nada.

E, no ámbito da sanidade animal, o compromiso do Goberno autonómico é total. Como ben sabe vostede, en canto á vacina da lingua azul, noutros territorios téñena que pagar; en Galicia é totalmente gratuíta. Estase a facer a vacinación da cabana gandeira e seguirase a facer de distintos xeitos. Xa sabe que investimos case oito millóns de euros entre o 2023 e o 2024 para combater estas enfermidades. Facilitamos a indemnización ás explotacións polos animais mortos. De feito, Galicia foi unha das comunidades pioneiras en poñer en marcha estas indemnizacións aos afectados pola enfermidade hemorráxica epizoótica. Xa se aboou a morte de 366 bovinos por un importe total de 180.000 euros. Seguimos, con respecto a esta enfermidade, solicitando unha estratexia conxunta co resto das comunidades e coordinada, como non pode ser doutro xeito, polo Goberno central. Parece ser que o ministro acaba de anunciar recentemente que desenvolverá unha vacina contra esta enfermidade, algo que xa viñamos demandando dende Galicia. Seguiremos a traballar, como non pode ser doutro xeito. Pero xa lle dicía que Galicia é un referente en sanidade animal e vexetal.

En canto ao paso da XERA para a Consellería de Industria, xa estivo nesa consellería e seguirase a traballar do mesmo xeito. O importante é o obxectivo final, non onde estea asentado cada un.

En definitiva, para pechar esta parte da miña intervención, animo toda a oposición a sumar, para poder lograr entre todos eses obxectivos cos que comezaba a miña intervención. Un rural produtivo e coidado, que sei que non é tarefa doada; pero produtivo, por suposto. Para coidalo estamos todos aí para seguir traballando para logralo. Un rural sinónimo de calidade e innovación. E un rural con moito futuro, que lles aseguro que penso e creo firmemente que o ten.

Ao longo da miña intervención inicial fixen varios anuncios de iniciativas que imos levar a cabo dende a Consellería de Medio Rural de cara aos próximos anos. Iniciativas das cales non coñezo nalgún caso a súa opinión, posto que apenas as nomearon. Falei da actualización de dous textos normativos, da Lei de montes veciñais en man común e da Lei de loita integral contra os incendios forestais. Agardo que cando entren neste parlamento teñamos ocasión de debatelas e de chegar a acordos, por suposto. Será unha boa nova para Galicia e para o futuro dos galegos conseguir chegar a acordos neses eidos.

É vontade desta consellería seguir traballando conxuntamente en proxectos público-privados que demostrasen o seu éxito; como é por exemplo o caso das agrupacións forestais de xestión conxunta, que creo que son realmente unha excelente ferramenta. Por iso, gustaríame convidar tamén todas as forzas políticas a participar nesa mellora do noso rural; dende o respecto, a suma e a colaboración sincera.

Como xa manifestei con anterioridade, o relevo xeracional é fundamental para asegurar o futuro de calquera sector; e máis, se cabe, do sector primario. Neste obxectivo traballaremos a través do novidoso plan de formación, asesoramento e titorización que anunciaba na primeira parte desta intervención. É, sen dúbida, unha das nosas prioridades. Por iso, como



lles dicía, actuaremos de xeito transversal dende a formación, cunha maior conexión coa realidade laboral e as necesidades concretas do sector e con axudas directas para a incorporación, ofrecendo ese maior acompañamento ao longo do proceso; dende as oficinas rurais, que seguiremos a poñer en valor con programas de asesoramento específicos e colaboración con outros departamentos; a través dese banco de explotacións, que creo sinceramente que vai ser unha ferramenta moi útil para os nosos gandeiros para facilitar esa conexión entre aqueles que deciden libremente pechar a súa actividade e aqueles que tamén libremente deciden continuala do xeito que mellor lles pareza; mediante a mobilización da terra agraria, posto que sen base territorial non existe viabilidade na produción; e aumentando os canais de promoción, por suposto, dos nosos produtos de calidade no mercado galego e tamén no nacional e no internacional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Ben, señora Candia, con carácter previo, pensaba que o papel da portavoz do Partido Popular nesta materia en relación á presentación das liñas xerais do departamento do Medio Rural era o de analizar a mesma e non o de facer de gardaespalda da conselleira, que creo que non o necesita, sen facer ningunha aportación á mesma, ao máis *estilo Tellado*. Pero ben, teremos que acostumarnos.

En relación á intervención da conselleira, quería dicirlle un rogo, —porque consellos non lle podo dar, pero rogos si—: que deixe de confrontar. Porque ten moito traballo por diante, con moitas competencias propias, señora conselleira, que non están a desenvolver, e non é culpa de vostede, porque acaba de aterrar, pero xa se dará conta cando analice todos os departamentos que debe analizar. Voulle falar dalgunhas cousas que son competencia súa e que non desenvolven; entón, creo que falar agora de Pedro Sánchez... Eu creo que debería agradecer o traballo de Pedro Sánchez, do Goberno do Estado, cando foi a Europa —como lles dicía— a conseguir todos estes fondos europeos cos que agora se fan políticas noutras comunidades autónomas, pero nesta tamén, cando o entón presidente da Xunta de Galicia, ao contrario, ía a Bruxelas para que non viñesen eses fondos. Entón, eu creo que queda bastante clara a implicación do PSOE estatal e a do PSdeG en Galicia.

E voulle pór uns exemplos de materias nas que vostede creo que debe incidir. Por exemplo, falaba vostede do Pladiga. O Pladiga, cada día peor. No ano 2022 presentábase o documento ao Consello Forestal. Era o 31 de abril, e xa era tarde, pero no ano 2023 preséntase o 25, e este ano presentárono o 23 de maio. Quero dicir que non pode presumir desta xestión porque convocaron o Consello Forestal o día 26 de abril para presentar o Pladiga, cancelase a dita reunión e despois non se lle dá ningunha explicación. Aí é cando o Grupo Parlamentario Socialista insta a Xunta a iniciar estes traballos preventivos porque corre risco o monte galego, pero non só o monte galego —xa dicía—, senón os cidadáns galegos e os seus bens. E, ca-



sualidades da vida, nós diciámolo o día 5, e o día 6 reciben estes membros do Consello Forestal un *mail* para convocalos xusto antes da aprobación do Pladiga. É un desleixo continuado que cada ano repiten, con fallos e eivas que afectan esta aplicación dun plan preventivo. E claro que un plan preventivo ten que estar operativo a principios de ano. Incumpren vostedes o real decreto que obriga a telo en funcionamento o 31 de outubro.

Falaba vostede tamén do inventario forestal. Vostedes, de momento, non teñen un inventario forestal; é un mapa de usos do solo. Utilizaron o traballo, obviamente, da Universidade de Vigo de ter todo o territorio mapeado para efectos do uso do solo, controlado dende o espazo referenciado a nivel de parcela para tapar... Non teñen —de momento, digo, e espero que o teñamos, porque son 35 millóns de euros o que empregaron nesta cuestión— o volume da madeira que temos nas parcelas, porque nos datos que dan vostedes —ao mellor, pode explicalo na segunda intervención— en materia de frondosas —desas das que falaba vostede—, comparado co IFN4, que é o inventario forestal estatal do ano 2009, vemos que temos en Galicia un aumento de 130.364 hectáreas desta especie. Gustaríame que me explicase o porqué, pero voulo dicir eu: son 10.000 hectáreas ao ano de frondosas abandonadas. Cando unha finca non se cultiva nin se traballa énchese de matogueira, e ese é o resultado de que se estea colonizando por estas especies forestais, pero non por unha planificación forestal. Nin máis nin menos 130.000 hectáreas en trece anos. E isto significa que cada ano en Galicia un concello do tamaño de Foz, de Rubiá ou de Pedrafita do Cebreiro é abandonado. E isto, como ben dicía vostede, sábeo ben.

En coníferas máis do mesmo, ¿como explica os resultados? ¿A que se debe a desaparición de 10.000 hectáreas de piñeiro en Galicia? Pois dígollo eu, porque non traballaron co Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Espero que agora que vostede o di o fagan. ¿Que fixeron vostedes coa rede de viveiros de produción de piñeiro que tiña a Xunta de Galicia? ¿Que fixeron vostedes coa xestión dos consorcios e convenios herdados do anterior Icona e que supoñían máis de 300.000 hectáreas, das cales a maioría estaban plantadas de piñeiro? ¿Que fixeron vostedes, señora conselleira? Cóntenolo, porque nesta resposta está gran parte da explicación de por que en Galicia desaparece. A política despregada polo departamento ata o de agora de Medio Rural dos sucesivos gobernos do Partido Popular foi un fracaso. É pouco opinable esta cuestión, e, para mostra, un botón. Chega con ubicarse en calquera concello da montaña ourensá —vou falar de Ourense, non de Lugo— para comprobar cales foron os efectos da xestión do Goberno galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: —Só un momento.— A terra de cultivo, máis alá dalgunhas hortalizas a medio plantar, desapareceu. Só despois de superar o acoso do xabaril e o asedio da silveiras se poderían atopar un cento cebolas. E das preto de 500 cabezas de gando que había no inicio do século nese concello de Ourense montañés, quedan agora 34 vacas que sustenta un gandeiro ás portas da xubilación. O monte nestes anos ardeu nun ritual cíclico e invariable que dá ben ás claras a medida do abandono e a magnitude da destrución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor presidente.

Señora conselleira, o noso rural non é un territorio homoxéneo; non podemos falar de políticas idénticas para todo o rural. O rural xa non é só agrario, aínda que o sector agrario segue sendo o principal motor económico. As políticas existentes da Xunta de Galiza foron encamiñadas á desaparición do sector agrario e, por ende, todo o rural, tal e como o coñecemos antigamente. As actuacións da Administración galega tamén afectan a calidade ou mesmo a desaparición de servizos públicos como poden ser a sanidade ou o ensino. Os efectos están visíbeis en todas as partes do noso territorio: temos unha acusada caída demográfica, envellecemento da poboación e desaparición de explotacións agrarias, o que leva aparelado a caída do resto da actividade económica.

De todas formas, no Bloque Nacionalista Galego non nos resignamos a este futuro desalentador ao que nos levan as políticas continuadas do Partido Popular na Xunta de Galicia. No pasado ofrecemos diálogo e traballo para remar todos xuntos, cada un dende a súa posición, para abrir unha porta de esperanza ao noso rural. No pasado, esa man tendida polo BNG non foi recollida e as políticas non variaron. Pasearon a súa maioría con verdade absoluta e non facendo a mínima autocrítica.

Dende o BNG voltamos ofrecer o diálogo para cambiar as dinámicas poboacionais e recuperar o noso rural. Para iso hai que ser ambiciosos, hai que pensar no país e escoitar os grupos da oposición, que, ao fin, representamos unha parte importante de Galiza.

Nós propoñémoslle unha estratexia para esta lexislatura baseada en dez piares: o primeiro, espazos rurais atractivos para a poboación; mellorar a dotación de infraestruturas e servizos no rural; un plan de mobilidade; un plan de recuperación de vivendas. Precisamos actuacións que lles dean un respiro ás mulleres, que son o piar fundamental dos espazos rurais; que o rural sexa menos hostil para elas e que non recaia todo sobre elas, dende os coidados dos maiores ao dos nenos.

No segundo, medidas de apoio á actividade non agraria nas zonas rurais: TIC rural, fiscalidade reducida, cota de autónomo reducida ou exención, incidindo con maior intensidade nas áreas máis afectadas polo envellecemento e a perda de habitantes. Incidirase fundamentalmente na recuperación da autoestima de pertenza ao rural.

Ordenación do territorio. Temos un país caracterizado, como dixen antes, polo reducido peso da superficie agraria útil. Hai unha falta perentoria de ordenación, así que temos que ter unha serie de medidas prioritarias, como a elaboración de plans de ordenacións do uso da terra e iniciativas de transformación en pasto de superficie de monte; e incrementar a base forraxeira das explotacións, reactivar o Banco de Terras, a recuperación das uxfor, a transferencia inmediata do Catastro á Xunta de Galiza, un plan de recuperación da mocidade e a actividade agraria e un impulso ao relevo xeracional.

Iniciativas mocidade-medio rural, seguindo medidas esenciais, como é priorizar os investimentos dirixidos á instalación de mozos e mozas; incrementar o prestixio da acti-



vidade agrogandeira; plans de axudas e incentivos que garantan o relevo no sector agrogandeiro, facilitando a inserción da mocidade no sector; facilitar o acceso á terra co banco de explotacións; o Programa integral de asesoramento e seguimento para a mocidade; blindaxe de fondos da PEPAC, do Plan estratéxico da PAC; establecemento de modalidades de incorporación a tempo parcial; asesoramento específico para as persoas sen experiencia previa no sector; medidas tendentes á conciliación coa vida familiar; apoio ao pastoreo nos montes veciñais, como a escola de pastores; un protocolo que mellore as actuais queimas controladas; axudas efectivas aos danos da fauna silvestre, pagos ecosistémicos e axudas directas para investimentos que faciliten o manexo da gandería de montaña; diversificación das producións agrarias; fomento das producións de calidade e da transformación das materias primas agrarias, impulsando medidas específicas con sectores de elevada dependencia no exterior; investimentos na industria nos produtos de maior valor engadido; potenciación de marcas de calidade agroalimentaria; creación de novas regras de comercialización dos produtos agrarios en ciclo curto, con feiras e mercados; apoio directo aos grupos de consumo local; compra pública de produtos locais, cheque de compra á alimentación, a estratexia da Unión Europea «Da granxa á mesa»; Plan de fomento da agricultura ecolóxica e sustentable; mecanismos de interlocución co sector agrario, como a reforma da Lei da cadea alimentaria; un diálogo permanente coas entidades asociativas; creación da Mesa de loita contra o cambio climático que permita políticas áxiles e urxentes na loita contra as pragas e enfermidades. Temos a *Vespa velutina*, a EHE, a lingua azul, a avespa do castiñeiro, a rata toupa, a Flavescencia dourada ou a peste porcina africana.

Reforma da Administración. A simplificación administrativa ten que ser un obxectivo prioritario. Neste ámbito deberíamos promover normativas de aplicación adaptadas ao territorio galego: permitir a presentación presencial de documentación na Administración; recuperar unha dirección xeral de innovación agraria...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...un Plan de recuperación das capacidades dos centros de investigación; crear centros de desenvolvemento rural, un sistema público de aconsellamento, etc., etc.

Tamén habería que analizar as medidas sectoriais, pero, como o tempo é reducido, é complicado explicar todo isto neste tempo.

Resumindo, tendemos a man para traballar polo rural, pero, repito, con ánimo construtivo, con vontade de país, con altura de miras e con vontade de resolver os graves problemas do noso rural. Se é así, atopará o BNG con vostede.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.



A señora CANDIA LÓPEZ: Nestes cinco minutos a ver se son capaz de insistir nalgunhas das cousas que me parecen importantes.

Señora Dacosta, moito botan de menos aquí o señor Tellado. Nosoutros a verdade é que tamén o botamos de menos, pero creo que está facendo un gran traballo en Madrid, e imos seguir animándoo, etc. (*Aplausos.*) É certo que terei cousas en común, somos do mesmo proxecto político, pero probablemente tamén teño cousas distintas. O que si é certo é que se eu traio a este debate da Consellería do Medio Rural as políticas do Goberno central, coincidirá comigo en que é absolutamente acaído. É dicir, a negociación da política agraria común, o papel que xogou o Ministerio defendendo —ou abandonando neste caso— a idiosincrasia e a singularidade das nosas explotacións agrogandeiras, son absolutamente indiscutibles. E non o di nin Elena Candia nin o grupo do Partido Popular, xa lle dixen que o dicían presidentes de comunidades autónomas do Partido Socialista. E quen lle citou o tema das infraestruturas fun eu, efectivamente, en contestación ao que vostede dixo, que o anotei literalmente: «...un rural abandonado polas malas comunicacións físicas e dixitais». Xa sabe: se non sabe, non se meta, pero realmente díxoo vostede. E eu contéstolle: a competencia é estatal. (*Murmurios.*) Refírome a se non sabe de quen é a competencia. Non me estou... Non terxiverse.

Dito isto, eu esperaba que vostede aclarase temas tan importantes polos que están absolutamente preocupados os nosos gandeiros, e non contestou. Por exemplo, o Ministerio aínda non se pronunciou respecto das boas condicións agrarias e medioambientais nas franxas de protección das marxes dos ríos, un tema que en Galicia —como dicía Cunqueiro: «a Galicia dos mil ríos»— afecta moitísimas hectáreas. Ou sobre algo moi importante, as cláusulas espello. A Xunta solicitou que se inclúa, nos acordos comerciais da Comisión Europea con terceiros países, a obrigatoriedade do cumprimento das cláusulas espello para aqueles produtos que se importen dende fóra da Unión Europea. Todos sabemos os estándares de calidade e as obrigas que teñen que cumprir os nosos agricultores e gandeiros. É que despois chegan a determinadas cadeas e compiten con produtos e teñen moitísimas situacións de absoluta competencia desleal. Por iso é realmente —creo— polo que nos elixen aquí, para que defendamos realmente os intereses dos galegos e das galegas. E nisto, o Ministerio, indiscutiblemente, ten un papel moi importante.

Pero nós sabémolo, os galegos sabémolo ben. O Partido Socialista —polo menos o Partido Socialista de Galicia—, cando ten que elixir entre Galicia ou Pedro Sánchez, non ten dúbida, elixe a Pedro Sánchez. E así, evidentemente, cando defendemos os gandeiros e cando defendemos cousas tan importantes —insisto— como as cláusulas espello, neste caso o Partido Socialista... Ben, díxollo Caballero estes días tamén, non só llo di o Partido Popular.

E agora si teño que recoñecerlle que me gustou moitísimo a intervención do voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Señor Fernández, paréceme que lle cambiaron os papeis ou parece que cambiaron de voceiro. Entón, seguro que nos imos entender. E levo unha enorme alegría, ademais, porque creo que colleu parte das iniciativas do noso programa electoral. ¡Home!, é verdade que só citou o malo e podía poñer en valor todas as medidas de conciliación no rural e todo o que levamos traballando, pero, bueno, por algo se empeza. Téñolle que dicir que parecía absolutamente unha persoa distinta, e nese debate, nese ton, sempre imos conseguir cousas positivas.



Só un dato —eu non sei se vostede sabe que volvemos ao mesmo; os debates gáñanse con datos ou con argumentos—: en plans de mellora, neste momento, hai 1.380 solicitudes e máis de 28 millóns de euros para apoios ás explotacións. Creo que é un dato que vostede dicía que solicitaba, e recórdollo porque creo que coincide co que vostede demandaba, pero tampouco é xusto que se omita completamente que 28 millóns de euros están convocados para plans de mellora. Ou o mesmo coas incorporacións de persoas mozas, de gandeiros e gandeiras. Hai 16 millóns de euros como importe convocado; 16 máis 28. Creo que ignorar esa cantidade non me parece de xustiza.

E, para rematar, señora conselleira, empeza con ilusión, empeza con coñecemento, con certeza; cunha chamada a todos os profesionais de incendios e ao recoñecemento do seu traballo —que lle aplaudo—, e a todos os traballadores das oficinas agrarias comarcais. Ten dous retos: a Lei de comunidades de montes, que, evidentemente, é moi importante para a nosa comunidade —dixo que o faría con consenso, e aí tamén a axudaremos—, e unha nova lei tamén de loita integral contra incendios. Son algúns dos retos, xunto a esa porcentaxe do 75 por cento de transformación do leite en Galicia.

Hai tres datos que me parecen ilusionantes. Sei que traballa sempre coa cabeza e co corazón; sei que sabe do que fala, porque, efectivamente, é unha ruralista convencida, non de tuit; e sei, ademais, que terá o noso apoio e o noso traballo claro e decidido, de todo o grupo do Partido Popular, porque estamos francamente orgullosos do traballo da Xunta de Galicia e estamos absolutamente á súa disposición para explicar e para traballar cóbado con cóbado con todas as forzas da oposición, se, efectivamente, tenden a man de maneira real e efectiva, pero moi especialmente cos galegos e galegas.

Moita sorte. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Moitas grazas, presidente.

Pois xa para rematar, señorías, gustaríame agradecer o ton no que se produciu este debate. Tomo nota daquelas cuestións que apuntaron e que se poidan traducir —como non pode ser doutro xeito— en medidas concretas, que analizaremos —tamén como non pode ser doutro xeito— dende os distintos ámbitos da Consellería dende o punto de vista técnico.

Agradezo todas e cada unha das súas aportacións. Temos por diante toda unha lexislatura, e agardo que concitemos moitos acordos por e para ou ben do noso medio rural, por e para ou ben dos nosos gandeiros, dos nosos agricultores e tamén dos nosos silvicultores.

Señora Rodríguez Dacosta, está vostede un pouco desactualizada, non coma o Pladiga. Verá, vexo que non entendeu moi ben o que é o Pladiga. Mire, é un plan anual... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, non o entendeu ben— que se actualiza cada ano... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ten que estar actualizado antes da etapa de



máximo risco, ¿vale? Pero actualízase sempre, ano tras ano; dá igual o día ou a hora; o que importa é o traballo. É un plan anual continuo; ¡continuo!, ¡continuo!

Tamén vexo que está un pouco equivocada, porque si que temos un plan forestal, que se actualiza tamén. E niso dos 35 millóns de euros, revise o dato, paréceme que se equivocou. E tamén temos un plan de frondosas e do castiñeiro, e axudas para plantalos. Se vostede percorre o rural galego, verá cantas plantacións novas hai de castiñeiro; cousa que me alegra moito. (*Aplausos.*) Como lles dicía na miña intervención, aprobaremos ese mapa de usos agroforestais.

Señor Fernández, pois moitas grazas, recolleu vostede nesta segunda intervención moitas das cousas que eu apuntaba. Eu agardo —de corazón llo digo— chegar a acordos, como sempre o intento; intenteino toda a miña vida. Gústame moito escoitar, e escoitarei a todo o mundo, a cada sector, a cada asociación e a cada agrupación, e a vostedes tamén, como non pode ser doutro xeito.

É verdade —coincido con vostede— que temos un territorio moi pouco homoxéneo. É moi diferente, pero aí está a riqueza tamén de Galicia. Permítame que non coincida con vostede cando di que desapareceu o sector agrario. Non, niso non coincido con vostede. Mire, nesta vida temos que facer fronte aos cambios e ás transformacións, e o sector agrario galego —eu coñezoo ben, en carne propia— transformouse completamente. Mire, temos un sector agrario potente, tecnificado e competitivo, a nivel non só nacional, senón tamén internacional.

Entón, eu agradézolle que mencionase moitas destas cousas, como os espazos rurais atractivos. Témoslos, por suposto, e aí están os 313 concellos plurais e diferentes de Galicia traballando arreo, e a Administración autonómica apoiándoos —como non pode ser doutro xeito— para lograr ese rural atractivo e bonito. Como lles mencionaba na miña primeira intervención, dende a Consellería do Medio Rural apostamos por esa axuda aos concellos para mellorar as súas infraestruturas rurais; vímolos facendo e seguiremolo a facer nesta lexislatura cun apoio ás mulleres dende a Consellería do Medio Rural, por suposto. A muller —vostede sábeo igual ca min, e igual que o resto de señorías— é un pilar esencial na vida en xeral, pero, no medio rural galego, por suposto.

En canto ás cotas de autónomos, creo que non é competencia da miña consellería.

En canto á autoestima, quero dicir que a autoestima ben é verdade que cada un ten a que quere, a que pode ou a que lle tocou, non o sei. Eu xa empecei esta intervención dicindo que me sinto inmensamente orgullosa de ser do rural. Aló onde vou lévoos por bandeira e digo que son, que nacín, que vivo, que medrei e que decidín seguir vivindo e apostando polo rural.

En canto á ordenación do territorio, creo que temos moitas ferramentas. Non subestimen ningunha delas, dende a máis pequena e a máis sinxela, como pode ser unha aldea modelo que volve revivir cun pequeno produtor que decide apostar polo rural, ata a concentración parcelaria máis grande nas zonas con máis carga gandeira. Para min son todas importantes, e todas valiosas, e loitarei por todas e cada unha delas, para vivir en liberdade e decidir que tipo de vida quere ter cada galego e cada galega no rural. (*Aplausos.*)



En todo caso, como dicía, temos por diante unha longa lexislatura para seguir debatendo e traballando a prol do noso medio rural. Eu —como lles dicía— centrarei todas as políticas e actuacións en tres obxectivos estratéxicos que teño na miña mente: un rural produtivo e coidado, un rural sinónimo de calidade e innovación e un rural con moito futuro. E neses eixes hemos de fundamentar as políticas que levemos a cabo nesta lexislatura que acaba de comezar.

Cando falamos dese futuro, debemos facelo co mesmo discurso que se fai máis alá das nosas fronteiras; non cun anhelo cara ao pasado, aínda que sendo fieis e conservando esa tradición que nos define como galegos. Falemos de futuro coa mirada posta na innovación e na tecnoloxía, pois son aliadas para o crecemento dos nosos produtores. Por iso, dende esta consellería, continuaremos reforzando as axudas para a modernización, a transformación ou a internacionalización dos distintos sectores, de todos e cada un deles.

Falaremos tamén de futuro dende a singularidade que nos ofrece traballar dende o local, con retos globais —por suposto—, dende a diversidade e a riqueza propia de Galicia, que non nos fai mellores, pero si diferentes e únicos. Esa diferenza, que en boa medida vén marcada polo coidado e a calidade, achega un valor engadido ao produto galego que o fai diferenciado do resto dos produtos. Falo do viño, falo da carne, do leite e dos seus derivados, do mel e dos froitos e, por suposto, da riqueza que non comemos pero que representa e dá forma a nosa paisaxe, do noso prezado sector forestal e da terra traballada. Falemos de futuro, en definitiva, porque será traballar e falar de progreso.

Unha das maiores riquezas dun país é a súa mocidade. Investir na xente moza é investir no futuro. Por iso, nesta primeira comparecencia de liñas estratéxicas, quixen facer fincapé na importancia que dende esta consellería lle damos tamén á xente moza, a apostar pola remuda xeracional nun sentido amplo. Visibilizar o futuro do noso medio rural, a calidade de vida que ofrece e seguir dignificando as profesións asociadas a este ámbito é absolutamente prioritario. Ninguén pode negar que nos últimos vinte anos o agro viviu unha auténtica revolución.

E o que queremos agora é afianzar todos eses logros e crear máis conciencia sobre eles, non só para a xente que vive no campo e do campo, senón tamén para aqueles que se queiran asentar. A todos os que están, a todos os que se vaian achegar a este sector, que saiban, primeiro, que a Xunta de Galicia sempre vai estar ao seu carón e, segundo, que desempeñar un dos traballos máis bonitos do mundo é coidar e preservar o noso territorio.

Anímovos a todos —dende o noso punto de vista como consumidores— a sermos máis conscientes do seu traballo, así como do produto de calidade que se xera e que tan bos éxitos colleita aquí e máis alá das nosas fronteiras.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto segundo da orde do día, é dicir, ás mocións.



Debateremos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

O conselleiro de Sanidade non quixo, no pasado pleno, vir contestar a interpelación do BNG, que pretendía que dese explicacións pola alarma xerada, máis unha vez, por un novo informe do Consello de Contas, e tamén pola alarma xerada pola persistencia de enormes deficiencias na asistencia sanitaria, que, todo indica, van empeorar —e moito— durante este verán.

Queriamos explicacións porque ese informe do Consello de Contas pon de novo en evidencia a falta de transparencia, a opacidade na xestión de recursos públicos, por parte dunha consellería que representa —teño que lembrar aquí— máis do corenta por cento do orzamento da Xunta. ¡Bueno!, o conselleiro de Facenda explicou que é o 44 por cento do gasto e non do orzamento, co cal —creo— aínda nolo pon un pouco peor.

E ese informe do Consello de Contas, que —insisto— non é esporádico, non é casual, senón que vén indicando, informe tras informe, cada vez que fai a fiscalización da Conta do Sergas, que hai opacidade e falta de transparencia; que hai un uso permanente de contratos menores, de negociados sen publicade, autorizacións de uso, fraccionamentos de contrato; e que non se xustifica o uso dese mecanismo. Segue reiterando—insisto, non é a primeira vez que o fai— que hai unha utilización espuria da figura da autorización temporal de uso; que hai unha xestión de servizos sen ningunha fórmula contractual; que o quince por cento do orzamento destinado ao concerto utiliza o fraccionamento do contrato; que hai obrigas de varios centros en que non consta a existencia de ningún marco contractual que o soporte —é dicir, recoñécense obrigas sen saber a que responden, sen haber un contrato, é dicir, simplemente, cando chega a factura, faise no mesmo acto, o tal recoñecemento e o pagamento; ¡así!, como se fose un particular que o quita do seu bolsillo—; que hai obrigas a provedores para as cales non consta a existencia de ningún marco contractual. ¡Bueno!, suma e segue.

No BNG cremos que estas cuestións merecerían que o máximo responsable da sanidade pública quixese vir explicar, a este Parlamento, o que está acontecendo. Porque —dentro dun par de días— fará dous meses que foi nomeado conselleiro, e este considera que aínda non é momento de vir aquí explicar a axenda para o seu departamento e para solucionar os enormes problemas que ten a sanidade pública deste país.

O que si sabemos, a través dos medios de comunicación, de roldas de prensa e de anuncios, son cuestións que, dende logo, poñerían vermello a calquera persoa —poñerían vermello a



calquera — e, máxime, sendo o responsable da sanidade pública. Por exemplo, que diga cousas como que non lle importan as listas de espera —estou lendo textualmente—; o que lle importa son só os resultados en saúde: «Á xente impórtalle máis o resultado que realmente o tempo que espera. De nada vale facer as cousas moi rápido se despois o resultado é malo; e as listas de espera son a consecuencia natural do funcionamento do sistema e do seu éxito. Se o sistema sanitario fose malo, a xente non iría tanto». É dicir, as listas de espera son porque a xente ve que funciona tan ben que decide levantarse á mañá e ir pedir unha consulta, unha proba diagnóstica ou unha intervención porque di «*es que esto es fantástico; funciona de maravilla*». E para corroborar o éxito das listas de espera, decide incrementalas, pechando este verán ao redor de oitocentas camas —115 máis que o ano pasado— porque iso vai incrementar o éxito. Cantas máis listas de espera, máis éxito. Isto é dito polo conselleiro; non estou dicindo nada que non sexa textual.

A seguinte cuestión é que —xa o dixera a anterior xerente do Sergas e o anterior conselleiro— «non pretendemos que haxa pediatras nos centros de saúde; iso é unha cousa do pasado. Imos centralos nalgún centro de saúde nas cabeceiras de comarca, e xa iremos vendo». E volveu reiterar esta cuestión.

Acto seguido, hai un problemón, porque non hai profesionais suficientes nos centros de saúde para atender as demandas, hai listas de espera de quince a vinte días —e nalgúns casos superan o mes— para chegar ao teu médico de cabeceira. Pero, ¡claro!, chega o verán e non se cobren as baixas, non se cobren as vacacións, non se fan substitucións... ¿Para que? E nas zonas de costa onde se multiplica, triplica —e máis aínda— a poboación, xa non dan abasto co que había, que agora teñen que atender, con menos, aínda máis poboación. Pero el está tranquilo, el límitase a dicir que hai un problema; esta é a situación. Lástima que non fose o conselleiro; lástima que non fose o conselleiro para poñer algunha medida encima da mesa.

Segue poñendo cuestións moi impresionantes encima da mesa: aos MIR que non remataron a súa formación e que, polo tanto, non teñen a titulación que os acredita como especialistas, ofreceulles que traballen en Urxencias no verán. ¿Cal é a diferenza entre que teñan a titulación ou non? Se lles falta uns días ou uns meses, ¿cal é a diferenza? Todo isto dito polo conselleiro de Sanidade. A diferenza entre ter a formación e non ter o título pois non é ningunha, co cal, poden traballar sen ningún problema.

Queren médicos itinerantes para que vaian dun sitio para o outro. Todos sabemos que o problema fundamental da sanidade e de que os profesionais non queiran traballar, fundamentalmente en atención primaria, é, precisamente, esa falta de estabilidade, a precariedade e demais. E a alternativa é ter médicos itinerantes para ir parcheando aquí e alí, ou que os médicos que teñen unha residencia na costa e van pasar alí as vacacións, de paso, que pasen consultas. É unha cousa moi factible, a calquera se lle podía ocorrer que sería o normal, é dicir, que se ofrezca a calquera, de paso que vai pasar as vacacións, que tamén pase unhas consultas.

Queren aumentar a idade de xubilación ata os 72 anos e que traballen máis horas, á parte das intersubstitucións e das prolongacións de xornada —¡que a ver se poden facer unhas horas máis!—. Tamén é normal, ¿non?



En relación cos problemas co XIDE, que é ese sistema de filtro que instalaron nos centros de saúde para que o use o persoal que está no mostrador...; como hai problemas e queixas, ¿cal é a idea do conselleiro? Que cada centro de saúde faga o que considere, é dicir, que o aplique ou que non o aplique, que faga como vexa.

Ou responsabilizan os médicos das listas de espera. Entón, os médicos que teñan lista de espera descóntanlles dos obxectivos, ou sexa, descóntanlles da nómina o feito de ter lista de espera.

É dicir, todas estas son cuestións sobre as cales, nestes dous meses, o conselleiro non veu aquí explicar cal era a súa medida para solucionar os problemas de atención, pero foi soltando estas perlas que —como todo o mundo pode imaxinar— van a resolver os problemas da sanidade.

Eu díxeno ao inicio: é para poñerse vermella. A min paréceme tan pouco serio —tan pouco serio— que, dende logo, pon os pelos de punta.

Polo tanto, cremos que fan falta explicacións de como está usando o Partido Popular, na Consellería de Sanidade, os orzamentos, xa que —insisto— informe de fiscalización tras informe de fiscalización do Consello de Contas, este di que non se están usando correctamente, que hai ocultación e unha falta de transparencia, e que tamén fan falta medidas para solucionar esta situación. Por iso traemos aquí unha moción, en que o primeiro que pedimos é que se remate con esa derivación de cartos públicos para a sanidade privada e que se tomen medidas e recursos para solucionar o problema. E logo pedimos información e transparencia —que é o mínimo que se pode pedir—; pedimos que se presente un informe coas derivacións a centros alleos á rede hospitalaria, por centro de saúde, por especialidade, e pedimos que se xustifique por que se derivan e que se presente a xustificación pola cal eses servizos non se poden dar na rede pública, porque o que di o Consello de Contas é que non están xustificadas eses contratos, é dicir, non hai xustificación de que non se poidan prestar servizos con medios propios. Pois iso é o que queremos —¡iso é o que queremos!—; xa llo pediramos antes a vostede —que vexo que está moi atento—, señor Comesaña. Xa lle pediramos esta información e agora pedímoslla ao novo conselleiro.

Xustifiquen por que derivan á sanidade privada. É algo que pide o Consello de Contas: que xustifiquen a imposibilidade de prestar eses servizos na sanidade pública; que presenten informes que especifiquen esa contratación; que se modifique a web da Xunta para que haxa filtros e para que se poida acceder a eses resultados...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...porque van dicir: «¡non!, ¡está colgado na páxina!»». ¡Claro!, fanse miles de contratos —centos cada día— e non hai filtro que permita un achegamento para facer esa fiscalización.

Polo tanto, tamén pedimos que accedan ao que lles vén demandando, informe tras informe, o Consello de Contas: que terminen con esta práctica na contratación, de extensión dos con-



tratos, de gasto de actividade non xustificada... É dicir, cuestións sobre as cales o normal sería que non houbera que demandárllelas a un goberno porque o normal sería que con estas cousas, e co orzamento de todos os galegos e as galegas, se actuase con transparencia, e o Partido Popular non o está facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*Negación.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidente.

Señorías.

Bos días a todos e a todas.

O noso sistema sanitario foi a gran referencia e a envexa do mundo como sanidade pública, pero, hoxe en día, aquí en Galicia, xa non o é.

E vendo a moción, con respecto ao primeiro punto que plantexa, quero sinalar que probablemente non existan lugares onde poidan ter uns profesionais tan competentes como os nosos, pero o problema está na accesibilidade ao sistema. Hoxe, unha persoa enferma non ten plena seguridade da asistencia sanitaria no sistema público de Galicia porque hoxe o noso sistema público non ten a capacidade para dar resposta en condicións eficientes á demanda de asistencia dos enfermos. E isto ten unha fácil explicación: o Partido Popular leva quince anos recortando o servizo público sanitario; leva quince anos privatizando ou, se o prefiren, leva quince anos pondo a alfombra vermella á sanidade privada.

E vou dar un dato para demostrar que o recorte foi permanente; e vouno facer con datos de hai anos para que vexamos de onde arrancam. Nos primeiros catro anos do mandato de Feijóo reduciuse no 8,6 por cento o orzamento sanitario; unha rebaixa que se disparou ao 16,5 por cento se se ten en conta a depreciación do diñeiro nese período. E así poderíamos facer o cálculo ano tras ano, ata situarnos, no día de hoxe, cunha gran baixada deste orzamento. E cabería ser malpensados e situarnos no escenario en que a Xunta de Galicia quixese esnaquizar a sanidade pública dende o mesmo corazón da Consellería, promovendo un sistema incapaz de dar resposta para así xustificar a desviación cara á sanidade privada. As listas de espera avultadas son un dos primeiros xustificantes para esa desviación. Se non existisen listas de espera ou estas fosen razoables e se o sistema público atendese os enfermos, cando o precisasen, non se necesitaría a sanidade privada. E o Partido Popular, da mesma forma que recorta recursos para o sistema público, vai incrementando o orzamento destinado á sanidade privada con medios alleos.

Por achegar un dato recente —non o di o Grupo Socialista, senón que o di un medio de comunicación—: «Os hospitais privados en Vigo concentran o 34 por cento das camas». E



aquí quero facer un inciso, partindo de que o Cunqueiro sexa público, que, dende logo, para nós —saben—, non é un hospital público, co cal nos situaríamos preto do cen por cento. Pero, aínda con ese dato estaríamos no 34 por cento.

E, neste punto, gustaríanos volver lembrar o gran triunfo do socialismo para o noso país e para a nosa sociedade, coa aprobación, hai máis de trinta e oito anos, da Lei xeral de sanidade; esa sanidade pública, universal e de calidade que seguiremos defendendo os socialistas sempre. *(Aplausos.)*

Pero desgraciadamente vivimos unha época crítica do noso sistema sanitario galego, e a esta situación chegamos polos recortes aos cales o PP nos está sometendo, favorecendo un modelo que recorta a pública e que favorece a privada; e, desta forma, Galicia situouse á cola en gasto per cápita en materia sanitaria. Son necesarios máis recursos para a nosa sanidade pública, para poñer fin ao colapso da sanidade pública e para ir terminando coa derivación cara á sanidade privada.

E, para progresar cara a ese novo escenario, necesitaremos información, tal e como indica a iniciativa do BNG nos puntos segundo e terceiro, pero gustaríanos tamén que o que plantean no punto cuarto, referente a unha auditoría, fose tamén público. Os socialistas defendemos o público na sanidade, pero tamén noutros ámbitos, e cremos que deben ser eles os que leven a cabo unha auditoría de contratos que realiza o noso sistema sanitario; por iso nos gustaría que eliminasen a palabra «externa» desa auditoría. E non fixemos a emenda porque consideramos que este non era o eixo principal da moción, pero si que o queremos deixar patente.

Pedímolo, porque estamos convencidos de que, por riba das liñas mestras que queira marcar o Partido Popular, están os funcionarios que cumpren escrupulosamente co seu labor; e, de feito, foron eles que nos advertiron, hai aproximadamente un mes, co Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde do exercicio 2022, elaborado polo Consello de Contas, dalgún aspecto de funcionamento do Sergas. Por problemas de tempo non poderei entrar en todos, pero hai algúns significativos que puxo de manifesto o Consello de Contas: déficit de datos en materia de control interno; descontrol nos prezos de desviacións externas a medios privados; e aquí —xa engado eu— non chega coa desviación ao privado ou co incremento de orzamentos para pública, senón que, aínda por riba, existe un descontrol de prezos con idénticas probas dependendo de que centro se trate.

De novo, volvo ao informe do Consello de Contas. Falaba de gran zona de escuridade; falaba tamén de que o Sergas segue xestionando determinados servizos, nos cales non se emprega ningunha fórmula contractual, senón que se recorre a unha fórmula reiterada de autorizacións de uso, vulnerando os principios de publicidade, de concorrencia, de transparencia etcétera. Neste ámbito avogamos por que a prestación dos servizos con medios alleos deba axustarse en todos os casos ao marco legal vixente de contratación e deba superar a figura da autorización de uso que carece de marco legal. Tense que revisar tamén a autorización de instalacións e de medios materiais e humanos de titularidade pública para unha entidade privada. Os servizos sanitarios prestados con medios alleos deben axustarse aos principios complementarios de subsidiariedade. As tarifas aboadas deben estar fundadas nunha ava-



liación efectiva de custos e cun sistema de información contable que permita coñecer os custos de todos os servizos. En definitiva, temos que dar resposta aos aspectos que o Consello de Contas pon branco sobre negro con respecto á contratación do Sergas.

E para finalizar, señora Prado, apoiaremos a iniciativa do BNG. Insisto moito, gustaríanos que a auditoría fose tamén pública porque pública queremos a nosa sanidade, e que, ademais, mostre transparencia e cumpra a legalidade da súa xestión económico-administrativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas, grazas presidente.

Bos días, señorías.

Do Bloque Nacionalista Galego nunca tivemos a sorte de escoitar ou recibir propostas realistas que buscasen unha verdadeira mellora para a sanidade; no único en que se afanan é en protagonizar furibundos ataques e en traer iniciativas fóra da realidade, en vez de achegar propostas serias e construtivas para mellorar o sistema público de saúde. E un exemplo disto que estou dicindo tivémolo cando a líder do BNG propoñía contratar médicos con salarios reducidos; quería facer contratos de médicos con *minijobs* porque —xa o sabemos—, para o Bloque Nacionalista Galego, o papel todo o aguanta; (*Aplausos.*) e outro exemplo témolo con esta iniciativa, ou esta moción, que hoxe traen. Resulta que vostedes —cando gobernaban o Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego— eran os campións, superaban todos os retos de derivación e ingresos na sanidade privada, e agora pretenden dicir que o Partido Popular non pode contratar con medios alleos, aínda que o faga cunha intensidade, desde logo, moito menor que cando vostedes gobernaban.

E xa sei que ao Bloque lle molesta moito que falemos do Bipartito: uns porque din que, daquela, aínda non naceran e outros porque prefiren perder a memoria. En ambos os casos, concordo con que o bipartito foi un período para olvidar; (*Aplausos.*) niso non temos ningunha dúbida. (*Aplausos.*) Pero vostedes gobernaron este país tan mal, tan rematadamente mal que, na primeira oportunidade que tiveron, os galegos os botaron fóra da Xunta e, vinte anos despois, vostedes seguen na oposición.

E mire, falan de listas de espera. Hai poucos días saíu no periódico —que vostede nomeou antes— que máis da metade dos galegos —máis da metade— teñen unha cita en dous días na atención primaria. Señorías, levamos demasiado tempo escoitando verdadeiros despropósitos contra a sanidade pública, e hoxe tocou cuestionar os medios de contratación, pero a realidade é que, ano tras ano, os resultados e os indicadores deixan o Sergas nunha posición envexable en relación co resto dos servizos sanitarios das distintas economías —para iso están as hemerotecas, non o digo eu—.



No anterior pleno veu o conselleiro de Facenda. Vostedes preguntaban cousas ao Goberno, e considerouse que o conselleiro de Facenda era un conselleiro cualificado e respondeu á interpelación. E nós volvemos insistir na mesma mensaxe que, acertadamente, el trasladou: a Xunta de Galicia cumpre coas obrigas legais na contratación dos servizos sanitarios, á vez que continúa a traballar para mellorar aqueles aspectos que sexan susceptibles de mellora, de acordo sempre coas recomendacións realizadas polo Consello de Contas. O que non pode ser é que vostedes empreguen os informes do Consello de Contas segundo lles conveña e como lles pete; para vostedes son informes intermitentes, como á súa flamante eurodeputada, que cumprirá o seu mandato a tempo parcial: uns anos si e outros non. (*Aplausos.*) Unha cuestión, por certo, que vostedes ocultaron; ocultárono durante a campaña. (*Aplausos.*) Pois o mesmo que fan coa eurodeputada do BNG, así actúan cos informes do Consello de Contas: esta páxina interésame, esta páxina non me interesa e, entón, fago coma que non a vexo.

E no punto número 1 vostedes piden rematar coa derivación á sanidade privada. E un informe do Consello de Contas demostra que nunca un Goberno gastou tanto en concertos coa sanidade privada como cando vostedes gobernaron, é dicir, socialistas e nacionalistas. No ano 2008 destinaban á privada o 6 por cento dos recursos, despois de aumentar en 50 millóns de euros, é dicir, un 48 por cento de gasto nos catro anos. E hoxe, co Partido Popular no Goberno, o diñeiro dedicado á asistencia sanitaria con medios alleos non supera o 5 por cento dos orzamentos do Sergas; (*Aplausos.*) e non porque o diga eu nin porque o diga o Partido Popular, senón porque así o testemuña a Conta Xeral do Sergas do ano 2008 e así o reconece o Informe de Fiscalización da Conta Xeral máis recente, do ano 2022. Eu non sei a quen pretenden enganar con esta teima da sanidade privada porque vostedes, cando gobernaron, foron o mellor negocio para estas compañías privadas.

E faciame graza a señora Espinosa porque, mire, isto é do 24 de maio, señora Espinosa: (*A señora Amigo Díaz le un documento que sostén nas mans.*) «O hospital de Chamberí, que era un hospital militar, pasa á Quirón», é dicir, á privada —24 de maio deste ano—. Eu non sei por que falan de privatizar. Tampouco recordarán o que pasaba nos cárceres, cando o Sergas tivo que ir aos cárceres botar unha man porque non tiñan xente. Non sei, tamén faime graza que o PSOE e o BNG tampouco recorden que, no ano 2006, firmaron un acordo para que Povisa seguise sendo un hospital xeral. ¿En base a que a normativa? Non sei. ¿Con que proceso? Tampouco. Xa nolo explicarán. Mire, o certo é que desde o ano 2009 ata o ano 2024 o presuposto do Sergas aumentou un 38,7 por cento.

E ese hospital que teñen en Vigo, señora Espinosa —sobre o cal un seu compañeiro dicía que había que pagar polos sillóns—, un hospital punteiro na vangarda tecnolóxica, é un hospital público que é a envexa de moitos hospitais. (*A señora Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.*)

Mire, vostedes —volvo outra vez á moción—, no punto 2, chegan ao absurdo de pedirnos datos que xa teñen no seu poder: «Que a Xunta presente un informe coas derivacións», cando vostedes xa dispoñen desa información porque iso foi remitido a esta Cámara na Comisión de reactivación pospandemia. O que pasa é que a vostedes eses datos non lles gusta escoitalos porque, ademais de publicalos e de ofrecer todas as cifras e datos, se comparaban con ese Goberno nefasto que vostedes tiveron na man.



Vostedes piden multitude de informes cando, a estas alturas, deberían saber que todos os contratos realizados polo Sergas están dispoñibles no Portal de contratos e no Portal de transparencia; aí pódense ver todos os procedementos. E se dubidan da facilidade de buscar os contratos na Plataforma de contratos de Galicia deben saber que teñen tamén toda esa información no Perfil do contratante, no cal xa se recolle a opción de engadir diversos filtros.

E remato xa. Non vemos necesaria unha auditoría externa. Nós confiamos nos funcionarios; confiamos nos profesionais encargados de auditar as contas do Sergas, tanto a nivel interno como a nivel externo. E aínda que fagan crer o contrario, vostedes saben e recoñecen que xa existe un órgano externo que audita o Sergas, e este é o Consello de Contas; e, do mesmo xeito, o Sergas conta cunha Intervención que fiscaliza e controla a actividade do Sergas en primeira instancia e autoriza os procedementos que nel se levan a cabo.

A Xunta de Galicia cumpre coas recomendacións do Consello de Contas ata o punto de que hoxe toda a contratación empregada polo Sergas cumpre coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que era unha das súas principais peticións. Tanto os contratos restrinxidos como os menores sen publicidade ou as autorizacións de uso están amparados legalmente e son empregados por todas as administracións nas situacións que se requiren, co obxectivo último de prestar unha mellor atención sanitaria.

Saber gobernar é saber aplicar con intelixencia e celeridade as ferramentas que require o sistema sanitario, en función das diferentes tipoloxías do mercado en que se atopan determinados produtos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Iso é gobernar, porque protexer a saúde require actuar con celeridade e con acerto; e así se traballa desde o Sergas: con celeridade, con transparencia e con acerto.

Non podemos apoiar esta moción que vostedes traen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, cando non se quere escoitar, pois non se escoita.

Dicía a deputada do Partido Popular que o BNG nunca trae aquí propostas realistas. Claro, realista é o Partido Popular agochando a cabeza debaixo da ala e non escoitando as advertencias que levamos uns cantos anos dicíndolle sobre o que ía pasar como consecuencia das xubilacións que se ían producir e demais se non tomaban medidas. Non tomaron medidas e agora, de repente, ¿para que está o Goberno do Partido Popular? De comentarista, para dicirnos que hai problemas, para dicirnos que non hai médicos e para dicirnos que non hai



pediatras; hai anos que saben iso. O Goberno do Partido Popular está de comentarista para dicirnos que hai un problema, pero ¡que lástima que non houbera un Goberno que tivese as competencias para arreglalos! Simplemente temos de conselleiros comentaristas da realidade. *(Aplausos.)* Esa é a situación, non existe un goberno, existen uns comentaristas que din: «Hai un problema, pero ¿quen o ten que solucionar? ¡Ah!, creo que é Madrid. ¡Ah!, creo que son os profesionais». Diante dos gravísimos problemas existentes, ¿cales son as propostas realistas do Partido Popular? Son que os profesionais traballen máis anos, máis horas e que aproveiten as vacacións para seguir pasando consulta ou que se lles saque do salario unha parte pola existencia de listas de espera. ¡Esas si que son medidas realistas! *(Aplausos.)* Esas son as medidas realistas do Partido Popular, que logo chega aquí —hoxe esquecéuselle, señora Amigo— e fan un recoñecemento do traballo inxente dos profesionais. ¡Claro que si! Son os que conseguen quitar adiante, a duras penas, a situación, a pesar do Partido Popular. Esa é a realidade, a pesar do Partido Popular.

Esta é unha situación tremenda. Eu, se tivese tempo, falaríalle dos douscentos concellos sen pediatra, de que hai menos profesionais, menos orzamento en atención primaria... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porcentualmente, vostede sabe que aumentaron o orzamento en sanidade, pero porcentualmente en atención primaria menos. Ben, se tivese tempo, falaríalle de todo iso. Son precisas as explicacións porque a sanidade pública galega pasou de ser un dereito do que sentímonos orgullosos a ser un suculento negocio para algúns, para os de sempre, para os amigos, para as empresas amigas do Partido Popular. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

As galegas e os galegos están fartos de ver a situación de deterioración da sanidade pública, que non fai máis que aumentar, e están fartos de que lles digan que todo está ben cando a súa realidade é que todo está mal, que non teñen consultas en atención primaria e que pasan anos e meses agardando para unha consulta, para unha proba diagnóstica ou para unha intervención cirúrxica. Esa é a realidade.

Diante diso, o que fai o conselleiro son estas ocorrencias ou burlarse, porque só se pode considerar unha burla que o máximo responsable da sanidade deste país diga que as listas de espera son consecuencia de que o sistema funciona moi ben. ¿Como cren vostedes que se sentirá unha persoa, un galego ou unha galega que leva meses agardando por unha consulta cando lle din que leva agardando porque o sistema funciona moi ben e que todo o mundo quería consulta? De verdade que deberíano facerse mirar.

Por iso pedimos transparencia, pedimos información, efectivamente, e pedimos unha auditoría externa, que non significa substituír o Consello de Contas; é unha auditoría complementaria. Pedímola externa para que teña acceso directo á toda a información que ten a Xunta e non soamente á que lle manda a Xunta ao Consello de Contas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: O Consello de Contas non pode acceder directamente. Entón, é complementaria, porque o Consello de Contas leva anos poñendo o acento en todo o que vai mal, pero non ten acceso a toda esa información, porque nin lla traslada a Xunta de Galiza



nin Ila traslada o Sergas. Por iso pedimos que sexa esa auditoría externa, que, dende logo, non pretende, baixo ningún concepto, substituír o Consello de Contas.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer a desenvolver nestes catro anos, a través dun plan de obxectivos anuais, as seguintes medidas nos eidos da comunicación, ensino e empresa:

- Programas formativos do portugués a través da canle da Televisión de Galicia.

- Acordo de emisión da canle da TVG en Portugal e da RTP en Galicia, entre a lo menos unha das canles de televisión e radio en lingua portuguesa e galega.

- Desenvolver a implantación de módulos de estudo da cultura e lingua portuguesa nos centros de ensino secundario.

- Ofrecer a lingua portuguesa en tódalas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

- Consolidar e ampliar as prazas de profesorado de lingua portuguesa na educación secundaria.

- Ofrecer unha ampliación na formación de lingua portuguesa na EGAP

2. Impulsar o desenvolvemento e implantación da Lei Paz Andrade:

- Regular a través dun articulado a implantación do portugués como lingua estranxeira na educación en Galicia.



- Poñer en marcha o Observatorio da Lusofonía Paz – Andrade a través do cal se formulen os obxectivos anuais, se estructure unha planificación, así coma un orzamento e avaliación do traballo desenvolvido anualmente.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Hai quince días, no anterior pleno, viñemos aquí presentar unha interpelación. Como saben, agora fanse dez anos do cumprimento da Lei 1/2014, para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía, a denominada Lei Paz Andrade. O que viñemos facer aquí coa interpelación é facer un balance destes dez anos, xa que consideramos que é unha data bastante redonda e que era axeitado virmos aquí para falar do que se fixo, do que se deixou de facer e de cales son as perspectivas de futuro en relación con esta lei.

Como saben, esta lei foi aprobada por consenso neste Parlamento e foi tamén produto dunha iniciativa lexislativa popular que contou con dezasete mil sinaturas. Nós —como saben— concordamos co espírito desta lei e cos seus obxectivos e concordamos con que é preciso que a sociedade galega aproveite de moitas maneiras eses vínculos especiais que temos coas sociedades dos países de lingua oficial portuguesa. Sabemos que son máis de douscentos cincuenta millóns de falantes cos que nos podemos comunicar de xeito directo, precisamente debido a eses vínculos especiais que temos.

Por desgraza, o señor conselleiro veu aquí facer ese balance e fixo un relatorio do que se fixo, do que fixo o Goberno galego, das accións que levou a cabo o Goberno galego, que nos parece, como mínimo —e estou sendo moi moi moi xenerosa—, un balance moi pouco ambicioso. Entre as medidas que destacou o señor conselleiro inclúense algunhas actuacións, como por exemplo o Congreso Propor ou a iniciativa e os premios e os recoñecementos que recibiu a asociación Ponte... nas Ondas!, que nin sequera son iniciativas do propio Goberno, aínda que, loxicamente, reciban o seu apoio.

Parécenos significativo que este Goberno, no limitado tempo de que se dispón neste Parlamento para poder expor os nosos razoamentos, utilice —como lles digo— ese escaso tempo para pór en valor o apoio que se fai de iniciativas alleas. Parécenos ben que se faga ese apoio, mais o que pedimos aquí é que sexa o Goberno o que tome a iniciativa de vez. Son dez anos; se en dez anos non tivemos nada máis do que poida presumir este Goberno, parécenos que chegamos un pouquiño tarde.

Falou o conselleiro tamén das colaboracións da CRTVG coas televisións portuguesas, e, efectivamente, houbóas, mais o señor conselleiro acusábanos de ser pouco positivos na nosa valoración. O noso grupo reconece as cousas que se fixeron, mais o noso traballo tamén é vir aquí para facer balance e analizar o que non se fixo, igual que o seu traballo é cumprir as leis que se aproban neste Parlamento.

Sobre as colaboracións da CRTVG coas televisións portuguesas dígolles que, efectivamente, existiu algunha coprodución, mais falta por desenvolver a parte que se refire ás emisións



das televisións e das radios portuguesas en Galiza. Nese sentido, o señor conselleiro exixíalle ao BNG que actuase, mais o BNG, como saben —para a nosa desgraza—, non ten responsabilidades de goberno nin na Xunta de Galiza nin no Estado. Polo tanto, cremos que o xusto sería que o Goberno galego asumise a súa responsabilidade e dese algún paso adiante. Vexan que tampouco lles estou pedindo nada moi exixente; dar algún paso adiante e demandar, pedir ao Goberno do Estado que se amplíe o múltiple autonómico.

Outra cousa sobre a que lles quería falar que tamén mencionou o señor conselleiro o outro día é a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. O señor conselleiro, nesa amplísima listaxe de medidas que aplicou o Goberno galego, fala da presenza do Estado español na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa como observador asociado. Ben, isto xa o mencionamos o outro día, mais paréceme bastante importante, porque estamos a falar outra vez de acordos que se toman neste Parlamento que o Goberno galego ignora de forma deliberada. Aquí aprobouse en sede parlamentaria que sería o Goberno galego quen solicitaría a presenza de Galiza de xeito directo como observadora na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. En lugar de facer iso, como lles digo, ignorando deliberadamente un acordo do Parlamento galego, o que se fixo foi chegar a un acordo co Estado para que sexa España a que estea presente. No caso de que nós concordásemos con iso, que tampouco concordamos, haberá que facer un balance. ¿Cal foi o resultado da presenza do Estado español na Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa? ¿Para que lle valeu iso a Galiza? Se vostedes promoveron esa presenza, concordaron con ela e contribuíron a ela, haberá que explicar por que, para que, cal é o resultado e que é o que se pretende facer con iso no futuro.

Falamos do ensino. Sei que ao señor conselleiro lle pareceu que puxemos demasiadas tintas no ensino, mais a nós parécenos —e penso que no espírito da lei tamén está indicado— que é un dos aspectos máis importantes, porque o coñecemento da lingua é o que máis vai contribuír aos obxectivos desta lei. Só lle vou mencionar unha cuestión: o señor conselleiro puxo en valor —que eu tamén o mencionei na miña intervención— que hoxe en día hai 5.500 alumnos e alumnas de portugués en Galiza; se en dez anos só chegamos a esa cifra e o señor conselleiro e o Goberno galego pensan que é unha cifra suficiente, aí non me vou meter, mais falemos, por favor, de que na convocatoria de profesorado de educación secundaria do 2024 hai cero prazas, cero prazas, de Portugués. *(Aplausos.)*

Cuestión de ensino tamén: o Instituto Camões. Hai un acordo do Goberno galego co Instituto Camões. Insisto —por desgraza teño que falar nestes termos—: parécelles fastuoso, parécelles algo de moito presumir que en dez anos todo o que se consiga é un proxecto piloto con tres centros de ensino. Verdadeiramente pensamos que dez anos dan para moitísimo máis.

Falan tamén de acordos e de xestións que fai o Goberno galego; todo isto parécenos positivo. Non nos digan, por favor, que non somos construtivas, porque precisamente vimos aquí cunha moción na que presentamos unha serie de propostas moi concretas que pensamos que son realistas, que son realizábeis, con prazos concretos. Pensamos que estes dez anos que transcorreron xa daban para moito máis. Se todos e todas concordamos —que iso parece que di o consenso que orixinou esta lei— con que é preciso aproveitar eses vínculos coa lusofonía e chegar de xeito directo e facilitar ese acceso directo a empresas, estudantes e alumnado a títulos, certificados e relacións con outras empresas doutros países, haberá que propor medidas concretas e haberá que falar de prazos de execución.



Fomos xenerosas tamén co Observatorio da Lusofonía. Somos conscientes de que tiña que estar xa constituído, mais iso non é así. Entendemos que houbo un período electoral e concordamos con iso, polo que podemos ser un pouco máis laxas co tema dos prazos, mais se ven a nosa moción verán que lles facemos unha proposta concreta. Agardamos algún tipo de anuncio neste sentido de que se convoque xa, que se poña a funcionar, mais non só iso, senón que se establezan prazos de funcionamento, que se estableza un plan de actuación plurianual, que se poña un orzamento e que se estableza tamén algún mecanismo de seguimento e de avaliación da actividade do propio observatorio.

Como lles digo, son dez anos, e o balance para nós é escaso. Estamos aquí facendo o noso traballo, e parécenos que é un balance escaso. Cremos tamén que é o momento de mirar para adiante, sendo conscientes do que hai. Para nós, haberá que definir que é o que queremos facer coa estratexia da lusofonía. ¿Queremos ir adiante? ¿Queremos avanzar? ¿Ou queremos que siga quedando só nunha declaración de intencións bonita, na que todo o mundo concorda, mais que non serve absolutamente para nada?

Pedímoslles concreción. Se non se demostra esta concreción, por desgraza teremos que entender que o consenso que orixinou a Lei Paz Andrade quedou morto e enterrado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Taibo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bos días a todas.

Sen ningunha dúbida, a Lei Paz Andrade, que foi aprobada por unanimidade no ano 2014, nesta Cámara, é unha ferramenta de unión e de crecemento.

Segundo dixo o señor presidente, o señor Santalices, nunha homenaxe a un portugués ilustre que nos ensinou a todos a ver a arquitectura contemporánea e a cultura como é Álvaro Siza, que ten obras relevantes nesta cidade como o CGAC ou a Facultade de Periodismo, nin complexos de inferioridade da gran Commonwealth cultural que é a lusofonía, paréceme unha definición rotunda e contundente desa lei, coa que naquel momento esta Cámara se puxo de acordo e tirou para adiante.

A lei fixaba —e fixa— tres liñas fundamentais, como son: a aprendizaxe do portugués nos centros de ensino galegos; a promoción das relacións coa lusofonía con distintos niveis (económico, cultural, ambiental...); e o fomento dos intercambios audiovisuais entre Galicia e Portugal. É dicir, ten un triunvirato de accións que pecha, dalgunha maneira, esa implantación a nivel administrativo, a nivel educativo, a nivel social. É dicir, non se promove unha lei que estea só sobre o papel, senón que é unha lei que trata de actuar e actuar de forma contundente sobre o territorio.



Naquel momento os grupos políticos que aprobaron o texto e destacaron o potencial da lingua e viron na norma unha oportunidade, tamén, para que o galego gañase atractivo sobre todo entre as xeracións máis novas, dada a súa conexión co portugués. Iso é unha evidencia. É dicir, é evidente que se facemos nosa a lingua portuguesa nese sentido de traela cara ao noso terreo o galego vai gañar un pulo. É dicir, temos unha competitividade cultural e lingüística que se fai atractiva e que, , daría para moito máis do que eu creo que podemos pensar.

Ao respecto da lingua portuguesa, é unha evidencia que tanto a súa utilidade como ferramenta de desenvolvemento económico e social, así como ese intanxible que supón abrazar unha cultura da que non nos separa absolutamente nada e da que no día de hoxe desgraciadamente non fomos capaces de facela nosa, máis que para ser unha anécdota a pé de páxina. É dicir, Portugal son eses veciños —coa súa lingua e a súa cultura— que temos aí, pero realmente ás veces son tratados como unha anécdota da nosa vida.

Eu non son capaz de imaxinar en países centroeuropeos onde hai esa cuestión fronteriza dos idiomas que non houbese unha permeabilidade de cultura e mesmo de idioma entres os países. Iso que tanto añorabamos nos nosos nenos e nos nosos xoves, que viamos alí como había esa fluidez dos idiomas, esa aprendizaxe, incluso en idiomas que son absolutamente antagónicos entre eles. E tampouco en Sudamérica, co xigante do Brasil colindando con países onde a fala en castelán ten esa implicación co propio país.

Portugal e a súa lingua son, ademais, unha porta de entrada para centos de millóns de persoas no mundo que non só se atopan unidas pola lingua, senón que comparten a esencia dunha historia, dunha cultura e educación que nunca nos foi allea, senón que nalgún momento nós fomos parte da mesma.

Por tal motivo, e con toda a bonhomía, toda a lealdade e con toda a inxenuidade, vimos aquí o PSdeG coa intención de desenvolver esta lei, que sabemos —como xa se dixo aquí— que está minimamente desenvolvida. Diríamos, como dicíamos antes, «unha anécdota a pé de páxina». Nós queremos dotala realmente dunha viabilidade, non só desa viabilidade orzamentística, que ten que existir, senón dunha vía de mínimos para que, a partir deste ano 2004 e ata a fin da lexislatura, botemos a andar o recollido na lei. Insisto, moita aceptación popular e moito consenso, pero realmente non deixa de ser un oxímoro que aquilo no que estamos de acordo despois non sexamos capaces de botalo para diante. Eu sei que desde o Goberno, desde a Xunta, van poñer enriba da mesa o que se fixo. Pero todos sabemos —e eu creo que, ademais, todos tivemos estes días unha reunión coa Academia da Língua Portuguesa, que veu falar cos grupos parlamentarios— que a lei non está desenvolvida no senso no que foi creada, ademais co nome dun ilustre galego.

Insisto, o que traemos aquí, que é unha emenda de substitución, facémolo coa intención de que se leve a cabo, de que teñamos un consenso. É unha moción de mínimos, simplemente estase recollendo o que se está escudriñando dentro da propia lei, pero cun punto máis alá. Nós propoñemos para o goberno da Xunta desenvolver nestes catro anos, a través dun plan de obxectivos anuais, as seguintes medidas. Primeiro, programas formativos de portugués a través da canle de Televisión de Galicia. Temos aí fondos Next Generation para sacar convocatorias e poder facelos. Acordo de emisión da canle da TVG en Portugal e da RTP en Ga-



licia entre, polo menos, unha das canles de televisión e radio en lingua portuguesa e galega. Isto é unha cuestión de xestión co Goberno central de facer esta xestión para que poidamos telas nestes momentos e poñelas a funcionar.

Desenvolver a implantación de módulos de estudo da cultura e lingua portuguesa nos centros do ensino secundario. Non estamos falando da ensinanza, que falaremos despois. Pode ser unha cuestión de elección, pode ser unha cuestión de ofrecemento, pero é interesante que a lingua vaia acompañada dun estudo da cultura. Ofrecer a lingua portuguesa en todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia. Consolidar e ampliar as prazas de profesorado da lingua portuguesa na educación secundaria e ofrecer unha ampliación da información de lingua portuguesa na EGAP. Parécenos fundamental que no eido da Administración teña unha implantación directa. Regular a través dunha articulado esa implantación do portugués como lingua estranxeira na educación en Galicia, para facela crecer nun futuro.

E poñer en marcha o Observatorio da Lusofonía Paz-Andrade, do que se falou aquí, a través do cal se plantexen os obxectivos anuais e se estructure unha planificación, así como un orzamento de avaliación do traballo desenvolvido anualmente. Insisto, nada que non contempla a lei.

Tendemos a man para que isto realmente se poida levar a cabo, porque cremos que é de fácil implantación. Creemos que non ten máis alá duns termos de xestión e, por outro lado, unha dedicación orzamentaria que en moitos casos pode suplirse como dicía cos fondos Next Generation e noutros terán que facelo no apartado dos orzamentos da consellería.

Chámanos a atención, como dicíamos, que en lugares como Estremadura máis de vinte mil alumnos estudan portugués, e non teñen esa facilidade que nós temos da competencia do galego para facela a través do portugués. ¿Como pode ser que nunha comunidade que pode estar asimilada á comunidade galega nós apenas teñamos cinco mil quiñentos alumnos e eles teñan vinte mil? Quero dicir, puxeron sobre a mesa unha serie de accións que o levaron para un grao de cumprimento serio no que supón a aprender a aprendizaxe do portugués.

Insisto novamente, porque a nosa intención é que isto vaia cara adiante. A nosa intención é que isto sexa unha medida, unha aposta que nos vai facer máis fortes e, sobre todo, máis convincentes. Falabamos aquí —eu non sei se nunha comisión ou se neste mesmo pleno— das competencias que os nosos nenos e xoves poden acadar no estranxeiro cun mercado de centos de millóns de falantes. Eu creo que é máis que suficiente. Á parte está o intanxible da cultura que a todos nós fai, en calquera caso, máis sabios é máis fortes tamén.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: E remato cunha frase de Pessoa. Dicía o señor Santalices nesa frase que é esa alocución a Álvaro Siza, que «a lei era un paso modesto, pero tamén era un paso de xigante». Pois ben, ten Pessoa unha frase que é unha frase que di: «Pon todo o que es no mínimo que fagas». Eu creo que esta é a oportunidade. En portugués sería: «Coloque tudo o que você é no mínimo que você faz». Como ven vostedes, non é tan difícil; simplemente é cuestión de querer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Serei breve, saúdos a todos e en especial aos deputados e as deputadas que se incorporaron hoxe. Un saúdo.

Coincidimos esencialmente na proposta do Bloque. Creo que esta cuestión se ten valorado en diversas comisións e a nosa postura ao respecto creo que a deixamos clara varias veces. Estamos de acordo co contido da moción, coa intención e coas valoracións que se fan acerca da riqueza cultural e mesmo co compoñente económico que ten pois o coñecemento do portugués en Galicia. Tamén na asimilación de ambas as culturas e na potencialidade que ten o galego para integrarse na lusofonía que, de feito, nós entendemos que esta xa nesa área lingüística.

O único que vou aportar é que unha cousa que podemos facer é poñer en valor figuras, que eu estimo bastante descoñecidas, que achegaron un esforzo importante para ir nesta dirección. Vou nomear dous nomes de dous ourensáns que eu penso que recoñecer as súas figuras e tratar de dar a coñecer ou recuperar a súa obra na defensa desta causa da que estamos falando, pois podería ser interesante. Por un lado, o señor Isaac Alonso Estraviz, famoso lexicógrafo do que xa temos falado. E, por outro, outra persoa ao mellor non tan coñecida como o primeiro, que é o profesor Xosé Paz Rodríguez, que faleceu hai algún tempo e que foi, xunto con Estraviz e algún máis, un gran valedor desta causa da lusofonía e da integración, diso que tamén se chama ás veces o «reintegracionismo». Xosé Paz Rodríguez, profesor universitario moi coñecido polos seus os seus traballos sobre Tagore, foi ademais diso un gran defensor desta causa, que escribiu moitísimos artigos ao respecto en moitos periódicos e moitas revistas. Está o problema de que moitas veces usaba pseudónimos, entón ás veces sería difícil recompilar esa obra. Pero eu penso que non estorba para nada nos aspectos lexislativos e normativos que se propoñen etcétera, etcétera. Efectivamente, o primeiro paso é a metade do camiño, como di algún proverbio por aí tamén. Eu proporía, ademais, poñer en valor estas figuras, dalas a coñecer ao público e recuperar a súa obra, que abunda en argumentos nesta liña que se está propoñendo.

E nada máis, sinxelamente recordar eses dous nomes: Estraviz e o profesor Xosé Paz Rodríguez, que xa lles digo que escribiu moitos artigos avogando por esta causa. O problema está, como digo, en que non sería fácil recompilalos todos. Habería que poñerse en contacto cos compañeiros, profesores, familia... porque moitos foron escritos con pseudónimo. Esa é a proposta que fago adicionalmente ao que o que di a moción.

Nada máis. Grazas. Xa ve, señor presidente, que eu son respectuoso co tempo. E iso que, como non me aplaude ninguén, o tempo dos aplausos tamén tería que aproveitalo eu.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Grazas.



Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas ,señorías.

Sen dúbida ningunha, Galicia e Portugal comparten unha rica historia e cultura en común. Ambos os territorios estiveron estreitamente ligados desde a antigüidade, tanto en termos políticos como culturais, ata o punto de que a historia de Galicia e Portugal entrelázanse en varios momentos importantes, desde a época da invasión romana ata a actualidade. Galicia e Portugal formaron parte do Reino de León e, a pesar da separación política, ambos os territorios continuamos compartindo unha cultura, un idioma común e experiencias positivas como as eurocidades e como a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Precisamente a lingua galega é hoxe un dos principais activos para o estreitamento das relacións da nosa comunidade autónoma no ámbito da lusofonía. Os países da lusofonía no día de hoxe xa suman 270 millóns de persoas. Por iso, todos somos conscientes de que temos que aproveitar esta gran vantaxe lingüística para estreitar relacións culturais, sociais, educativas e económicas con todos estes países. A lingua é un dos elementos máis importantes para crear lazos de unión nunha sociedade. Pero a lusofonía non se circunscribe unicamente ao ámbito lingüístico, senón que abarca moitos máis aspectos.

Entrando xa máis polo miúdo no que solicitan vostedes nesta moción, teño que dicir varias cousas. O primeiro é que me resulta curioso que nos pidan precisamente a nós que nos dirixamos ao Goberno central para que autorice esa recepción das canles de radio e televisión portuguesas en Galicia. Creo que sería unha boa ocasión para lembrarlles, e tamén preguntarlles, que foi deses famosos pactos que asinaron entre vostedes dous, entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, comprometéndose a fomentar os vínculos coa lusofonía. ¿En que quedou este compromiso? Isto tamén é cuestión de xestión, señorías do Bloque. Pódenlles preguntar aos seus socios de Madrid sobre este acordo e de paso tamén polos demais, porque firmaron varios.

O que está claro é que vostedes non están para facer pactos, non se lles dan moi ben, señorías. Agora co último que fixeron, coa súa eurodeputada de xornada partida, fixa descontinua, eu non sei se os enganaron a vostedes ou se foron vostedes os que enganaron os galegos. Alá por Ourense din que cando estás xogando ao tute na terceira ou na cuarta partida xa te dá conta de quen é o pagafantas. E, se non te deches conta, desconfía. (*Aplausos.*) Outro mal pacto, señorías.

Pero miren, aínda así non temos inconveniente ningún en que o Goberno da Xunta de Galicia, facendo uso da súa responsabilidade, se dirixa, unha vez máis, ao Goberno de Pedro Sánchez e aos seus socios para que fagan algo. Como saben, a política de telecomunicacións é de competencia estatal; non é da Xunta de Galicia.

No referente ás prazas de portugués —xa se dixo aquí— nos centros de ensino, acadamos unha importante cifra: máis de cinco mil alumnas e alumnos. Un logro non casual, senón inducido polas campañas para incrementar a demanda de matrícula nos centros e que im-



pulsamos, en colaboración coa Asociación de Docentes de Portugués, en Galicia con algunha campaña, unha delas foi «Portugués, amor a primeira vista». As vacantes de prazas que se convocan, así como a implantación do portugués como segunda lingua estranxeira, fanse en relación á demanda existente de matrícula nos centros. A raíz da Lei Paz-Andrade, foron gobernos do Partido Popular os que primeiro convocaron prazas de especialistas en portugués para secundaria. Nas últimas convocatorias de oposicións sacáronse prazas para IES de Secundaria. E nesta convocatoria, non podemos falar de cero prazas, porque nesta convocatoria convocáronse —como saben perfectamente— catro prazas para as escolas oficiais de idiomas, o que tamén foi consensuado coa Asociación de Docentes de Portugués en Galicia.

O portugués impártese nos centros educativos sempre que hai demanda por parte do alumnado. Estamos así cumprindo a lei, incorporando progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensinanza de Galicia e dando resposta á demanda que existe incorporando novos docentes. Respecto á nova Lei de FP, tamén está o Goberno galego traballando xa para que no próximo curso mediante unha orde, e a partir do vindeiro curso 2025-2026 mediante un decreto, se garanta a presenza do portugués na FP, como xa está ocorrendo nalgúns centros.

Hoxe non me sacaron o tema de Estremadura, sempre mo sacan nas comisións, porque este é un tema xa moi traballado é moi manido. Claro, hoxe non era precisamente o tema para falar de Estremadura, que poñen a Estremadura como exemplo do sistema de ensinanza portugués. Xa llelo teño dito, non me poden negar que un extremeño está obrigado a coñecer o portugués paren interactuar co país veciño. Pero nós, os galegos, entendémonos perfectamente, comunicamos moito máis fácil con Portugal pola similitude das nosas linguas.

Xa se falou aquí tamén do Observatorio da Lusofonía chamado «Valentín Paz-Andrade». A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e a Unión Europea está ultimando os trámites para constituír o dito observatorio.

Falan tamén moito vostedes na súa moción do informe anual que debe presentarse no Parlamento polo cumprimento da Lei Paz-Andrade. O informe anual saben que o fai o secretario xeral de Lingua todos os anos na Comisión 4^a. Ademais, ¿que mellor informe? É un informe no que vostedes poden preguntar e repreguntar ao mesmo secretario sobre as posibles dúbidas que lles queden no aire.

Falouse tamén da CPLP, da Comunidade de países de lingua Portuguesa, na que España está como país asociado grazas a Galicia, que o impulsou e elaborou os primeiros plans de acción e promoción da lingua portuguesa. Estando España na CPLP, nós, dende o Partido Popular, entendemos que tamén está Galicia. Iso non é óbice para que o Goberno español aproveite esas reunións onde non está —pola constancia que temos— mandando ningún representante, polo que debería nomear un representante de Galicia, porque ademais xa se comprometeron a iso.

Quizais de todos estes vínculos que nos unen coa comunidade portuguesa, o máis importante sexa o falado do idioma propio. Un vínculo que agroma do galego e do portugués, que compartimos ambas as sociedades; que falamos e sentimos ambas as sociedades. A todo isto temos que sumarlle a presenza dos ditos centros galegos en Portugal, sobre todo en Lisboa, que tanto traballo fan para promover a nosa cultura. Tamén os centros de estudos das uni-



versidades do Miño, do Porto, de Lisboa e do Faro, así como múltiples intercambios e colaboracións culturais con Portugal e, cada vez en maior medida, cos países lusófonos. Xa ven que non é necesario abrir embaixadas nin delegacións permanentes, como piden vostedes, para seguir impulsando o portugués.

Para nós, o balance é positivo. Seguiremos traballando, loxicamente, para mellorar. A nosa é unha política aberta que cre en derrubar fronteiras e na cooperación entre os pobos. Seguiremos, señora Longueira, pondo todo o que facemos no que facemos.

Muito obrigado. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

Grupo autor da moción, señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, señor presidente. Grazas aos portavoces tamén.

É unha intervención esta difícil, porque son tantas as cousas que responder... Vou comezar por lembrar que, efectivamente, —xa o dixemos antes— concordamos no diagnóstico. Precisamente, cando se aprobou esta lei hai dez anos concordamos todos os grupos presentes no Parlamento; e hoxe en día, polo que se ve aquí, seguimos a concordar. Entón, eu diría que non nos demoremos máis nese diagnóstico. Concordamos en que é moi importante relacionarnos cos países de lingua oficial portuguesa dun xeito máis privilexiado.

Mais do que viñemos a falar hoxe é da concreción, de que é o que se vai facer. A min alégrame por el que o señor Ferro teña un balance positivo, mais —como xa lle dixemos— non podemos concordar. Eu agardaba algo máis de ambición, agardaba o noso grupo algo máis de ambición, porque verdadeiramente hai moitas cousas aquí cuestionábeis.

Sobre o pacto co Goberno central, a min paréceme curioso, parécenos bastante curioso. Eu penso que é o Goberno galego... Están vostedes na Xunta de Galiza, son vostedes os que gobernan. Independentemente dos pactos aos que poida chegar o BNG, é o Goberno galego quen ten a capacidade de dirixirse ao Goberno do Estado para demandarlle o que falabamos das televisións e o que falabamos tamén da Comunidade de países de lingua portuguesa. Vostedes renunciaron a esa presenza porque quixeron; decidírono facer vostedes, contravindo o acordo do Parlamento galego. Entón, agora non veñan poñer excusas de mal pagador.

Gústame que fale vostede de Ana Miranda, porque é un orgullo, un auténtico orgullo, a nosa compañeira Ana Miranda. Fixo ela moito máis polo portugués e polas relacións cos países de lingua oficial portuguesa que este Goberno nos dez anos de aprobación da Lei Paz-Andrade. *(Aplausos.)*

Alégrame tamén o positivos que son á hora de valorar a cifra de alumnos, xa a sacamos aquí. Efectivamente, vostede estaba decepcionado por que non falásemos de Estremadura. Xa o dixemos hai quince días: 5.500 alumnos en Galiza, incluíndo escolas oficiais de idiomas; 25.000 alumnos en Estremadura. Dez anos da Lei Paz-Andrade daban para moitísimo máis.



Falaba vostede das escolas de idiomas. Efectivamente, eu o que dixen é que este ano hai cero prazas convocadas para a Educación Secundaria. Hai catro convocadas para escolas oficiais de idiomas e non foi precisamente polo consenso do seu grupo coa Asociación de Docentes de Portugués en Galicia. Paréceme simpático que digan disto, porque foi precisamente por unha demanda desa asociación e de todas as asociacións do sector. Eu non sei se a iso xa lle pode chamar consenso. Se vostedes entenden que iso é o consenso, entendo que pensen que son vostedes o campión do consenso e da man tendida. (*Aplausos.*) E se queren falar e presumir das escolas oficiais de idiomas, explíquenlos, por favor, por que votaron en contra de que o portugués estea presente na Escola Oficial de Verín.

Quédanme moitas cousas por dicir, mais non dispoño de máis tempo. Só quero insistir nisto: nós viñemos aquí, trouxemos esta moción con propostas moi concretas e con prazos de execución que consideramos que son bastante realistas. Dez anos dan para moito máis. Por favor, non agardemos máis.

Tempo perdido na educación. Xa o dixemos hai quince días: ¿cantos alumnos e alumnas pasaron polos centros de ensino galegos sen nin sequera saber, sen sequera ter información? Porque —desculpen, isto si que non o podo esquecer— vostedes presumen das campañas de divulgación que fixeron en colaboración coas entidades. Foron as entidades as que publicaron as campañas, que contaron, casualmente e por sorte, co seu apoio; mais non foron vostedes os que tiveron esa iniciativa. ¿Cantos alumnos e alumnas pasaron polos centros de ensino galegos sen ter nin idea de que tiñan a capacidade de estudar portugués, accedendo a todas estas vantaxes coas que concorda todo este Parlamento? Falamos aquí de cultura, mais hai que falar tamén doutras cuestións, dos vínculos empresariais ou da diplomacia. ¿Canto tempo non perderon as empresas nestes dez anos de relacionarse de xeito directo con todas estas empresas que falan a súa lingua?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda? A emenda. ¿Acepta a emenda do Grupo Socialista?

A señora TAIBO CORSANEGO: Si, desculpe. Esquecín dicirlle que non podemos aceptar a emenda, porque entendemos que é máis reducida e inclúe menos medidas das que formulamos na nosa proposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Armando Ojea.

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura

O señor PRESIDENTE: Hai emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da iniciativa polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Desenvolver o parque empresarial de Taboadela, en cumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno galego, co obxecto de fomentar o crecemento industrial da provincia de Ourense.*
- 2. Realizar un estudo de viabilidade para compatibilizar o uso do parque empresarial coa construción dun circuíto de velocidade nos terreos do desestimado plan territorial integrado do Val de Rabeda que avalíe a posibilidade de coexistencia de ambas infraestruturas.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1.º) Impulsar a ampliación do espazo empresarial nos polígonos de San Cibrao e de Pereiro de Aguiar, así como a construción de novos espazos industriais e empresariais nos concello de Paderne de Allariz e Taboadela.*
- 2.º) Demandar do Goberno do Estado a creación dunha estación ferroviaria de mercadorías no concello de San Cibrao das Viñas.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidente.

Ola de novo.

Esta moción está relacionada coa interpelación que fixemos no pasado pleno, no cal lle preguntamos ao Goberno que tiña pensado facer nese espazo propiedade da Xunta de Galicia, dun millón de metros cadrados aproximadamente, no que no seu día estaba proxectada unha iniciativa empresarial. A resposta resumida — tal e como nós a interpretamos — foi que non sabían moi ben que facer nese espazo e que quedaba desbotada por completo a iniciativa de tipo empresarial coa que se concibiu no primeiro día, alegando unha serie de afectacións



como cables de alta tensión, xacementos arqueolóxicos, o paso dunha liña de AVE etcétera, etcétera, etcétera.

Entón nós, habida conta de que o Goberno —tal e como entendemos, repito— non ten ningunha idea para o espazo pero o que si segue tendo é o propio espazo, traemos unha proposta concreta, moi concreta; non é unha proposta vaga, senón que é unha proposta concreta. A idea é un circuíto de velocidade que, por outra parte, vén sendo demandado dende hai décadas por diferentes colectivos deportivos da cidade e por amplos sectores da sociedade. Un circuíto de velocidade para o cal, con toda probabilidade, serían suficientes os terreos, tal e como se nos di dende ámbitos que coñecen o sector.

Ademais, ten unha particularidade: un circuíto de velocidade pode ser deseñado na práctica dun xeito infinito —por empregar unha hipérbola, loxicamente— de maneiras. Pódese deseñar —iso xa o farían as empresas especializadas que o fan— de xeito que non se vise afectado por esas limitacións, tales como a presenza de xacementos ou como a presenza dos outros elementos que entorpecían a creación dun parque industrial. Un circuíto de velocidade ten unha gran plasticidade, pódese deseñar de moitísimas maneiras e, seguramente, de máis de unha e de máis de dúas maneiras poderase facer sen que se vexa afectado por esas limitacións.

Repito que hai empresas especializadas que farían iso e que serían, loxicamente, chegado o seu momento, contratadas para facelo.

Está claro que Ourense é unha referencia mundial no mundo do motor, que ademais proxecta a imaxe de Galicia por todo o mundo. Hai nomes internacionalmente coñecidos como Barreros, como Reverter e outros moitos que proxectaron a imaxe de Ourense asociada ao deporte e á industria do motor. E nestes días, precisamente o venres e o sábado, vaixe desenrolar alí na provincia o famoso rally de Ourense, cunha grande historia e cun gran prestixio no ámbito dese deporte. Precisamente o delegado da Xunta o outro día, cando facía a presentación do rally, recordaba a grande importancia que ten Ourense nesta clase de asuntos. E estaríamos encantados de que o Goberno de Galicia se sumase a esta demanda.

O circuíto que estamos demandando non é loxicamente un circuíto de Fórmula 1, que para iso se requiren ao mellor unhas características moi especiais, e que, por certo, tal e como se nos di desde as escuderías e por parte da xente que sabe do tema tampouco é o que máis rendemento económico, social, turístico etcétera aporta. Segundo se me di, as carreiras de Fórmula 1 normalmente adoitan ser deficitarias, o que pasa é que os circuítos nos que se desenrolan teñen outra clase de actividades cotiás de todos os días, que son as que lles dan un rendemento.

Ben, pois nese sentido iría este circuíto. Un circuíto no que puideran celebrarse non necesariamente carreiras de Fórmula 1, que xa digo que esa é outra historia, pero si eventos deportivos relacionados co mundo do motor e noutras modalidades do deporte da automoción, tamén en coches, tamén con camións etcétera.

Pero o máis importante é que, tal e como se nos di que sucede noutros circuítos similares, non hai un só día que non estean sen usar por parte, por exemplo, de empresas de automo-



ción, que fan as súas probas nos diferentes aspectos ligados á calidade dos vehículos, potencia de freada, aceleración, desgaste dos pneumáticos etcétera. Esas empresas valoran moito a presenza desta clase de asentamentos para poder facer non soamente probas automobilísticas para comprobar os aspectos técnicos, senón incluso demostracións comerciais cada vez que sacan un novo modelo ao mercado e adoitan facer demostracións ante, por exemplo, os representantes dos concesionarios, ante o público en xeral, alugando para iso esta clase de instalacións. Ou sexa, un circuito polivalente, no que se puideran facer todas estas clases de actividades, á parte de cursos de condución, á parte de que, como xa adiantaba o outro día creo que nunha comparecencia, as propias forzas de orde pública soen usar esta clase de instalacións para os seus cursos de condución perigosa, simulacións de actividades diversas etcétera.

Entón, ata se me apuntaba nalgún momento unha idea adxacente, que podería ser incorporar un museo da automoción nas proximidades ou no propio complexo, que incorporase as múltiples coleccións privadas que existen na comunidade autónoma de coches antigos e de cousas así. Ben, iso xa sería incluso algunha adición secundaria, pero que tamén podería valer.

Desde logo que a presenza deste circuito de automoción poñería en valor o resto de recursos turísticos de toda a zona, que son moitos, incluídos mesmo eses recursos sociolóxicos que serían evitados ou serían protexidos sen que se visen afectados por este circuito de velocidade, pero que ao mesmo tempo viría unha sinerxía entrambas as cuestións.

Sería unha infraestrutura única, que non soamente non lle daría valor á provincia de Ourense, senón que daría valor a toda a comunidade autónoma. Existen outros moitos circuitos en toda España, e como digo sempre se nos di desde os sectores que entenden disto que non pasa nin un só día que non se usen esas instalacións, hai demanda, hai listas de espera, e tamén hai listas de espera, ¿como non?, como falabamos antes desgraciadamente.

E despois eu penso que se este goberno fixera esa interesante e importante infraestrutura, coroárase o señor presidente de cara ao futuro ante os múltiples colectivos relacionados co mundo do motor, co mundo da industria automobilística.

Nas proximidades, no norte de España e no norte de Portugal, e en Galicia incluso, hai diferentes empresas que poderían utilizar ese circuito para as súas probas: PSA en Vigo, Urovesa en Santiago de Compostela, Toyota no Porto, Renault en Palencia e Valladolid, Mercedes Benz en Santander, Mitsubishi e Volkswagen en Palmela, Portugal, etcétera, á parte das empresas fabricantes de compoñentes, como amortecedores, freos, pneumáticos... Ademais, unha cousa moi importante: a presenza dese circuito de velocidade atraería a implantación de novas empresas relacionadas co sector da automoción.

Sabemos que houbo uns intentos previos en Silleda e en Verín de circuitos así. Pero tendo en conta a propiedade por parte da Xunta de Galicia dese importante espazo e da proximidade da A-52, o feito de que agora a Ourense e ao resto de Galicia nun tempo —xa veremos cal é— chega o AVE, o que podería atraer con moita máis intensidade visitantes á nosa comunidade, sería unha proposta...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA BOUZO: ...que entendemos moi acaída, moi realista, e demostraría unha verdadeira aposta deste goberno pola provincia de Ourense, con proxectos concretos e non con vaguidades e abstraccións evanescentes como na proposta de transacción.

Tamén temos unha valoración feita sobre as emendas, pero acerca delas falarei despois na outra rolda.

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Presentaba o señor Ojea no pleno pasado unha interpelación ao Goberno sobre a planificación da creación do solo empresarial nesta lexislatura. Falaba nese momento da errática planificación de solo industrial galego, de chan empresarial, coas consecuencias que iso supón para a implantación de industrias; opinión na que concorda este grupo parlamentario. E preguntaba vostede que ía facer o Goberno da Xunta de Galicia para mudar esta situación nesta lexislatura sobre a falta de solo industrial, como ía facer o Goberno da Xunta, como tiña previsto mellorar ou impulsar no caso concreto o desenvolvemento industrial e empresarial da provincia de Ourense, e por último por que non se retomaba o proxecto industrial do Val da Rabeda.

Pois ante a resposta da conselleira de Economía e Industria, desistiu o interpelante de derivar a moción no asunto para tratar, o chan empresarial, e reconvertela nunha moción totalmente distinta, que analizaremos. Xa o oíron vostedes: pasamos de chan industrial a unha clase de automobilismo.

Confeso que no pasado pleno nos alegrou enormemente que se preocupase vostede polo chan industrial, polas empresas, polo desenvolvemento industrial de Ourense, cando o seu Goberno na capital, en Ourense, o Goberno de Jácome, decidiu desmantelar despois de quince anos en funcionamento o Centro de Iniciativas Empresariais, o CIE, porque a vostedes isto de desmantelar centros e servizos se lles dá ben. Desmantelan o Centro de Iniciativas Empresarias, pechan o CIN, desbotan o programa Xantar na casa etcétera.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Socialista en Ourense levou no pasado pleno unha moción para a creación dun plan estratéxico que impulsase o desenvolvemento económico e que permitise recuperar este centro do que falaba, o Centro de Iniciativas Empresariais, e vostedes votaban en contra. Parece que ten unha dobre vara de medir Democracia Ourensana no Concello de Ourense e na Xunta de Galicia.

A chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta no 2009 implicaba un rotundo e negativo cambio de criterio no referente á execución orzamentaria, porque a partida prevista para o



Val da Rabeda non foi executada, e eses millóns de euros orzados para eses municipios ourensáns pasaron a engordar partidas noutras provincias de Galicia, que eran máis prioritarias para o Partido Popular.

Pero tres lustros despois, eses catro millóns de metros cadrados están completamente abandonados, a pesar de que ese gran volume de superficie segue a ser de titularidade público-autonómica pero sen uso ningún.

En abril do ano 2010, o Partido Popular materializaba outra gran labazada contra Ourense, cando o Consello do Goberno da Xunta acordaba desistir dese Plan territorial integrado do Val da Rabeda. E no seu lugar o Executivo de Núñez Feijóo redimensionaba á baixa a proposta para o Val da Rabeda, volatilizando o proxecto de Portela e pasando a ser dous parques sectoriais individuais, denominados «parque empresarial de Taboadela» e «parque de Paderne de Allariz». Temos aquí o Consello da Xunta de Galicia (*A señora Rodríguez Dacosta le un documento.*) que dicía que desbotaba o Plan territorial integrado, pero si que se farían eses dous parques empresariais, o de Taboadela e Paderne, que di a propia nota da Xunta que xa foron incorporados ao Plan de solo empresarial 2009-2015.

Ben, dende aquela decisión de Núñez Feijóo, hai máis dunha década, eses terreos están improdutivos e sen uso. Ademais, a administración debe gastar fondos públicos ano tras ano para controlar a biomasa por mor da perigosidade de verse afectados polo lume. A actuación da Xunta de Galicia podémola cualificar de bochornosa.

En decembro do 2023, a Xunta someteu a exposición pública a aprobación inicial do Plan estruturante do polígono de Paderne de Allariz; nembargantes, como dicía, quince anos despois non hai intención ningunha de desenvolver actuacións na área industrial planificada en terreos de Taboadela.

No caso deste polígono, ideado para este concello, estamos a falar de 1.200.000 metros cadrados de solo, moi produtivo ata hai pouco, sen grandes accidentes xeográficos, o que facilita a súa urbanización. Tamén están magnificamente situados, a escasa distancia doutros polígonos industriais, como está a carón da estación de ferrocarril, comunicación directa coas autovías A-52 e AG-31, e a estrada N-525.

Dende o PSdeG-PSOE, cremos que se abre unha interesante fiestra de oportunidade para a Xunta de Galicia, para que poida desenvolver este proxecto ao que se tiña comprometido. Incluso se poderían ampliar eses desenvolvementos e completar ámbitos como o forestal, o cultural etcétera. E tamén establecer unha estratexia de ocupación do territorio onde convivan infraestruturas e usos produtivos coa estrutura agraria actual, coa ampliación do solo produtivo, introducindo —como dicía— infraestruturas necesarias para a súa creación.

Precísanse en Ourense políticas de reequilibrio territorial, e un dos requisitos é aumentar o solo empresarial. De feito, o motor laboral da provincia leva anos arrastrando a ausencia de oferta de parcelas, o que dificulta a chegada de novas fábricas. O mellor exemplo desta carencia é o que está a suceder no polígono de San Cibrao das Viñas, o máis grande da provincia



e un dos máis importantes de Galicia, que leva anos reclamando unha ampliación que non acaba de chegar. E a falta de espazo reflíctese na escasa oferta dispoñible de solo.

Algo similar acontece no polígono de Barreiros. E no parque empresarial do Pereiro de Aguiar está comprometida unha ampliación ao igual que en San Cibrao das Viñas. Pero a situación que vive o corazón industrial de Ourense fai que moitas empresas miren cara a Portugal para establecer os seus negocios.

Por iso parécenos que non se pode desbotar sen máis, señor Ojea, o proxecto do solo industrial para Taboadela, ao que se comprometeu a Xunta despois de descabezar o anterior Plan territorial integrado, tamén outros chans industriais.

Tamén podería estudarse a posibilidade de compatibilizar este uso co que vostede aludía, esa construción dun circuíto de alta velocidade.

Pero ¿por que se ten que estudar a viabilidade? Para que non sexa auga de borrascas ou para que non sexa un fiasco como a Xunta acostumaba cando chegaban as eleccións a prometer proxectos, que despois non cumpría, e tamén o seu partido co famoso parque acuático.

Por iso presentamos unha emenda, na que se pide desenvolver ese parque empresarial de Taboadela, en cumprimento dos compromisos adquiridos, e que se realice este estudo de viabilidade para compatibilizar o uso do parque empresarial coa construción dese circuíto que xa se levaba reclamando dende os anos setenta polos que somos de Ourense e coñecemos o señor Reverter.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

A verdade, señor Ojea, é que me ten así un pouco sorprendido coa súa iniciativa. Despois dalgúns meses xa como deputado, vostede que foi vicepresidente da Deputación de Ourense e que segue a ser concelleiro en Ourense, a verdade é que que presente esta iniciativa é cando menos sorprendente. É sorprendente na forma, ben, por unha redacción que entendo positivo que as letradas a admitisen e que a temos que tramitar no día de hoxe, mais sobre todo pola escasa correspondencia que existe entre a súa interpelación e a moción que presenta para a votación no día de hoxe.

Unha interpelación que era sobre o solo empresarial e que agora de boas a primeiras transforma nun circuíto de velocidade. Este cambio de orientación na súa iniciativa, pasando de dotación de solo empresarial a un circuíto de velocidade, evidencia dúas cousas: a primeira,



unha fe cega nos seus socios de goberno —do Goberno local—, iso é unha fe cega e absoluta nas cousas que dixo a conselleira, e despois tamén un afecto nada agochado no patrocinador inicial do seu partido, porque isto que estamos a debater hoxe hai moitos anos era a cidade do motor para Verín, despois foi un circuíto de Fórmula 1 para Verín, todo auspiciado polo señor Baltar.

E, por certo —vostede sábeo porque foi vicepresidente da deputación—, na deputación houbo caros estudos para ver a viabilidade deste proxecto; caros estudos dun informe que practicamente era un corta e pega doutro que había para La Bañeza, e bastante similar e había que anticiparse a outro para Cerceda. Por tanto, isto e moito dos motivos que vostede alegou xa están estudados pola Deputación Provincial de Ourense. Por certo, dicían que era antieconómico, eu non sei se vistas as querenzas pola velocidade do señor Baltar ao mellor a Deputación aforraría moito en multas se tivese feito o circuíto de velocidade, (*Aplausos.*) e o Partido Popular tamén aforraría en desgustos.

Pero, en todo caso, chama a atención esa confianza cega, porque vostede asume a inviabilidade non só do proxecto de Val da Rabeda senón tamén da creación de solo empresarial nos espazos xa expropiados. É certo que —como dixo a conselleira— o proxecto de Val da Rabeda non era só un proxecto de solo industrial, era un plan territorial integrado; é dicir, falábase de catro millóns de metros cadrados de solo industrial, mil catrocentas vivendas e despois tamén de 1,2 millóns de espazos libres, espazos libres nos que estaban previstos os restos arqueolóxicos.

Por tanto, os achados arqueolóxicos e o Plan do Val da Rabeda non eran incompatibles, como tampouco a liñas de alta tensión. E isto xa non o digo eu, xa non o di a titular deste proxecto, que era señora Táboas Veleiro, hoxe vicepresidenta da Unión Internacional de Arquitectura, senón que incluso o voceiro do Partido Popular na deputación falaba de que eses non eran argumentos para desbotar o proxecto do Val da Rabeda. Un proxecto que non era só para Paderne de Allariz e Taboadela, senón que era para o reequilibrio territorial de Ourense e do interior deste país. E vostede sen máis desbota a posibilidade de impulsar este proxecto, esta iniciativa.

E o que é curioso —por iso falaba de confianza cega, que practicamente se podería falar de fe— é que a conselleira nesta interpelación realmente as manifestacións que fixo non foron unha exhibición de rigor, e por razóns de tempo simplemente voume referir a dúas.

A primeira, a conselleira leu unha resposta parlamentaria a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego no 2010, mais só a leu parcialmente, simplemente para dar conta dos motivos polos que o Partido Popular —motivos que nós entendemos sectarios e simplemente políticos— desbotou o proxecto do Val da Rabeda. Mais non seguiu lendo, porque se seguisse lendo esa resposta do 2010 diría que non significa o abandono do PPI, non significa que se anulen todas as actuacións incluídas nel, xa que se manteñen os proxectos do campus industrial de Paderne de Allariz e do parque empresarial de Taboadela, 2010.

Señor Ojea, ¿que hai do campus industrial de Paderne de Allariz?, ¿que hai do parque empresarial de Taboadela? Nada en absoluto. (*Aplausos.*) E os terreos están á disposición da Xunta de Galiza.



Mais en todo caso, señor Ojea, creo que a exhibición de rigor máis grande da conselleira non foi esta; esta simplemente é unha información nesgada e parcial. Decía a señora conselleira que está en tramitación o proxecto de ampliación do solo industrial do Parque Tecnolóxico de Galiza e que xa está presentado o proxecto —vouno ler textualmente—, supoño que vostede se dirixía ao señor Ojea: «Saberá que está agora mesmo presentando o proxecto de urbanización no Concello de Ourense. Estamos esperando que o Concello de Ourense resolva esta cuestión para desenvolver esta ampliación do parque empresarial».

Señor Ojea, ¿cre que iso é certo? ¿Cre que a señora conselleira de Economía e Industria, presidenta do Consello de Administración do Parque Tecnolóxico de Galiza, está agardando que o Concello de Ourense resolva sobre o proxecto de urbanización? ¿Será certo que a presidenta do consello de administración non sabe que o Parque Tecnolóxico de Galiza non está ubicado no concello de Ourense, que está ubicado no concello de San Cibrao? (*Aplausos.*) Concello de San Cibrao que goberna o Partido Popular e que —xa lles anticipo— non ten rexistrado ningún proxecto de urbanización. (*Aplausos.*)

Señor Ojea, isto é fe. Crer nunha conselleira de Economía e Industria cando di estas cousas e cambiar a alternativa por un circuíto de velocidade realmente é crer nos socios de goberno. Iso, xa me gustaría ter algún socio de goberno así, sen dúbida.

Pero o máis perigoso como ourensáns que somos é que a señora conselleira non falou ningún dato de Ourense, falaba de datos de Galiza. ¿E por que? Hai unha explicación: porque dende o 2009 Ourense perde máis de trinta e un mil habitantes, porque no século XXI Ourense perdeu trinta e dous mil mozos e mozas menores de trinta anos, porque dende o 2009 case sesenta mil ourensás tiveron que emigrar fóra de Galiza, vinte e un mil menores de trinta anos. Nestes anos de Goberno do Partido Popular Ourense perdeu tres mil afiliadas no sector industrial e máis dun vinte por cento de autónomas. Nos últimos dez anos as exportacións medraron un cincuenta por cento, pero as importacións duplicáronse, medraron un cen por cento. Esa é a situación de Ourense.

¿E renunciámos a solo empresarial para un circuíto de velocidade do que non sabemos a rendibilidade? Ou, mellor dito, si sabemos por experiencias pasadas, pois créanme porque de experiencias pasadas falárase con Citroën e non lle interesaba un circuíto de velocidade para facer as probas que vostede dixo. Todo iso por alguén con preocupación, e antes do proxecto do Val da Rabeda, non para o Val da Rabeda senón para Verín, traballouse este tema. Por iso, iso tíñao que coñecer vostede, señor Ojea, como vicepresidente que foi da Deputación de Ourense.

Pero é que ademais o IGVS hai aproximadamente un mes anunciaba a venda de parcelas de solo empresarial en Galicia. ¿Saben, señores do Partido Popular, cantas parcelas había na comarca de Ourense?, ¿cantas había no parque empresarial de San Cibrao?, ¿cantas no polígono de Barreiros?, ¿cantas no parque tecnolóxico ou no parque empresarial do Pereiro de Aguiar? Ningunha. Non hai solo empresarial para a ampliación.

Iso é o que necesitamos: proxectos serios, proxectos reais. Temos expropiados máis dun millón de metros cadrados. Hai un proxecto xa elaborado polo Bipartito posteriormente non



renunciado polo Partido Popular, simplemente non executado. E iso é o que necesitamos: proxectos serios, proxectos reais, solo empresarial para que se poidan ampliar e establecer as empresas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e que os ourensáns e os galegos e as galegas non teñan que seguir a emigrar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Prieto.

O señor PRIETO PERILLE: Moitas grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Como esta vai ser a miña primeira intervención nesta cámara, un saúdo a todos os grupos presentes nela, e dunha forma moi especial aos meus compañeiros e compañeiras do Grupo Popular. (*Aplausos.*)

A verdade é que vimos visualizar unha moción dun circuío, e eu vou destacar que os galegos e as galegas nos tres circuíos que tivemos moi recentemente —no circuío municipal, no circuío autonómico e no circuío europeo— apostaron por que o Grupo Popular siga defendendo os intereses dos galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

Permítanme que comece realizando unha pequena reflexión de carácter formal en relación con esta iniciativa presentada por Democracia Ourensana. Eu penso que é unha mala práctica que deberemos corrixir o feito de que no pleno debatamos mocións que non teñen nada que ver coa interpelación previa á que as motivou. Isto, ademais de ser unha mala interpretación no Regulamento, desvirtúa o obxecto das mocións e provoca certa confusión nos grupos políticos. Vímolos recentemente cunha iniciativa do Grupo Socialista, que pasou de ser unha Interpelación sobre o sistema de atención á dependencia a unha Moción sobre o sistema de atención temperá. E vémolos hoxe cando deciden transformar unha Moción en relación coa política de solo industrial da Xunta nunha Moción sobre a construción dun circuío de velocidade.

Señorías, no Grupo Popular non temos inconveniente á hora debater calquera cuestión que se propoña nesta cámara, pero deberíamos de ser un pouco máis respectuosos co Regulamento desta cámara, que incluso en sentido estrito podería levarnos a non admitir a trámite este tipo de cambios.

No caso concreto desta iniciativa, descoñecemos se foi porque o señor Ojea non quedou contento da súa intervención no debate anterior, se foi porque a conselleira de Economía foi



moi contundente e clara coas súas explicacións de forma totalmente exhaustiva, ou se será porque o seu grupo —no Concello de Ourense, neste caso— ten abandonado o deporte e tamén o deporte do motor. Estas tres causas entendo que foron as que trouxeron esta moción con moitas incertezas e sen sentido común.

Mal que lle pese ao señor Ojea —que estou seguro de que todo o positivo para Ourense saberá valoralo na súa xusta medida—, se hai unha provincia galega na que a Xunta está a facer un grande esforzo en materia de apoio ao fomento do solo industrial é a de Ourense. Os datos están aí, deullos a señora conselleira, e o que se pode medir non necesita interpretarse.

Entre o ano 2015 e o ano 2023 bonificouse o solo industrial na provincia de Ourense por valor de 8,6 millóns de euros; mentres noutras provincias se aplica unha bonificación do 20 por cento, en Ourense este apoio chegou ao 50 por cento. Estanse a investir 65 millóns de euros no polígono industrial de Paderne de Allariz, 14 millóns no Parque Tecnolóxico de Galicia e 15 millóns na terceira fase do parque empresarial do Pereiro de Aguiar. Pero, claro, para todo isto necesitamos solo que estea nas condicións correctas e non como esta área industrial adquirida polo Bipartito. Vamos, un imposible; hai quince anos que o saben e que o coñecen.

E falemos do seu circuío de velocidade. O primeiro que temos que indicar é que creo que unha moción non pode ser unha carta aos Reis Magos. Aquí falouse hoxe nesta cámara de Fórmula 1. Obedece a unha certa improvisación e lixeireza para o que supón un investimento destas características. Responde máis a un intento de saír dun embrollo e a unha arroutada por parte do seu grupo que a un interese real pola promoción do deporte na provincia de Ourense. Democracia Ourensana fai unha proposta sen ningún tipo de aval nin memorias técnicas; unha proposta sen estudos de viabilidade; unha proposta sen informes ambientais nin técnicos; unha proposta a falta de análises serias e rigorosas por parte dos principais protagonistas, que son os usuarios e os deportistas; unha proposta sen os informes dos requisitos de regulamentos necesarios para celebrar calquera tipo de competición autonómica, nacional ou internacional.

Hai que salientar e poñer en valor que a cultura do deporte do motor existente na provincia de Ourense e en Galicia é real; iso é certo, é real. Ourense ten nas súas veas o motor, e cun gran arraigo e traxectoria. E por esa razón, e como non podía ser doutro xeito, conta co apoio da Xunta de Galicia con datos concretos e tanxibles.

O apoio da Xunta de Galicia a través da Consellería de Deportes está dirixido tanto aos pilotos como ás probas: Rallysprint de Piñor, Subida a Vilar de Barrio, Rally de Ourense, Rally do Carbaliño, Subida de Taboadela, Rallymix de Barbadás, Rallysprint val de Ramirás, etc.

Señor Ojea, recorde sempre que «Galicia rueda». (*Aplausos.*) E por iso o compromiso da Xunta co deporte, en particular co deporte do motor, merece o máximo respecto por parte do grupo ao que vostede representa.

É lóxico que o apoio da Xunta ao deporte transcenda a esta práctica deportiva e a outras moitas máis, e chega ata as instalacións deportivas, como vostede ben sabe. De feito, Ou-



rense é, sen dúbida, unha das provincias máis beneficiadas nos últimos anos polos investimentos da Consellería de Deportes.

Señor Ojea, vólvolle lembrar —que seguro que perdeu a memoria— algúns exemplos de investimento da Xunta de Galicia en materia deportiva no Concello de Ourense:

Construción da pista cuberta de atletismo de Expourense, unha das tres mellores de España —e non dito polo Grupo Popular, dito pola Federación Española e pola Federación Internacional de Atletismo—, con capacidade para 1.500 persoas; un investimento de 4,4 millóns de euros no ano 2017, ao que hai que sumar un investimento de 120.000 euros para a súa xestión.

Reforma integral do pavillón dos Remedios no ano 2020, onde se investiron máis de dous millóns de euros.

Campo do Couto. A renovación do céspede e logo a remodelación do propio estadio no ano 2023.

Complexo deportivo de Monterrei. Empezamos coas novas instalacións deportivas dende o 2020 —un millón de euros— e agora imos inaugurar a primeira fase do parque acuático, con cerca de sete millóns de euros.

Desde o Grupo Popular apoiamos o deporte con feitos e porque cremos no deporte, co orzamento máis elevado da historia en materia deportiva, co apoio a clubs de todas as modalidades deportivas, incluídas as especialidades deportivas do motor e dunha forma moi directa na provincia de Ourense; co apoio aos deportistas de alto nivel; co apoio a grandes eventos deportivos nacionais e internacionais tamén de motor; co apoio ás federacións deportivas; co apoio ás novas infraestruturas; e co apoio ás familias para que os seus fillos practiquen calquera tipo de deporte.

Gustaríame que quedase con estes catro datos por se non os coñece. Datos do investimento do presuposto da Xunta de Galicia en materia deportiva: ano 2021, 28,8 millóns de euros; ano 2022, 32,5 millóns de euros; ano 2023, 44 millóns de euros; ano 2024, 56 millóns de euros.

Quede co dato do ano 2021 e do ano 2024: 28 millóns no ano 2021; 56 millóns no ano 2024. Isto si é apostar polo deporte. (*Aplausos.*)

Xa para finalizar, señor Ojea, desde o Grupo Popular pedímoslle que, se trae a este pleno algunha proposta en materia deportiva, aplique o sentido común. Debemos de ter sentidión coas propostas que chegan a esta Cámara. Traia aquí unha proposta un pouco máis estudada, máis elaborada, co correspondente aval técnico e económico, e non esta que parece improvisada.

Vostede sabía hai quince anos que eses terreos non permitían albergar un polígono, e agora ocrreselle propoñer un circuíto, sen un mínimo estudo previo económico de viabilidade e sen estudar se é posible urbanisticamente acometer este cambio de uso.



¿Que se lle vai ocorrer ao señor Ojea dentro dun mes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRIETO PERILLE: Votaremos non á moción de Democracia Ourensana. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Estou vendo que isto vai ser máis divertido do que eu pensaba. *(Risos.)*

Grazas, presidente.

Mire, vamos ver: ¿que non ten que ver isto coa interpelación? Mire, na interpelación falábase do Val da Rabeda, e seguiremos falando do Val da Rabeda. Na interpelación estabamos preocupados polo que se ía facer nese val e seguimos preocupados se non se pode facer algo nese val. Se non gardase relación, xa non terían admitido a trámite a nosa moción os estupendos servizos da Cámara. Non vou perder máis tempo con iso.

Unha cousa, falábao o señor Iago Tabarés, e eu teño fe. A ver, a min quedoume claro na intervención da conselleira que o Partido Popular non ía facer ese proxecto industrial. Eu non sei se as causas técnicas que argumenta —que se a liña de alta tensión, que se os xacementos arqueolóxicos...— son argumentos reais ou se son desculpas. Ao mellor, son desculpas, pero, ao mellor —como tamén sospeito que nunha alta compoñente é así—, como aquilo foi unha idea do Bipartito, pois non o queren facer. Vale. A min o que me quedou claro é que este Goberno ese proxecto industrial non o vai facer ou non o quere facer. A min gustaríame que o fixese, loxicamente. ¡Co necesitados que estamos de chan industrial na provincia de Ourense, claro que me gustaría que se fixese e que fose para diante! E esa sería a resposta que me gustaría que dese a conselleira, que fose: imos mirar de arreglar a cousa e, ao final, faremos ese proxecto industrial. Teríame gustado que esa fose a resposta, pero non foi. E eu non sei se é por unha cuestión de fe ou por unha cuestión de intuición, pero quedei convencido de que o Partido Popular non o ía facer. Entón, como nós o que queremos é que se fagan cousas e non que se perdan no aire das discusións bizantinas esta clase de cuestións, pois traemos unha proposta moi concreta; máis concreta imposible. É unha proposta dunha construción física, nada máis nin nada menos que dun circuíto de velocidade.

Entón, xa lle digo, a nós gustaríanos que se fixese un proxecto industrial, claro que si. E sería, seguramente, moito máis doado desde o punto de vista, digamos, da tramitación, porque xa hai un traballo previo que, ao mellor, tampouco penso que sexa tan difícil, habendo vontade. E eu non lle chamaría fe, pero a min quedoume claro que non o queren facer. Sospeito tamén en gran parte que é que non o queren facer porque foi unha idea do Bipartito.

Pero ben, partindo desa condición xa de fronteira —como din os matemáticos—, desa condición límite, propoñemos outra cousa. A ver, non vou seguir petando contra unha pedra, coma se fose un carneiro, e seguir pedindo algo que estou vendo que non van facer. Entón,



eu considero moi ben intencionadas as súas propostas, pero partindo do suposto de que non se vai facer, de que eles non o van facer, a ver se por aquí poden arar.

Mire, a pista de atletismo foi unha idea de Democracia Ourensana. O Partido Popular dixo que non unha e outra vez ata que, ao final, caeu da burra. Conservo varios informes e conservo varias conversacións con responsables da Xunta naquel momento e entidades anexas, como é Expourense, onde me dicían que era algo tonto por promover a pista de atletismo. Ao final, fíxose, pero agora sacan peito vostedes, cando a idea foi de Democracia Ourensana.

No campo do Couto fixeron alí unha chapuza; «chapa e pintura», como dixo o alcalde de Ourense, en vez de facer un campo como é debido.

A obra do pavillón adoleceu dun montón de fallos. De feito, levoulle o tellado un vendaval ao pouco de tal...

O parque de Monterrei. ¡Home!, non me diga do parque de Monterrei: obras paradas, etc.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA BOUZO: Entón, xa que falaba de fe, eu vou rematar tamén cunha frase da Biblia: «*Sea vuestra palabra “si, si” o “no, no”; todo lo demás es obra del maligno*». Entón, aquí: sexa a súa palabra si, si ou non, non; voten si ao circuíto de velocidade na Rabeda ou non. E dígaos claro, que lles imos facer saber claramente as súas posturas de si ou non a este circuíto de velocidade na Rabeda e aos ourensáns, pero todo o gremio relacionado co deporte do motor e da cuestión industrial da automoción vaino saber claramente.

Voten si ou voten non, e díganos claramente, que llelo faremos saber aos ourensáns.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿As emendas acéptaa?

O señor OJEA BOUZO: Non, as emendas non as aceptamos. Xa digo, entendémolas ben intencionadas, pero desde o momento en que parten do suposto de que queren seguir insistindo no tema empresarial —que, xa digo, non é que non o quixeramos, claro que o queremos, pero a ver se o podemos facer noutro sitio—...

O señor PRESIDENTE: Non as acepta.

O señor OJEA BOUZO: ...partindo do suposto de que o PP...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: ...non o vai facer, pois non as podemos aceptar.

Grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ben, pois rematados os debates, procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Taibo Corsanego, sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de don Armando Ojea.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 1; votos en contra, 38; abstencións, 30.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. E, sen máis, continuamos cunha alteración agora da orde do día.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de incoar o procedemento de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial ao tempo que se aplica o correspondente réxime de protección

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Bos días, señorías.

Presidente, conselleiro.

Hai en Galiza, arraigada nos nosos montes, unha raza de cabalos salvaxes que son dos últimos que quedan no mundo. As bestas e os besteiros eran elemento principal do monte galego, unha imaxe do noso vínculo ancestral coa natureza, a formación dunha conciencia colectiva e dunha identidade, e unha tradición cargada de valores emocionais.

Queda demostrada, pola gran cantidade de petróglifos que hai nos montes que circundan a parroquia de Sabucedo, a existencia de greas de cabalos salvaxes dende tempos inmemoriais, que formaron unha paisaxe cultural ao longo dos séculos. Esas son as bestas que, cos aloitadores e as aloitadoras, o Día da Rapa das Bestas son protagonistas nunha festa de interese turístico internacional dende 2007. Pero esa paisaxe sofre as ameazas de abandono do rural, das repoboacións forestais e agora do espolio, a través de instalacións de parques eólicos.

Polo tanto, urxen medidas de protección, señor conselleiro. Aos proxectos de tramitación autonómica, que eran tres, Campo das Rosas, Porto Vidros e Touriñán III, nos que nin sequera vostedes, os señores do PP, se poñían de acordo, engádense agora tres novos, estes de tramitación estatal; dous dos cales se acaban de paralizar pola oposición veciñal —damos por feito—: Xubrintas, Alamoceiros e Chamarrapio. Superpoñendo os mapas de afección da zona, cadran as tarabelas unhas por riba das outras de vastas que están. Isto é unha auténtica invasión. (*Aplausos.*)

Pero vostede, se quixese, podería decidir axudar a paralos. Tan só ten que querer, ter vontade de facelo, dar un paso adiante —está no lugar perfecto para facelo— e cumprir un compro-



miso que leva adiando dende 2019, cando co anterior conselleiro de Cultura se comprometeu a traballar co obxectivo de declarar a Rapa das Bestas como ben de interese cultural, algo que evitaría todo este tipo de tramitacións. Pode axudar, polo tanto, a que os seus veciños deixen de loitar contra esta tentativa constante de espolio. Xa parecen corvos comendo nun animal morto e o animal aínda rebole.

O monte é das bestas —para que saiban aquí e para que saiban en Madrid—, do santo, dos veciños de Sabucedo, dos aloitadores, das aloitadoras, dos veciños de Quireza, Alende, Quintas, Lamosa..., dos cabalos salvaxes, que son un patrimonio arraigado no noso rural e manteñen a biodiversidade do hábitat que ocupan.

Polo tanto, preguntolle, señor López, como alcalde que foi da Estrada e agora conselleiro de Cultura: ¿Previñeron vostede e a Xunta declarar, incoar, o procedemento de xeito urxente para declarar ben de interese cultural inmaterial a Rapa das Bestas de Sabucedo?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Máis ben a pregunta é... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señora deputada, alégrome de que me pregunte hoxe pola Rapa das Bestas de Sabucedo. Para min, por suposto, é unha honra poder vir falar aquí, no Parlamento, desta manifestación tan importante na nosa cultura.

A Rapa é unha das 51 parroquias que forman o concello da Estrada e conta cunha tradición centenaria que —creo— representa, como ningunha, os valores patrimoniais, culturais e o coidado do medio ambiente.

A Unesco define o patrimonio cultural inmaterial como «os usos, as representacións, as expresións, os coñecementos e as técnicas que as comunidades recoñecen como parte integrante do seu patrimonio cultural, e que se transmite de xeración en xeración, introducindo un sentimento de identidade e de continuidade». Sen dúbida ningunha, a Rapa das Bestas —e particularmente a de Sabucedo— constitúe unha manifestación cultural inmaterial singular e senlleira, motivo polo cal xa lle transmito que é de xustiza —e así o fago hoxe e o recoñezo nesta Cámara— recoñecer o seu valor e o seu interese sobranceiro; un valor que vai moito máis alá do que podemos ver no propio curro, porque implica unha importante tradición da gandaría extensiva e manter os cabalos ceibos todo o ano no monte, co que



supón do necesario coidado do noso medio ambiente, dos duros traballos necesarios por parte dos aloitadores para xuntalos, da baixada das bestas ata a aldea de Sabucedo... Traballo que comezan á primeira hora da mañá do xoves, tras os foguetes e o repenique das campás. Todo o que acontece despois, gustárame explicárllelo nesta Cámara, pero aconséllolle que é moito mellor que se acheguen á parroquia de Sabucedo na primeira fin de semana de xullo para poder vivilo en persoa.

Así pois —como ben apuntaba—, no ano 1963 a festa foi declarada de interese turístico nacional; no ano 2007 foi declarada como festa de interese turístico internacional e no ano 2019 anunciouse a proposta de declaración como ben de interese cultural. No verán de 2023, o Concello, en colaboración estreita coa asociación Rapa das Bestas, formalizou a solicitude da Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial.

As características con que conta este gran patrimonio cultural son as seguintes: está interiorizado nos individuos e nas comunidades como parte propia da súa identidade —e a Rapa das Bestas xoga un papel claro na nosa identidade colectiva—; é impartido polos membros dunha colectividade; está vivo, dinámico, vulnerable e non admite copia —e está claro que a Rapa das Bestas é unha manifestación única—; é transmitido polo xeral dende a infancia e recreado mediante certas pautas da organización, baixo unha orde ritual específica —e queda claro que a Rapa segue máis viva que nunca—; resulta preservado, de xeito tradicional, pola comunidade —e está claro que a Rapa é sinónimo de tradición—.

Por iso, dígolle e transmítolle neste pleno que a Rapa reúne absolutamente todos os condicionantes para formar parte do patrimonio cultural inmaterial de Galicia, e, por iso, quero anunciar tamén no Parlamento que a Xunta incoará o procedemento de interese cultural do patrimonio inmaterial da Rapa das Bestas de Sabucedo nas próximas semanas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: A verdade é que me alegro moito de que se sinta honrado como veciño da Estrada. Tamén estaría ben que trouxesen isto antes de que nós o pedísemos. Quizais así as escusas non caerían en saco baleiro.

Miren, Galiza é a casa dos galegos e das galegas, o montó da Estrada, de Cerdedo-Cotobade, de Campo Lameiro, e ¿saben cal é o problema? Que cando alguén chama á nosa porta, temos o Partido Popular, polo lado de dentro, agarrado ao picaporte para decidir quen entra e quen sae. Hai tres proxectos autonómicos, de tramitación autonómica, paralizados cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, aos cales vostedes lles abrían as portas e lles daban o paso. Agora temos tres estatais a maiores; dous deles parecen estar paralizados. Temos o Miteco petando na porta, porque debe ser que a única zona de España, do Estado español, que fai a transición ecolóxica é Galiza. ¡Non haberá máis sitios!

A verdade é que a miña pregunta é: ¿vostedes todos, a quen queren enganar? Porque ata os tribunais lles din que o que están facendo con Galiza é unha vergoña; e vostedes seguen in-



sistindo en gobernar para deixar arrasar, para que entren na nosa casa e para que leven o que queiran, coma se isto fose unha barra libre. *(Aplausos.)* ¿Vai incoar o procedemento? Alegrámonos. ¿Íao facer con tanta premura se nós non llo pedísemos? Iso xa cae na dúbida. Pero é que na actual posición non tiña outro remedio, non lle quedaba escusa para dar. Xa a deu no ano 2019, no ano 2021 e logo no ano 2023. Dixeron, en todas esas ocasións, que o farían e non houbo resultados.

Agardo que así sexa, que estean de acordo e que o fagan. Poñan un prazo porque estamos agardando, pero nós agardamos coma sempre: do lado dos veciños. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Ariadna, ten vostede un motivo extraordinario, un motivo agora fantástico para poñerse do lado dos veciños.

Sabe vostede que eses tres proxectos eólicos de que está falando están tramitados polo propio Ministerio, *(O señor López Campos vírase cara á bancada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e sinálaa.)* Goberno que vostedes están apoiando en Madrid. *(Aplausos.)* Espero que sexan tan contundentes aquí, tan duros aquí, como o van ser en Madrid; e aí é onde van demostrar vostedes se seguen co pacto *(Aplausos.)* co Partido Socialista, apoiando estes macroproxectos eólicos —que vostedes están defendendo— *(Murmurios.)* nesas tramitacións sectoriais, que son dependentes do propio Ministerio e que implantan tamén en Galicia. Vostedes estano apoiando en Madrid, e espero que sexan igual de contundentes.

Non sei se está preguntando vostede pola Rapa das Bestas ou polos eólicos. Non sei se este debate a confundiu, pero eu creo que aquí o asunto importante era falar da tradición da Rapa das Bestas e do compromiso que este Goberno, o Goberno galego, ten con esa tradición secular. Non lle caiba ningunha dúbida de que este é un expediente —non sei se vostede ten a información— que foi remitido definitivamente —como antes lle expliquei— no mes de xaneiro polo Concello da Estrada, en colaboración coa asociación Rapa da Bestas, e, polo tanto, despois dun proceso electoral —que lle recordo que foi no mes de febreiro—, estamos agora retomando o proceso para declarar esta tradición secular como ben de interese cultural inmaterial. Non lle caiba ningunha dúbida de que así o faremos e de que así iniciaremos ese expediente; de feito, eu intento ser claro e contundente á súa resposta, e creo que non cabe ningún tipo de réplica.

Garántolle e asegúrolle que o Goberno galego —e pónolle datas incluso—, antes da realización da Festa da Rapa das Bestas de Sabucedo, na primeira fin de semana do mes de xullo —a partir do 4 de xullo vaise celebrar—, polo tanto, antes de que a Rapa das bestas se celebre, este Goberno publicará o Decreto de declaración do inicio do expediente de tramitación da Rapa como ben de interese cultural inmaterial. *(Aplausos.)* E, como vostede pode entender,



este procedemento non se inicia por instancias de ou por petición do Bloque Nacionalista Galego, xa que sería materialmente imposible que o preparásemos para a súa publicación en tan pouco tempo. Polo tanto, isto é un traballo feito pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; é un traballo, ademais, feito polos propios técnicos aos cales quero agradecerlles a súa premura.

Son moitos os expedientes que están declarando como ben de interese cultural. Hai unha carga de traballo excesiva, pero garántolle e asegúrolle, e dígoo nesta Cámara, que antes desa primeira fin de semana de xullo a Rapa das Bestas de Sabucedo será unha das declaradas como ben de interese cultural inmaterial de Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Imos reanudando a sesión.

Empezamos coas proposicións non de lei. Neste caso, a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Elena Candia López.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a que leva o número 5565, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta; e a que leva o número 5586, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a financiar o aval que deben achegar os regantes ao inicio das obras, como fan outras comunidades autónomas.



2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir o financiamento do importe do IVA do regadío no 80 % e dirixirse á Deputación de Ourense e demandarlle que asuma o financiamento do 20 %.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Sonia Vidal Lamas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva un novo parágrafo co seguinte texto:

«A desbloquear de forma inmediata a posta en marcha do prometido Plan Estratéxico da Limia, e comprometer, mediante unha partida orzamentaria específica e de carácter plurianual, os recursos económicos necesarios para poñer en marcha as medidas consensuadas co sector e que son dos seu ámbito competencial.>>)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei e por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Cristina Campero Dorado.

A señora CAMPERO DORADO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

O cultivo da pataca alcanza nos últimos anos unha grande importancia na comarca da Limia. Xunto co trigo son os cultivos por excelencia, converténdose no motor económico da zona con máis de mil traballadores directos e con máis de duascenas familias que teñen como principal fonte de ingresos a agricultura, ademais das actividades vinculadas: tendas de fitosanitarios, talleres de maquinaria e xestorías, entre outros. O proceso de concentración parcelaria estendeuse e deu paso á modernización da maquinaria, á especialización do cultivo da pataca, á introdución de novas variedades, a unha maior aplicación de fertilizantes e ao establecemento do regadío, entre outros. Isto permitiu que se acaden uns rendementos de corenta toneladas por hectárea en función da variedade.

Actualmente, a comarca da Limia pode considerarse a zona produtora de pataca máis importante de Galicia, chegando en certas campañas a cen mil toneladas. Partimos dunha situación na que os agricultores, ante a necesidade de regar os seus cultivos, comezan cada verán intensas campañas de regadío, empregando os recursos dispoñibles como os ríos, os canais, os pozos, as balsas... Este fenómeno, que se repite ano tras ano e que ademais é moi caro para os agricultores e agricultoras, provoca unha situación de caos nos recursos hídricos da zona, porque a pesar de parecer abundantes nas épocas de choivas, acaban sendo escasas na época estival. Isto provoca de maneira reiterada unha sobreexplotación das augas superficiais, o que complica o mantemento dos ecosistemas vinculados á auga e, como consecuencia disto, numerosos destrozos e contaminación.

Continuar coa situación actual non é bo e menos para o medio ambiente, polo que no ano 2021, no marco do Plan para a mellora da eficiencia e sostibilidade en regadíos —incluído



no Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española— preseleccionouse o Proxecto da mellora para o aproveitamento en regadío das corenta captacións de augas subterráneas «A Limia».

O Plan estratéxico do sector agrario da Limia, promovido pola Xunta e os diferentes axentes da comarca, busca lograr un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos, reducir a concentración de nutrientes nas augas e xerar emprego, combatendo así o cambio climático á par que Europa. Dentro deste plan constituíuse a Comisión interdepartamental para mellorar a sustentabilidade do agro na Limia, conformada polos representantes do Goberno central e da Xunta coa finalidade de acadar o consenso para contribuír á mellora da xestión das seccións gandeiras e do regadío nesta comarca, con medidas a curto, medio e longo prazo.

Ao abeiro do antedito plan estratéxico, con data do 13 de decembro do ano 2021, a Consellería asinou, coas catro comunidades de regantes da zona, a construción de corenta pozos repartidos da seguinte maneira: San Salvador de Sabucedo, seis pozos; Lamas Ganade, trece pozos; Corno do Monte, trece pozos; e A Alta Limia, oito pozos. Ademais, tamén inclúe os equipos e as instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento, cun investimento por parte da Consellería de máis de catro millóns de euros.

Con data do 15 de xuño do ano 2023, o Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural á sinatura dun novo convenio de colaboración coa Comunidade de Regantes Nova Limia, para a modernización mediante a instalación de grupos de bombeo dos pozos de regadío por un importe de máis de 2,5 millóns de euros, que serán destinados á electrificación e ao bombeo dos pozos. Deste plan beneficiaríanse máis de dúas mil cincocentas hectáreas e máis de dous mil douscentos propietarios.

Todas estas actuacións están financiadas integramente pola Xunta de Galicia, dende a construción dos pozos ás demais instalacións necesarias para a posta en marcha destes. Estes son os requisitos indispensables para a sinatura do convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Seiasa e os regantes para levar a cabo o Proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío de corenta captacións de augas subterráneas «A Limia 2022». O Proxecto conta cun orzamento de preto de trinta e cinco millóns máis IVE; o oitenta por cento financiado polo Goberno central e o vinte por cento restante polos regantes, mentres que o Goberno o único que tivo que facer foi unha solicitude para a petición dos fondos Next Generation.

Con todo, no que se refire ao proxecto final, lembramos que os regantes tiñan a perspectiva de afrontar o vinte por cento do orzamento inicial, que eran uns dezaseis millóns de euros. Pero no día de hoxe o custo de regadío é maior, ascende a 35 millóns de euros máis IVE. A esta cantidade hai que engadirlle os custos adicionais que terán que afrontar os regantes, entre os que se inclúen os custos financeiros do aval que se require para a execución do proxecto, que supoñen dous millóns de euros adicionais. Mentres tanto, a Xunta e a Deputación de Ourense cumpriran cos compromisos adquiridos cos regantes, para que o custo por hectáreas sexa asumible pola súa parte e conforme ao pactado.

Tamén demandamos un compromiso adicional por parte do Goberno central para evitar que os regantes teñan que asumir custos innecesarios adicionais, que en ningún caso repercuten



na mellora da obra. Para aliviar o desembolso que terán que realizar os regantes, avogouse por buscar fórmulas alternativas no modelo de financiamento. En concreto, a necesidade de que o Goberno central asuma o oitenta por cento do IVE de actuación —5,6 millóns—, tendo en conta que os regantes non poden deducir este imposto, polo que é para eles un gasto máis; ou, se non, promover un cambio normativo para que non se repercuta o IVE que os regantes non poden deducir, algo que beneficiaría o desenvolvemento destes proxectos no conxunto do Estado. Tamén consideramos necesario insistir en que non sexa necesario avalar as obras, co conseguinte aforro para os regantes de case dous millóns de euros, sempre co obxectivo de evitar cargas económicas que non repercutan na mellora da actuación. (*Aplausos.*)

O Plan conta cun investimento por parte do Executivo de máis de dous mil millóns de euros para actuar nunhas setecentas mil hectáreas. Galicia, polas súas condicións, só ten o regadío da Limia como potencial beneficiario do Plan estatal de regadíos 2021-2027, polo que ten toda a lóxica instar o Goberno a que faga ese esforzo adicional financiando o oitenta por cento do IVE da actuación. É certo que isto non se fai noutros proxectos, pero é que as outras comunidades autónomas recibirán moito máis investimento, algo que entendemos que xustifica a nosa demanda.

O orzamento deste proxecto é apenas o 1,5 por cento da partida prevista polo Goberno central neste plan estatal. Pedir ao Executivo que asuma o IVE da actuación, que son só 5,6 millóns de euros máis, suporía o 0,3 por cento do que se pretende investir no conxunto de España.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e todas.

Hoxe debatemos unha iniciativa sobre a modernización do regadío na Limia, un proxecto que se levou a cabo grazas ao empeño do presidente Pedro Sánchez e do ministro Luis Planas, cuxo labor debe ser debidamente recoñecido e non esquecido, señora Campero. É inaudito que agora, a estas alturas, esteamos a discutir unha cuestión debido á falta de apoio e á constante obstrución do Partido Popular.

A comarca da Limia, situada na provincia de Ourense, é unha zona que destaca pola súa forte especialización produtiva centrada no sector primario, representando o 29,59 por cento do PIB comarcal. Na actualidade, A Limia é un dos territorios con maior produción agrícola de Galicia, sobresaíndo en produtos hortícolas como a pataca, o cereal e o millo. É coñecida como «o granero de Galicia» e é a principal comarca produtora de pataca, sendo a base de provisión de diversas indicacións xeográficas protexidas.



É inaceptable que a iniciativa presentada polo Grupo Popular sexa completamente extemporánea, xa que as obras de modernización dos regadíos na Limia están a piques de comezar co obxectivo de cumprir os prazos establecidos e finalizar antes de que remate o ano 2026. Resulta evidente que a vostedes non lles preocupa a realización dun investimento histórico para A Limia, unha zona esquecida pola Xunta de Galicia.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, vostedes teñen unha política de confrontación e confusión. Neste caso, están a solicitar en xuño do ano 2024 —a estas alturas do procedemento— cambios normativos que poñen en risco este importante investimento. Esta situación parécenos inaudita e irresponsable. Cabe lembrar que unha iniciativa idéntica foi presentada en comisión informativa no Concello de Xinzo de Limia polo Grupo Popular e retirada pola falta de votos para a súa aprobación. Posteriormente, esta iniciativa —xa hai meses— rexistrouse, defendeuse na Deputación de Ourense e debateuse no Pleno. Por iso, agora parece que non tiñan outra iniciativa que presentar pola súa parte.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, subliñou en Ourense ao presentar este ambicioso proxecto —que quería boicotear o anterior conselleiro do Medio Rural— que os investimentos e a modernización dos regadíos forman parte das prioridades do Goberno para a nova lexislatura. O cambio climático exige acelerar a transición cara a un modelo de produción agrícola máis sostible, caracterizado por un menor e máis eficiente consumo de auga e enerxía.

O regadío sostible é irrenunciabile para asegurar unha produción de alimentos suficiente e para incrementar as posibilidades de futuro da actividade agraria e dos mozos e das mozas. Non só se trata de producir, senón de facelo ben en cantidade, calidade e de forma medioambientalmente sostible. Por esta razón, o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, renovou o seu compromiso para a modernización do regadío cunha aposta que supón un investimento sen precedentes. O Estado realizou un grande esforzo por mobilizar recursos para a mellora do regadío, porque é o futuro da nosa agricultura. A auga é un ben precioso, aproveitar cada gota aumenta a rendibilidade dos agricultores.

Este investimento acompaña unha serie de medidas para dinamizar a toma de decisións e axilizar os procesos de execución dos proxectos con todas as garantías ambientais, técnicas e legais correspondentes. De feito, o propio ministro acudiu a Ourense á firma dunha addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Sociedade estatal de infraestruturas agrarias —Seiasa—, adscrita ao Ministerio, e a Comunidade xeral de regantes Nova Limia. Con esta addenda, o proxecto para a modernización integral elévase a 35 millóns de euros. Este proxecto permitirá consolidar o cultivo da pataca na comarca da Limia e impulsar outros; actuará sobre unha superficie de máis de dúas mil quiñentas hectáreas e beneficiará máis de mil oitocentos agricultores.

Este proxecto de modernización permitirá, así mesmo, substituír o uso da auga superficial do río Limia e os seus afluentes por augas subterráneas obtidas de corenta e dous pozos.

As obras inclúen a construción de tres balsas elevadas, cunha capacidade de almacenamento de 75.000 metros cúbicos de auga, unha infraestrutura equipada con sistemas telemáticos



de autocontrol, e construíranse sete plantas fotovoltaicas para dotar de enerxía a rede da auga.

Tamén explicaba o ministro que a aposta polo regadío está en liña coa necesidade de reducir os custos de produción. Ademais do aforro de auga, os proxectos de modernización buscan eficiencia enerxética, mediante o uso de enerxías renovables, e a redución do uso de produtos fertilizantes e fitosanitarios, o que implica a dixitalización, a incorporación de novas tecnoloxías.

Este investimento —reitero— de 35 millóns de euros conseguíuse a pesar do constante boicot do Partido Popular en Bruxelas, que intentou evitar que estes fondos chegaran a España —e hai que dicilo—. A propia deputada Elvira Lima, do Grupo Socialista na Deputación, aclaraba que a inclusión do proxecto de modernización foi tido en conta cando o ministro de Agricultura, nunha reunión cos conselleiros das comunidades autónomas, puxo sobre a mesa a necesidade de acometer a modernización dos regadíos, apostando pola redución dos custos de produción agrícola, ademais do aforro hídrico, a eficiencia enerxética mediante enerxías renovables e a redución do uso de fertilizantes e fitosanitarios para unha agricultura sostible e medioambientalmente responsable en toda España, cousa da que non se preocupara nunca o Partido Popular.

Naquel momento había catro comunidades de regantes na Limia, e houbo un anterior intento de modernización no ano 2008, baixo o mandato da entón ministra Elena Espinosa, agora deputada no Parlamento de Galicia, cun goberno de coalición do PSdeG e do BNG. Pero, a partir de aí, non se logrou nada despois baixo os gobernos do Partido Popular.

Solicitan ao ministro de Agricultura un cambio lexislativo, como se tales cambios sobre a Lei do IVA se poidan facer de maneira súbita, sen levar consigo tramitación parlamentaria. O proxecto de regadío, que ascende —reitero— a 35 millóns de euros, debe ter que o financiamento do 80 por cento das obras de modernización consultada constitúe parte da contraprestación de entrega das obras ás comunidades de regantes e, polo tanto, estará suxeita ao IVE, como ben vostede sabe e como se fixo a consulta por parte de SEIASA ao ministerio, a SEIASA propiamente.

E os avais son un depósito, garantía de que a obra se executará conforme o previsto no proxecto redactado e aprobado polo ministerio, paso previo ao inicio das obras, que, como dicía, empezarán xa neste mes pola empresa Tragsa.

O entón conselleiro coñecía esta situación dende o inicio e quixo que reinara a confusión entre os regantes; un inspector de Facenda dicía: o IVE hai que pagalo, o IVE non hai que pagalo. O IVE hai que pagalo. E teñen que facer como outras comunidades autónomas, e pode citar comunidades autónomas nas que o que fixeron foi que a propia administración da comunidade aboaba estes avais e aboaba esta parte correspondente ao IVE.

Pero vostedes sempre botan balóns fóra, e por iso nós presentamos unha emenda, que agora paso a lerlle. Pero, antes de rematar, quería dicir unha cousa. Se tanto lle preocupa A Limia ao Partido Popular, ¿por que cando esta que lles fala instou en comisión o Goberno galego a



que realizara con urxencia unha valoración técnica dos prexuízos económicos sufridos polos agricultores da Limia na provincia de Ourense, en particular na produción de cereal, e a aprobación dunha liña de axudas directas que compensara a perda de produción...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora CAMPERO DORADO: ...vostedes votaban en contra? Vostedes defendían esa iniciativa e votaban en contra só de facer unha valoración de danos e despois establecer unha liña de axudas se era procedente.

Niso votan en contra e, non obstante, agora só queren confrontar co Goberno central. Ten unha emenda encima da mesa, estúdea, eu creo que a deberían aprobar; se tanto lles preocupa A Limia, aproben esa emenda.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Sonia Vidal.

Alguén deixou na tribuna un bonito bolígrafo. Xa temos identificado o propietario; despois pase a recollelo.

A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

É para min un pracer poder facer esta miña primeira intervención desta lexislatura neste hemiciclo falando da miña terra, falando da Limia, unha comarca que conta cunha forte especialización produtiva centrada no sector primario, como ben dicían as anteriores señorías.

A Limia conta cunha capa freática bastante alta, o que repercute nos ciclos de cultivo e na produtividade das nosas terras. De feito, as precipitacións non son suficientes para os cultivos, especialmente nos meses de verán e outono. Os desafíos de produción na Limia, ademais de estaren marcados polas precipitacións, están marcados polas políticas tanto locais como do Goberno da Xunta e do Goberno do Estado. Porque moito prometen en campañas electorais pero despois a xente que se arranxe como poida.

O anterior conselleiro do Medio Rural, o señor José González, aseverou un compromiso por parte da Xunta, mais sen ser por escrito, de axudar a sufragar ese presuposto adicional non subvencionado, para que fose viábel a execución do proxecto do regadío.

Sufragar o 20 por cento do IVE, xunto á Deputación de Ourense, non foi o que dixo nas campañas tanto municipais como autonómicas. E se vai adiante esta proposta que se fai hoxe aquí de non repercutir o IVE, entón xa asumen un compromiso económico cero nesta fase, e quedan tan anchos.



Fan publicidade dos 250 millóns de euros de diñeiro público que pretenden que se aporte a Altri, unha empresa supostamente solvente, e non lles cae a cara de vergoña cando se lles pide a produtores locais que fan parte da economía e a alimentación deste país que paguen máis de 7.000 euros/hectárea, (*Aplausos.*) cando nas campañas electorais dicían que en ningún caso subiría dos 4.000 euros/hectárea. E só estamos a falar de gastos da primeira fase. Falta a segunda fase, que ascenderá a uns 5.000 euros/hectárea, ao que tamén lle hai que engadir, como dicía ben a señora Campero, os gastos financeiros estruturais e os salarios.

Falamos de labregos e labregas que formaron parte da elaboración dun plan estratéxico para a Limia, xunto a institucións e varios axentes, cuxo obxectivo principal era o desenvolvemento dun sector agrogandeiro sostíbel, rendíbel e economicamente compatíbel co medio ambiente. Un plan estratéxico que vostedes presentaron con moita euforia nunha feira e despois meteron nun caixón. E, salvo pola limpeza dos canais e o posible regadío do que estamos hoxe a falar aquí, nada se sabe.

Nada se sabe, señorías, de medidas como fomentar a produción agrícola e gandeira sostíbel; mellorar a transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros; abordar temas transversais, como o relevo xeracional, o acceso á terra e á auga, e o asociacionismo entre gandeiros e agricultores; mellorar a xestión dos seus produtos e residuos agrogandeiros; fomentar a formación, o asesoramento e a investigación do sector agrario. Piases fundamentais cos que, coa posta en marcha desas medidas do plan estratéxico, podíamos afrontar unha situación de extrema gravidade, que é a declaración de zona vulnerable da Limia.

A Comisión Europea considera que Galiza debería ter designada polo menos unha zona vulnerábel a nitratos na Limia, dada a afección das augas que percibe do embalse das Conchas, o que supón un problema ambiental ante o que urxe tomar medidas, e non quedar estancos, como está a facer este grupo de goberno. O Goberno galego ten de prazo ata o 2025 para facer a declaración de zonas vulnerábeis, e xa estamos en xuño do 2024, e nada se sabe de actuacións ao respecto.

Segundo un deputado popular, a Xunta estaría dentro do prazo ata o 2025; e certo é, como tamén é certo que o anterior conselleiro dixo que non ía declarar a zona da Limia como zona vulnerábel. Entón, ¿que é o que se vai facer? Díganlle á xente produtora da zona da Limia que é o que se vai facer.

No entanto, tamén é importante ter en conta que na designación de zonas vulnerábeis correspondente ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos as zonas vulnerables forman parte do Rexistro de zonas protexidas, segundo o artigo 6 da Directiva marco da auga.

Dito todo isto, é fundamental que se destinen fondos tanto do Goberno do Estado como da Xunta para apoiar o desenvolvemento da nosa agricultura e gandería. A modernización dos regadíos da Limia é imprescindible, para permitir unha produción máis eficiente e predicíbel e garantir a actividade agrogandeira dunha comarca que está a sufrir o despoboamento, unido ao envellecemento da xente, e que é crucial para a economía.



Cabe destacar que moitas e moitos propietarios que teñen que pagar a infraestrutura do regadío son persoas maiores, xubiladas e incluso comunidades de montes veciñais en man común, que terán serias dificultades para asumir ese custo, tendo que recorrer a préstamos persoais coas entidades bancarias. As persoas comuneiras terán que facer un desembolso adicional para que se inclúan as comunidades de montes no plan de regadío, para as que non dispoñen de fondos suficientes.

Por todo iso, a Xunta debe asumir os seus compromisos co sector agrogandeiro da comarca da Limia, para sufragar parte do custo do regadío, e así facer viábel a execución do proxecto, polo que instamos a Xunta a que poña a parte do orzamento para sacar o Plan estratéxico da Limia do caixón e axudar ao desenvolvemento do sector agrogandeiro para facelo máis sostíbel e rendíbel economicamente.

Neste sentido, formulamos unha emenda de engádega á iniciativa que nos presentan, na que instamos a Xunta a desbloquear de forma inmediata a posta en marcha do prometido Plan estratéxico da Limia e comprometer mediante unha partida orzamentaria específica e de carácter plurianual os recursos económicos necesarios para poñer en marcha as medidas consensuadas co sector e que son do seu ámbito competencial.

Señorías, na Limia temos que afrontar os desafíos, que precisan de accións urxentes.

É todo. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, dá gusto oír falar da Limia no Parlamento de Galicia, dá gusto oír falar da provincia de Ourense e en concreto dá gusto oír falar da comarca da Limia. Dá gusto que en principio parece ser que os diferentes grupos parlamentarios empezan a interesarse por esta comarca.

Coincidimos co Bloque en que fai falta un plan estratéxico —ou chámenlle como queiran— para potenciar toda esa comarca, nos seus aspectos da agricultura e gandería fundamentalmente.

No caso concreto do regadío, eu recordaríalle ao Partido Popular que a deputación posúe amplas parcelas naquela zona con regadío instalado que durante anos —eu diría que incluso durante décadas— estiveron e en gran parte seguen estando sen utilización, parcelas da deputación que os agricultores da zona estaban dispostos a alquilarlle, porque tiñan todo o regadío instalado e estaban alí pois deixadas da man de Deus, sen usar.

Parece que agora empezan a concienciarse un pouco no novo mandato da deputación, parece que —digamos— é un pouco máis sensible a esa cuestión do regadío nas súas propias parcelas, e esperamos que tamén se adscriba a estas iniciativas encamiñadas a potenciar a agricultura da zona.



En realidade, A Limia precisa de moita axuda, por varios motivos. Aquela é unha zona dunha gran superficie. Como saben, foi consecuencia dunha desecación, e a terra non ten o humus, o substrato que teñen as terras cultivadas durante séculos. Amplas zonas emerxeron desde os anos sesenta e aínda os agricultores precisan grandes esforzos de estercoamento e de produtos nutricionais, que custan os seus cartos e o seu traballo, ata que —digamos— esa terra consiga ser todo o produtiva que se desexa. Fai falta tamén moita axuda niso.

Temos o problema, que tamén se nomeou, dos fosfatos, e de iniciativas que hai que tomar para que a actividade agrícola e gandeira na zona non inflúa nas verteduras cara ao río Limia, que deron lugar a unha serie de problemas de algas cianóticas nos municipios augas abaixo e que incluso chegaron a causar algún conflito internacional, porque o río Limia, como saben, atravesa a fronteira para desembocar en Viana do Castelo, xa en Portugal, e os problemas de contaminación que podían ter na zona española teñen as súas consecuencias en Portugal. Quero dicir con iso —resumindo— que me alegran as iniciativas que teñan que ver con potenciar a actividade agrícola e gandeira na provincia de Ourense, en xeral, pero xa na Limia, en particular —eu tamén son orixinario de alí—.

E imos apoiar a moción. Tamén nos parece ben a moción do BNG.

E, sinxelamente, quero volver nomear a Limia. É dicir, acórdense un pouco da provincia de Ourense —como dicía aquela famosa canción de Serrat, que creo que se baseaba nunha poesía de Benedetti, *El sur también existe*—. Ourense é o sur de Galicia, o sueste, e tamén existe. Todas as iniciativas que noutros lugares parece que se poñen en marcha con facilidade, en Ourense parece ser que necesitan dun estímulo especial e dunha reivindicación especial. Pretendemos que con toda naturalidade se invista na provincia de Ourense, e, neste caso concreto que se está demandando, do regadío na Limia, con esas facilidades que se propoñen para efectos de taxas, de impostos e de todo. Seguiremos —digamos— presionando nese sentido.

Apoiaremos a moción e, se se aproba a emenda de adición do Bloque, pois tamén a apoiaremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Ten a quenda agora novamente a autora da proposición non de lei, dona Cristina Campero. Ten tres minutos.

A señora CAMPERO DORADO: Hai unha administración comprometida cos regantes e outra que parece ser —segundo deducimos das palabras da deputada do PSOE— que só pon escusas de mal pagador. Quero deixar claro que os 35 millóns de euros son fondos europeos e non estatais, polo que o Goberno de Pedro Sánchez non está aportando nin un só euro ao regadío da Limia. (*Aplausos.*)

Lembramos que a Xunta si ten un compromiso firme coa comarca da Limia. Ademais do investimento dos pozos, de máis de sete millóns de euros, a Xunta tamén investiu en diferen-



tes actuacións: 1 millón de euros na reparación de camiños, 450.000 euros na rede viaria da comarca en 2021 e 550 en 9 concellos para o acondicionamento de pistas en 2023; ademais do regulamento necesario: Lei de mellora de infraestruturas territorial agraria, Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou o Plan de pastos.

Estanse levando a cabo os traballos de actuacións previas noutros tres polígonos agroforestais en Xinzo, e un máis en Porqueira, que abrangue máis de 4.100 hectáreas, que van permitir o aumento da base territorial das explotacións, o que redundará nunha estensificación da produción e, polo tanto, nunha mellor xestión, que elevará o nivel de vida dos agricultores da bisbarra. Os 5,6 millóns de euros son unha limosna, comparado cos 14.620 millóns de débeda pública que lle está a perdoar Pedro Sánchez a Cataluña, a cambio de sete votos, para seguir sentado no sillón por beneficio propio e non dos españois; 5,6 millóns de euros que non se comparan co engano que sufriron os galegos que apoiaron o domingo o BNG, aos que se lles está a dicir que Ana Miranda será eurodeputada cinco anos e resulta que vai ser eurodeputada fixa descontinua; tres como moito. *(Aplausos.)*

Apoien vostedes esta iniciativa en beneficio dos nosos agricultores e agricultoras e que o Goberno central asuma ese 80 por cento do IVE e revise o esquema de financiamento do convenio. Non semella unha demanda desorbitada. En todo caso, recalcamos que a Xunta e a Deputación sempre estarán a carón do regantes para facer asumible este proxecto.

En relación coas emendas, a do PSOE, evidentemente, non a imos aceptar porque pretende lavar as mans e non aceptar o seu erro no cálculo do orzamento inicial, erro co que pretenden que paguen todos os regantes.

E respecto da emenda do BNG, xa dei conta na miña primeira intervención da execución do Plan estratéxico da Limia. Non ten sentido comprometer unha partida orzamentaria específica para este plan cando nos distintos departamentos da Consellería xa existen partidas orzamentarias para financiar esas actuacións e que están en execución.

Polo tanto, sometemos a votación o texto orixinal da nosa iniciativa e pedimos o seu apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propia da devandita sociedade en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: a 5567, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don



Carlos López Font; e a número 5583, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa, o contido do punto 2º, débese substituír polo seguinte texto:

<<2. Establecer un mecanismo de colaboración que permita a formalización dun programa de actuación para o período da lexislatura 2024-2028, no que se inclúan as entidades locais.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Antes de que remate o período de sesións, demandar da SAREB, así como do Goberno do Estado, a información sobre o número de bens, o estado de conservación, a localización e evolución do parque inmobiliario en mans da SAREB no territorio galego.

2. Antes de que remate o período de sesións e unha vez recibida a información, elaborar un informe valorativo dos activos da SAREB en territorio galego que concrete unha proposta de selección dos activos a transferir ao IGVS, en base a criterios sociais.

3. Dirixirse ao Goberno de España e solicitar que as vivendas propiedade da SAREB en Galicia se destinen a usos sociais a través da súa cesión gratuíta á Xunta de Galicia e incorporación ao parque público do IGVS. Cederanse á Xunta as vivendas que se atopen en condicións adecuadas para o seu uso ou que precisen pequenas reparacións e non se atopen en ningún tipo de situación legal que impida o seu alugueiro unha vez cedidas.

4. Co fin de evitar situacións de despexo, o IGVS realizará unha labor de mediación e procurar a continuidade dos contratos vixentes, especialmente nos casos de rendas baixas e persoas vulnerables, ben a través de solicitar ao Goberno do Estado e á SAREB o mantemento e próroga dos contratos de alugueiro existentes, ben mediante a solicitude de transferencia dos bens inmobles ao IGVS ou aos concellos e a subrogación dos contratos, para despois incorporalos á bolsa de vivenda pública.>>)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, e por tempo de oito minutos, ten a palabra dona María Deza Martínez.



A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

En primeiro lugar, gustaríame deixar claro que a insistencia nesta iniciativa por parte deste grupo se debe a que, a pesar dos reiterados acordos adoptados nesta Cámara por todos os grupos, ben en pleno ben en comisión, o Goberno central segue facendo caso omiso ás numerosas peticións realizadas pola Xunta, e recentemente incluso na reunión mantida entre a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a ministra de Vivenda e Axenda Urbana hai apenas un mes en Madrid, sobre a cesión dos inmobles da Sareb situados en Galicia, como o da inclusión de Galicia no programa Viena.

O señor Sánchez anunciaba en abril do pasado ano un plan para mobilizar 50.000 vivendas da Sareb para alugar a prezos accesibles, entre as que se contan as vivendas que supostamente se construírán dentro do Proxecto Viena. Como saben, o obxectivo deste proxecto é construír en varias fases ata un total de 15.000 vivendas en colaboración público-privada, que serían destinadas ao alugueiro accesible. Nunha primeira fase executaríanse un total de 3.500 vivendas, cun investimento de preto de 400 millóns de euros en 42 solos en dez comunidades autónomas, entre as que non se atopa Galicia. Polo que despois de meses de anuncios por parte do Goberno central parece claro que Galicia queda unha vez máis fóra dos plans de vivenda. Curiosamente, a meirande parte destas vivendas nesta primeira fase estaría previsto que se construísen en Cataluña, ata un total de 600.

¿E que pasa cos bens xa construídos que a Sareb dispón en Galicia? Pois que a entidade continúa co baile de cifras que caracterizou as declaracións do presidente do Goberno, incapaz de poñer unha cifra certa ás vivendas que supostamente ía poñer á disposición de comunidades e de concellos. Así, cómpre lembrar que inicialmente anunciara que había 479 vivendas en Galicia, para despois rebaxalas a 300; finalmente, a 187, e en marzo do ano pasado 2023, a 42, para unha posible cesión ou adquisición por parte da Comunidade Autónoma. Pero, desas 42 vivendas, 5 xa estaban ocupadas e 36 non tiñan licenza de primeira ocupación. Só unha delas está nunha gran cidade, Ourense, e o resto atópanse en concellos de baixa ou nula demanda.

Polo tanto, esas vivendas están situadas fóra dos ámbitos de maior demanda de Galicia e as que se emprazan nas grandes cidades non reúnen as condicións necesarias para ser destinadas ao alugueiro social; algo que puido comprobar o Instituto Galego de Vivenda e Solo cando foron inspeccionadas as vivendas que ofrecía en cesión a Sareb. Non obstante, segundo os datos publicados pola entidade no seu portal —comprobados onte, luns, 10 de xuño de 2024—, a Sareb dispón de 1.936 vivendas en Galicia; pero aínda non sabemos cantas desas vivendas están en disposición de ser habitadas, e iso a pesar das reiteradas peticións realizadas pola Xunta de Galicia.

Miren, indicaba a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas nesta Cámara hai uns días que a política de vivenda constitúe un piar fundamental das súas atribucións, e así xa o leva demostrado o Executivo galego, en particular, tamén no mercado de alugueiro. Neste senso, a Xunta dispón dende hai anos dun programa de mobilización de vivendas ba-



leiras que conta nesta anualidade con 37 millóns de euros e que incentiva os propietarios a que saquen en alugueiro os seus inmobles baleiros, con seguros de impago e multirrisco no fogar, financiados ao cen por cento polo IGVS, e sen custo ningún para os propietarios das vivendas, con asistencia xurídica gratuíta e con axudas para rehabilitación ou mellora das vivendas, como as do programa Rehaluga; ademais de outorgar axudas directas ao alugueiro.

Tampouco podemos esquecer a liña de axudas para fomentar a construción de vivendas destinadas ao alugueiro accesible, aprobada o pasado 3 de xuño de 2024 polo Consello da Xunta, e para a que o Executivo galego vai destinar case quince millóns de euros co obxectivo de incentivar os promotores públicos e privados a construír inmobles que contribúan a reforzar o parque residencial en alugamento. *(Aplausos.)* Para iso o Executivo autonómico impulsa con fondos propios da Xunta a primeira convocatoria de axudas dunha nova modalidade de promoción de vivendas protexidas, de nova construción ou procedentes de rehabilitación, que se vaian destinar ao alugueiro.

Onte mesmo anunciaba tamén o presidente que o Consello da Xunta aprobou a Estratexia galega de solo residencial; estratexia que ten por obxecto planificar o desenvolvemento de solo residencial para a construción de 20.000 vivendas protexidas e de ata 5.000 vivendas libres, o que suporá adquirir e urbanizar máis de tres millóns de metros cadrados de solo e un investimento de máis de 4,3 millóns de euros. *(Aplausos.)* Ese solo urbanizado destinarase á construción de vivenda de promoción pública, que levará a cabo o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e de promoción autonómica, que abordarán promotores e cooperativas. Para esas 20.000 vivendas protexidas contempladas na Estratexia estímase unha distribución territorial de 4.320 vivendas na área urbana da Coruña; 1.600 nas de Lugo e Ourense, respectivamente; 1.760 na de Pontevedra; 7.360 na área urbana de Vigo; 2.000 na de Santiago; 960 na de Ferrol; e 400 en Vilagarcía.

Na etapa de planificación da primeira fase será o Instituto Galego de Vivenda e Solo o que delimitará ámbitos de actuación con destino maioritario á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública naquelas localidades en que estea acreditada unha forte demanda a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade, e establecerá unha planificación dos solos a desenvolver por localidades. Ademais, o solo para vivenda protexida de promoción privada destinarase preferentemente a vivendas para alugueiro en réxime especial.

Namentres, ¿que fai o Executivo central? Pois gobernar de costas a Galicia; normal, cando se mira só de cara aos seus socios de Cataluña e o País Vasco. Nós precisamos que o Goberno central actúe con claridade, transparencia e con equidade, incluíndonos no Programa Viena para poder acceder ás vivendas que se van construír con fondos europeos, aclarando cantas vivendas en condicións de habitabilidade e con licenza de primeira ocupación ten a Sareb en Galicia e onde se sitúan, e con seriedade e rigor para xestionar un tema tan delicado como a vivenda, cumprindo co fin social que ten a Sareb, sen criterios partidistas ou de oportunismo político.

Nada máis polo agora. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia. Invértese a orde porque hai emendas.

Ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A política de vivenda, hoxe máis que nunca, debe ser unha das prioridades dos gobernos. En Galicia, coa competencia exclusiva, parece que agora o Goberno de Rueda o quere tomar en serio. No debate de investidura así o sinalou, como un obxectivo de lexislatura. Benvido sexa, porque Rueda representa os quince anos do Goberno do Partido Popular desde a súa chegada á Presidencia da Xunta en 2009. Poñer o foco nas políticas de vivenda supón a aceptación do fracaso deses quince anos ao non dar resposta á política de vivenda que sofre a sociedade galega en xeral, e a mocidade en especial. *(Aplausos.)*

Desde unha comunidade autónoma como Galicia a resposta decidida ás políticas de vivenda debe partir da colaboración institucional.

Galicia ten a competencia exclusiva en materia de vivenda, pero moitos dos programas que se desenvolven, señora Deza, desde o Goberno da Xunta, teñen a súa orixe nos fondos achegados desde o Estado. Os gobernos de Feijóo e Rueda non foron o mellor exemplo de colaboración entre administracións. Pódese afirmar rotundamente que desde este Goberno se confrontou co Goberno central desde 2018, en moitas ocasións antepoñendo os intereses de partido aos intereses do conxunto dos galegos e galegas.

Fronte aos quince anos de balance desolador, ábrese a oportunidade de catro anos nesta lexislatura, pero, máis aló de promesas e enunciados de inicio de goberno, queda todo por facer.

Este Grupo Socialista ofreceu desde o minuto un desta lexislatura a man tendida para pactos, e a vivenda debería ser un dos máis importantes. Todo iso desde o compromiso de lealdade e colaboración institucional, que corresponde aquí facelo efectivo ao Goberno de Alfonso Rueda.

Debemos recoñecer que induce ao optimismo a reunión celebrada o pasado 8 de maio entre a ministra de Vivenda —aludiuse a ela— do Goberno do Estado e a nova conselleira de Vivenda da Xunta. Pero, señora Deza, a coincidencia expresada por ambas as partes —e leo literal— de «compromiso de cooperación mutua» e a afirmación tamén das dúas partes «de que o acceso á vivenda é un reto colectivo que require da cooperación de todas as administracións», son un bo punto de partida que obriga tanto a ministra como a conselleira e que non debe quedar simplemente en meras palabras e declaracións de intencións.

Os socialistas neste Parlamento seremos exixentes para que estes catro anos sexan un exemplo dese compromiso das dúas administracións. Precisamente por esa posición, fomos crí-



ticos no relativo á proposta que hoxe traen nesta PNL. Inicialmente foi unha pregunta, despois pasou por comisión e agora solicitan a aprobación deste Pleno. Fomos críticos porque desde a Xunta de Galicia, en nota de prensa —contrario ao que parece dicir vostede—, se valoraba como positiva a reunión entre a ministra e a conselleira, e facíase expresa mención á petición de inclusión de Galicia no Plan Viena. Recoñeciábase nesa nota o compromiso da ministra —ao que vostede non se referiu—, para dar unha contestación a esa petición, e non nos parece de moita lealdade institucional que agora o Grupo Popular insista, cando está pendente dunha contestación. Seguro, señora Deza, que nunha situación similar a vostedes non lles parecería moi adecuado.

Por parte do Grupo Socialista, ten todo o noso apoio á inclusión de Galicia no Plan Viena e en todos aqueles plans e programas que poidan ter encaixe legal na política de vivenda en Galicia. Por iso aplaudimos o investimento estatal de 507 millóns de euros dende o Goberno do Estado en materia de vivenda en Galicia, dos que xa foron transferidos máis de 470.

Señora Deza, encantaríanos que desde o Goberno da Xunta puxesen máis entusiasmo no recoñecemento ao esforzo investidor e tamén máis presenza na publicidade institucional do Goberno de España ao chegar estes fondos. Pero discrepamos en ata onde queren chegar vostedes mesturando nesta PNL un plan determinado como o de Viena, cuxa petición expresa —e sábena vostedes— é de imposible cumprimento, como é o da petición da cesión de vivendas gratuítas por parte da Sareb a Galicia.

Primeiro, quero dicirlle que o Grupo Popular fraco favor lle fai á conselleira ocultando aquí unha parte importante do solicitado pola conselleira á Sareb e á ministra na reunión referida.

Segundo. Na propia nota de prensa da Xunta a conselleira solicitou a cesión en usufruto ou gratuíta de vivendas; cuestión importante que o Grupo Popular omite aquí, porque é moi diferente, señora Deza, propoñernos aquí exclusivamente cesión gratuíta, como fan vostedes, a que recollesen a opción do usufruto no primeiro lugar, como así dixo a conselleira.

En calquera caso, trátase dunha carta aos Reis Magos. A Sareb foi unha empresa constituída —vóullelo recordar— por un goberno de Rajoy en 2012, que se dedica á venda e alugueiro, e en ningún momento se expuxeron estas opcións que o Grupo Popular pide aquí; é máis, vostedes presumen de negociar coa Sareb e de adquirir pisos, como formalizaron outras comunidades autónomas.

Miren, para finalizar, retomamos a idea principal sobre a que debe pivotar a política de colaboración institucional deste Goberno da Xunta resultante do 18 de febreiro en xeral, e en vivenda en especial.

O Goberno da Xunta o que debe facer é explorar todas as posibilidades de acordo coa Sareb, como xa fixeron no ano 2015, señora Deza, cando a Xunta estableceu un acordo de cesión temporal de vivendas. Non quero pensar que tivesen con Rajoy no Goberno maior predisposición aos acordos que co Goberno de Pedro Sánchez. As miras deben ser ambiciosas, e por iso na liña da reunión entre Goberno central e a Xunta, aquí vostedes teñen que traballar en



achegar solucións, aproveitando tamén os fondos europeos, e buscar acordos que comprendan catro anos e non quedar no inmediato.

Por iso, fronte a irrealidades como pedir a gratuidade, ofrecémoslle unha emenda que permita traballar en acordos amplos e engadindo aos concellos, aos que vostedes sorprendentemente esquecen, e que deben necesariamente ser unha parte imprescindible da política de vivenda en Galicia, e aos que vostedes non teñen en consideración.

Apoiamos a inclusión de Galicia no Plan Viena, pero o punto segundo da proposta que traen aquí debe marcar o obxectivo da lexislatura 2024-2028 desde unha perspectiva global, chegando a acordos co Ministerio e coa Sareb e apostando polos concellos como aliados.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi boa tarde.

Grazas, presidenta.

O Grupo Popular está carente de ideas. Volven traer este debate exactamente coa mesma iniciativa que xa debatemos o mes pasado en comisión, pero sobre todo no Partido Popular están carentes de memoria, porque hoxe volven pasar por alto que a xusta reclamación de que nos devolvan ao pobo todo ese parque inmobiliario da Sareb se debe a algo: a que alguén llo roubou antes. Claro, é que vostedes se presentan aquí como os defensores dos galegos aos que non lles devolven os activos inmobiliarios da Sareb, pero esquecen que foron vostedes os responsables de quitarlles a eses mesmos galegos o que era noso. *(Aplausos.)* Foi o Partido Popular o que fixo que cos nosos cartos, cos dos galegos tamén, se cometese a maior estafa financeira ás arcas públicas. E xa está ben de tanta desmemoria.

Esta é a terceira vez que traen este tema a debate nesta Cámara, paseándose aquí como se viñesen vostedes coas mans limpas, como se vostedes non fosen os autores materiais dese auténtico desfalco financeiro ás arcas públicas. *(Aplausos.)* Por iso, permítanme que desta volta diga que xa está ben de tanta desmemoria e que faga un breve recordatorio ao Grupo Popular das decisións que tomaron e das que hoxe non queren responsabilizarse. Porque foi o Partido Popular quen creou a Sareb como un instrumento para rescatar as entidades financeiras con recursos públicos, sen que se lles esixise ás entidades ningún compromiso de restitución. Foron vostedes os responsables da barra libre aos bancos. Foi o Partido Popular quen deseñou unhas regras de funcionamento da Sareb antisociais. Pero é que a responsabilidade non remata aí, porque o Partido Popular tamén tomou outras moitas decisións moi turbias polas que aínda ten pendente presentar desculpas, comezando por estafar as arcas públicas, pagando un prezo superior por eses activos. Tal e como denunciou a Comisión Eu-



ropea, o Goberno de Rajoy sobrevalorou e pagou por todos eses activos tóxicos 18.000 millóns de euros a maiores do que correspondía. Mentres a xente era desafiuzada por miles, sen alternativa habitacional, o Partido Popular dáballes unha propina de 18.000 millóns de euros coa que se terían feito milleiros de vivendas públicas.

E o Partido Popular tamén ten pendente pedir desculpas por ter empregado a mentira e a manipulación para enganar a xente sobre o que supuña en realidade ese rescate á banca. Recorden o señor De Guindos dicindo que a Sareb ía ser unha operación financeira vantaxosa para as arcas públicas, coa que íamos gañar até un 15 por cento; cando o que fixeron foi endebedar o Estado por valor de 50.000 millóns de euros nunha entidade que deu perdas en todos os exercicios, en todos. A Sareb non era unha gran xogada financeira para as arcas públicas, senón para as entidades financeiras, a custa de endebedar varias xeracións.

E hoxe, mentres as contas de resultados das entidades financeiras son obscenas, nós, o pobo, seguimos pagando ano a ano a hipoteca dese rescate e as súas mentiras.

O Partido Popular tamén nos debe, por certo, unha desculpa por non ter defendido o interese público, porque lles regalaron a entidade a axentes privados. Os socios privados que só achegaron o 4 por cento do financiamento recibiron de mans de Rajoy máis do 50 por cento do accionariado da entidade. E nós, que pagamos 50.000 millóns de euros, que lles demos unha propina extra de 18.000 millóns de euros, nós, que aportamos ao 96 por cento do financiamento da Sareb, perdemos o control sobre os activos que adquirimos. E nós tamén somos os galegos, porque vostedes crearon o problema en contra do interese xeral tamén da xente deste país.

E hai que ter moita cara, moita, para presentarse agora como afectados polas políticas antisociais da Sareb, cando foron vostedes os artífices dese instrumento (*Aplausos.*) e cando, ademais, executaron esa operación pagando de máis, enganando e entregándolles unha propiedade que era pública a axentes privados, que todo o que fixeron vostedes foi unha grande estafa.

O Partido Popular creou o monstro e agora a cuestión é como facemos o camiño inverso, porque os cartos de todas nós están aí depositados, non somos donas destes activos e seguimos agardando a recuperalos. E o fin do Goberno do Partido Popular no Estado tiña que supor un cambio de rumbo que dese lugar a ese ansiado momento de restitución. Pero lamentamos dicir que o novo Goberno non tivo a valentía de facelo e tivo grandes oportunidades. O recoñecemento recente por parte da Unión Europea de que esa débeda coa que se adquiriron eses activos será pública obrigou o Estado a moverse e a facerse coa participación maioritaria no accionariado da Sareb. E esa era unha oportunidade extraordinaria, primeiro, porque ese recoñecemento de Europa afianzaba a reflexión que viñamos sostendo: se a débeda para adquirir eses activos era pública, eses activos son públicos e aí, por tanto, teñen a lexitimidade para levar adiante a restitución. E, segundo, porque teñen os instrumentos, unha vez recuperado o control sobre a entidade, teñen a capacidade e tamén a responsabilidade de actuar.

Pero dende o Goberno estatal non hai compromiso nin medidas para restituír realmente a vocación pública social dese parque inmobiliario. As medidas do Goberno central non pasa-



ron do plano propagandístico. Primeiro anunciaron a cesión de 10.000 inmobles da Sareb, logo subiron a 21.000, pero todo foi fume. E aí están os datos. O ano pasado, das 21.000 vendas prometidas, cederon 350; 350 de 21.000. E este fracaso enténdese cando un vai á letra pequena do anuncio do Goberno central, porque o que se publicitou como unha cesión de vivendas ás comunidades autónomas tratábase da posibilidade de que a Sareb lles vendese ás comunidades autónomas os seus activos. O que propón en realidade o Goberno central é que as comunidades autónomas mobilicen agora os seus recursos públicos para adquirir eses inmobles e axudar á Sareb a descapitalizarse de aquí a 2027, que é cando está previsto que se liquide a entidade. E, ademais, propón isto cando os mellores activos financeiros xa foron vendidos.

Por iso dende o BNG seguimos insistindo en que esas vivendas que restan son públicas, que foron pagadas con cartos públicos e que, por tanto, o único que cabe é a cesión gratuíta destes activos aos institutos de vivenda das comunidades autónomas, que son as que teñen a competencia na xestión dos parques públicos de vivenda.

Agora está ben que o Partido Popular se sume á nosa reclamación dunha cesión gratuíta, pero aínda estaría mellor que a puxesen en práctica, porque a Xunta recentemente fixo unha compra de 40 vivendas da Sareb por valor de 3,5 millóns de euros. É dicir, que na práctica o Partido Popular e o Partido Socialista se atopan nesa estratexia actual de volver inflar con cartos públicos o finiquito da Sareb. Porque non esquezamos —e isto é moi importante— que a follada de ruta da Sareb é, en palabras do seu conselleiro delegado, «*vender activos como si no hubiese mañana en lo que queda de aquí a 2027*» para conseguir baleirar a súa carteira cando se finiquite a sociedade.

Por iso tamén nos chama bastante a atención a emenda do Partido Socialista, que ademais de eliminar a nosa proposta de cesión gratuíta, que está en contra, propoña un programa 2028. Non sei se sabe que para entón a Sareb debería estar extinguida. E, ademais, o Partido Socialista dende o Goberno central fixo un segundo anuncio —ademais desta falsa cesión de inmobles—, unha segunda proposta, que era este Plan Viena; un programa de cesión de solos en favor de investidores privados. Con este plan, en lugar de dar pasos cara á restitución do carácter público dese patrimonio, o Goberno central decidía ceder —agora si, ceder de verdade— estes solos por un período de oitenta anos a investidores privados coa única contraprestación de que as vivendas que se constrúsen fosen a un prezo un 20 por cento por baixo de mercado; é dicir, que se seguen tomando como referencia valores inflamados actuais do mercado.

É evidente que o Goberno procurou establecer unhas condicións de gran rendibilidade a investidores de pouco interese social, sobre todo se o comparamos con outras posibles fórmulas que podería ter empregado, como, por exemplo, ¿non se lle ocorreu ao Goberno central a cesión ás comunidades autónomas dese solos para a promoción de vivenda pública?, ¿para a vivenda protexida? Non, primeiro foron ofrecer un gran negocio aos fondos de investimento. De feito, o Goberno central deixou o tema en máis dunha gran consultora, como é Price Waterhouse Coopers, para que definise cales eran os criterios dese Plan Viena, cales eran os criterios de cesión de solo para que fosen altamente rendibles para os investidores. Foron tamén a xunto do Banco Europeo para conseguir préstamos vantaxosos para o financiamento desas promocións con intereses dun 3 ou un 4 por cento...;



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...excepcións que non se negocian cando falamos de familias ou cando falamos das administracións públicas. É dicir, que o Plan Viena é un plan pensado por e para os grandes fondos de investimento, e a falla de perspectiva social deste plan tamén se evidencia na súa aplicación territorial, que é fundamentalmente: imos ceder as vivendas onde o mercado diga ou máis ben onde Price Waterhouse Cooper decida, porque o Estado tamén cedeu a esta consultora decidir que solos se puñan á disposición e cales non, e decidiron que só dez comunidades autónomas, entre as que Galiza quedaba excluída.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: É dicir que o Estado recuperaba o control da Sareb no papel, pero na práctica segue cedéndolles aos fondos de investimento e a estas grandes consultoras a xestión efectiva desta entidade.

Seguen, continúan —e acabo xa— nesa máxima de socializar perdas e privatizar beneficios, e aquí non hai devolución, nin hai restitución, só hai especulación. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor Ojea renuncia ao seu turno de intervención; por conseguinte, ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, no seu segundo turno, por un tempo de tres minutos.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Parece que todos os grupos que interviñemos neste debate estamos de acordo no máis importante: Galicia non pode admitir un trato discriminatorio respecto doutras comunidades autónomas, porque Galicia non quere ser máis, pero tampouco podemos admitir ser menos. *(Aplausos.)*

Mire, señora Fernández, son vostedes os que non saben poñer a Galicia nun primeiro plano, son vostedes os que menten. Recentemente, nos comicios europeos, dicían que se presentaban cunha papeleta galega, e resulta que os primeiros votos ían para Cataluña, os segundos votos ían para un que estaba condenado por terrorismo e os terceiros para Ana Miranda. Non me diga que non somos nós os que poñemos a Galicia e aos galegos en primeiro plano. *(Aplausos.)*

Dicía o señor Font que temos que ter unha colaboración institucional, que debemos poñer a política de vivenda como algo prioritario, antepoñendo os intereses do partido por riba dos intereses dos galegos. Mire, de acordo co Plan Viena, as primeiras vivendas vanse realizar en Cataluña, así que non me diga que iso non é interese partidista.

Respecto da colaboración institucional, mire co Goberno de España a colaboración institucional é nula, porque, desde logo, non nos inclúen no programa de [...], e, desde logo, despois



de varios anos e despois de varias iniciativas insistindo en que nos cedan os bens da Sareb en Galicia, seguimos sen ter ningún tipo de noticias.

O certo é que Galicia segue sen recibir os activos da Sareb que levamos tanto tempo solicitando, e seguimos sen coñecer a situación na que se atopan eses activos nin onde están ou en que estado se encontran. É imprescindible que o Goberno de España sexa transparente, predique co exemplo e cumpra co prometido. Xa o dixo a señora Fernández: o programa do señor Sánchez de ceder esas 50.000 vivendas non era máis que fume. O caso é que esas vivendas a maior parte están situadas onde non hai demanda de vivenda, por iso están desocupadas, e unha altísima cantidade desas vivendas carecen de licenza de primeira ocupación.

E agora ¿en que punto estamos? Pois ben, o Goberno galego de forma reiterada vén demandando información sobre o número de bens, o estado de conservación, a localización e a evolución, e seguimos sen ter noticias do Goberno central. Polo tanto, a colaboración institucional non sei onde queda, señor Font.

Respecto das emendas, temos que dicir que rechazamos a emenda presentada polo PSOE. E respecto da emenda presentada polo BNG, admitimos os puntos 1 e 3, por entender que o punto 3 se corresponde co punto 2 da nosa proposición. Gustaríame comentar a posibilidade de facer unha modificación nos puntos 2 e 4, cunha posibilidade de transacción na emenda presentada polo BNG.

Nada máis. Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quedan, entón, pendentes dunha transacción.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Daniel Castro García, sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competicións estable para elas

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 5576, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:



1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a Recoñecer e impulsar, para que poidan competir oficialmente e previo acordo co Consello Superior de Deportes Estatal, ás seleccións galegas que contan con arraigo histórico e social e que formaran parte dunha federación internacional antes da constitución da federación española correspondente, como así establece a diferente normativa estatal en materia deportiva.

2. Impulsar coas diferentes federacións, un calendario de competición, oficiais e non oficiais, estable para os diferentes combinados nacionais.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei ten a palabra don Iago Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, algún día tiña que acontecer, algún día tiña que pasar. A Selección galega absoluta masculina, a Irmandiña, perdeu un encontro na denominada era moderna, que comezou no Nadal de 2005. Naquela altura, a Irmandiña xogaba despois de máis de sesenta anos de non poder facelo, e facíao contra Uruguai. Desde aquel encontro do ano 2005, a Irmandiña, efectivamente, nunca perdera un partido; racha que finalizou infelizmente o pasado 31 de maio após a derrota por 0 a 2 ante o combinado de Panamá.

A pesar do resultado, que, obviamente, entendo que a todas e todos nos gustaría que fose outro, e do que algúns poidan dicir, o encontro foi un verdadeiro éxito, unha gran festa do fútbol galego. Aproximadamente 17.000 ou 18.000 persoas se congregaron en Vigo, no estadio de Balaídos, para ver a selección galega, para ver a Irmandiña, que levaba un total de oito anos sen poder competir. Poderían ter sido máis, é certo; podían ter sido máis as persoas que se achegasen a Vigo, se a data fose mellor. Foi un venres 31 de maio, mentres se xogaban outras competicións oficiais moi importantes en múltiples países. A data escollida pola Federación provocou que xogadores galegos de primeirísimo nivel, como Angeliño, Gabri Veiga, Joselu ou Lucas Vázquez, non puidesen xogar; estes dous últimos, Joselu e Lucas Vázquez, tiñan un partidinho, unha pachanguiña pequeniña que se chama final da Champions League; xogadores moitos deles que viñan reclamando desde hai moito tempo poder xogar coa Irmandiña e algúns deles, como, por exemplo, Angeliño ou Iago Aspas, tanto en redes sociais como en diferentes declaracións ante a prensa anunciaron a súa intención de poder competir coa Irmandiña, algo que no caso de Iago Aspas, lamentablemente, non puido acontecer.

O tema da data foi, obviamente, unha cuestión que hai que reprochar neste caso á Real Federación Galega de Fútbol, porque nós cremos que, obviamente, é obrigatoriedade deste organismo intentar favorecer que a selección galega sexa vista pola maior cantidade de xente posible, e a Federación Galega de Fútbol —non nos imos enganar— non é un ente independente, libre de presións políticas. Aquí, na bancada do Partido Popular, temos alguén que pode atestiguala claramente, e tamén podemos falar da presidencia da Federación Galega de Fútbol, que é unha persoa que algúns aquí igual coñecen, e tamén o coñecen nos bancos da xustiza.

A pesar diso e tamén da estrañísima distribución das entradas —é algo bastante curioso que a Federación Galega deixara bastante parte do estadio de Balaídos sen cubrir por unha distri-



bución, xa digo, moi estraña das entradas—, nós —repito— consideramos que o encontro foi un éxito que, porén, chegou con moito atraso; como dicía anteriormente, oito anos en concreto. Con moito atraso e con algo que aínda é moito máis lamentable, e é que aínda non haxa nin data para a volta das nosas futbolistas. Esperamos que sexa máis cedo que tarde. En teoría, a Real Federación Galega de Fútbol xa dixo que quería que fose este ano que a Selección galega absoluta feminina poida volver aos terreos de xogo, algo que, de momento, non aconteceu.

O pasado mes de maio este grupo parlamentario levaba unha iniciativa similar á Comisión 1ª, e alí o secretario xeral para o Deporte, o señor Lete, dixo que a Xunta de Galiza apoiaba activamente que a Selección galega xogase, e non só iso, senón que había, ademais, imperativo legal; o cal xa é un problema bastante importante, porque, se hai imperativo legal, ¿como é posible que a Selección galega botase oito anos sen xogar? *(Aplausos.)*

Dito isto, sendo quen lles fala futbolero, a pregunta é obrigada: ¿por que no fútbol si e noutras disciplinas non? ¿Por que non no baloncesto?, ¿por que non no balonmán?, ¿por que non no voleibol?, ¿por que non no jockey?, ¿por que non no rugby? Galiza ten demostrado que, cando se lle deixa competir oficial e internacionalmente, pode ser unha verdadeira potencia. Está o caso do fútbol gaélico, onde temos campioas e campións, incluso mundiais e europeos, en competicións internacionais e tamén oficiais, e defenden as cores de Galiza sen ningún tipo de problema, e é que ademais gañan —repito, no caso do fútbol gaélico—.

Así que, señorías, sinceramente, non creo que esteamos a pedir unha marcianada ou algo que non pase noutros lugares do mundo xa. Gales, Escocia ou as Illas Feroe, que non son estados independentes, xa poden defender as súas cores internacional e oficialmente. E aquí hai outra pregunta, que é, por tanto, obrigada: ¿por que Gales si?, ¿por que Escocia si?, ¿por que as Illas Feroe si?, ¿e por que Galiza, non?; Galiza, que reúne todas as condicións para poder competir internacionalmente, así como fan outros países que non teñen un estado propio independente. Reúne todas as características propias para poder facelo. E non é só iso, senón que, ademais, é unha selección, no caso do fútbol e doutras disciplinas, que demostra que é capaz de competir cos mellores do mundo.

Polo tanto, na iniciativa pedimos dúas cuestións moi simples: recoñecer e impulsar as seleccións galegas nas diferentes disciplinas deportivas para que poidan competir oficialmente e impulsar coas diferentes federacións un calendario de competicións estable cos diferentes combinados nacionais. Repetimos que, no caso, polo menos, da Federación Galega de fútbol, e de moitas outras federacións, non son entes independentes, libres de presións políticas nin de partidismo. Repito que a Federación Galega de fútbol peca bastante dese partidismo.

Esperemos que o Goberno galego estea á altura do país que goberna e que dea resposta ás miles e miles de persoas que queren ver competir a súa selección e xogar non só nun amigable contra Panamá, non só nun amigable contra Venezuela ou non só nun amigable contra Uruguai de oito en oito anos.

Hai unha parte moi importante do seu país, de Galiza, que quere ver a selección galega xogar en serio, non só no fútbol —repito—, senón en todas as outras disciplinas. Galiza mereceo. Por favor, estean á altura.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista de Galicia.

Ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Eu quería comezar a miña intervención poñendo en valor o potencial do deporte, porque para nós o potencial do deporte é ilimitado. E se a isto engadimos a linguaxe universal, a súa capacidade para unir na diversidade, vemos que o converte nunha das pancas máis potentes para a transmisión de mensaxes, valores e principios baseados na tolerancia, o respecto e a convivencia en paz. ¿E por que digo isto? Pois digo isto porque, partindo desta premisa, non acoutemos; non creo que nos reporte beneficios.

Nós, dende o PSdeG —dicíao o señor Suárez antes— reivindicamos tamén dende hai tempo a necesidade de que a Xunta recupere as seleccións galegas masculinas e femininas en moitas disciplinas que non existen, pero tamén que impulse moitas disciplinas xa existentes, porque cremos que as seleccións galegas son un fenómeno de cohesión social, de promoción da identidade galega e que, ao final, redundan no benestar colectivo. E, ademais, permítenos ter presenza nas competicións estatais ou nas internacionais non oficiais e poñer en valor o potencial do deporte galego.

Pero, a maiores disto, o que expresamente se pide nesta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego entendemos que é un debate que, neste momento, coa nova regulación, xa ten que estar superado. E digo isto porque entendemos que é pouco realista manter este debate no tempo, porque si que podería ter sentido este debate ao amparo da anterior lei; unha lei, ao final, dos anos noventa —refírome á anterior Lei do deporte—, pero que xa na actualidade, coa Lei do deporte aprobada no ano 2022, non ten, polo menos, tanto sentido na práctica.

E refírome a esta Lei do deporte porque si que é verdade que aínda que as competencias en materia deportiva, tanto na Constitución española como no Estatuto de autonomía, están transferidas, como xa lle aclarei hai uns días ao director xeral nunha Comisión 1ª, isto é, na práctica, relativo en materia deportiva, como xa mantivo o Tribunal Constitucional noutras ocasións por recursos que se plantexaron neste eido. E esas competencias autonómicas digo que na práctica están limitadas por varios motivos.

O primeiro é o aspecto territorial. Ao final, a competencia da Xunta de Galicia límitase á competencia dentro do noso territorio, polo que non pode regular competicións que son de carácter estatal ou internacional. Iso, ao final, é pura lóxica. Polo tanto, a creación por parte do Goberno galego desas seleccións nacionais e que se pretenda que compitan a nivel internacional está limitado, porque a súa creación e a habilitación por parte do Goberno galego



non implicaría que estas xa directamente puidesen competir a nivel internacional, se as federacións deportivas deses niveis —refírome internacional— non o permiten. Entón, a creación e habilitación, ao final, sería testemuñal.

E a segunda limitación é que, en realidade, en moitas ocasións se produce afectación de intereses xerais de carácter supraautonómico no deporte español no seu conxunto, para cuxa defensa e promoción, ao final, o competente é o Estado; ou tamén que o deporte está estritamente vinculado a outras áreas, a outras materias, que si que son de competencia estatal, por exemplo as relacións internacionais. E isto, ao final, é unha realidade preexistente de carácter obxectivo que limita a potestade autonómica, a non ser que queiramos seleccións galegas habilitadas para mirar para elas, pero que despois a nivel internacional non poidan competir, co prexuízo, ademais, que isto suporía para os nosos deportistas.

Outra cousa distinta é a singularidade dalgunhas disciplinas deportivas, ou a súa identidade ou arraigo nun territorio, que é outra realidade que nós tampouco negamos, porque existe. E por iso dicía ao inicio que a nosa nova Lei do deporte supuxo un avance neste sentido en relación con contemplar no seu articulado esta realidade preexistente. Existen seleccións galegas en determinadas disciplinas, en determinados deportes, no eido internacional —como citaba vostede, señor Suárez, o fútbol gaélico—, que preexistían, ademais, á Federación Española deste deporte, e ademais trátase dunha disciplina singular que ten no noso territorio un arraigo histórico e social. O mesmo acontece en Euskadi, por exemplo, coa pelota vasca ou co surf, ou en Gales co fútbol, ou en Xibraltar e Escocia, como citaba vostede, e outros exemplos tamén en todo o mundo. E podería seguir poñendo exemplos.

Porque preguntaba vostede por que eles si e nós non. Pois, ao final, vostede fala de feitos consumados. Falaba eu do arraigo e da preexistencia, e é obvio que o acceso á representación internacional non vai depender de nós, senón que lles corresponde decidilo ás federacións ou asociacións deportivas do mesmo nivel, isto é, a nivel internacional, que capitalizan a competencia en cada deporte, non aos estados nin aos gobernos. Polo tanto, nin ao Goberno galego, nin ao Goberno do Estado. E iso tamén o recoñece esa sentenza que lles dicía eu ao principio do ano 2018.

Por iso, a nova regulación estatal —que nós incluimos como emenda— supón un gran avance, porque si que dá esta posibilidade de que as seleccións autonómicas por primeira vez poidan ter unha base xurídica que sustente a posibilidade de competir a nivel internacional, e refírome a esta posibilidade, á participación internacional oficial das seleccións autonómicas, porque, ademais, se ben é certo que aínda que a lei establece esta posibilidade, tamén o condiciona a que sexan as federacións internacionais as que dean o visto bo, e as federacións internacionais sabemos que sempre previamente van consultar a órganos de carácter estatal, como, por exemplo, neste caso ao Consello Superior de Deportes.

Polo tanto, se realmente queremos a participación internacional oficial das seleccións autonómicas, isto é un requisito esencial, e o resto, se non, será demagogia. E se realmente o que queren con esta iniciativa é iso, deberían aceptar a nosa emenda, porque, se non, co resto non se vai acoutar a legalidade e, polo tanto, non vai ser viable na práctica, a no ser que isto queiramos convertelo nun debate ideolóxico, e entón non imos coincidir, porque,



se se fala de nacionalismo, de soberanía ou do que tamén implica no eido deportivo, pois nós, dende o Grupo Socialista, realmente non imos coincidir con iso, porque nós defendemos a cogobernanza como elemento estrutural e vertebrador do noso modelo territorial. E defendemos a identidade territorial, lingüística, cultural, e incluso tamén deportiva, pero non con carácter excluín-te.

Polo tanto, nós, se non aceptan a nosa emenda, non imos votar a favor desta iniciativa, porque, en definitiva, nas condicións nas que está redactada entendemos que exclúe e prexudica os nosos deportistas galegos.

Exclúe porque —reitero— a normativa en materia deportiva non permite aos deportistas elixir unha ou outra selección e, polo tanto, non poderían competir coas dúas. Polo tanto, isto limitaríalles competir, por exemplo, nos Xogos Olímpicos, porque todos sabemos que o COI non permite competir a territorios non recoñecidos como países pola ONU; entón, estaríamos prexudicándoos. Tamén co requisito da nacionalidade. Neste caso os mellores xogadores galegos e galegas serían requiridos polo Estado, porque, ao final, terían nacionalidade española e, polo tanto, terían que ir competir coa lexislación estatal.

Por outra banda, tamén falaba de «prexudicial». E ¿prexudicial por que? Porque entendemos que é discriminatorio por motivos económicos, porque non temos recursos suficientes. E os recursos que hai detrás dos sistemas deportivos, o financiamento... Estamos moi lonxe de ter esa capacidade. Polo menos, estaríamos discriminados en relación con outros territorios.

Despois, porque a pesar de que no noso territorio hai deportistas excelentes de relevancia internacional, en moitas disciplinas, moitas veces nos deportes de equipo, estaríamos achicando a base ou a canteira, e isto repercutiría de forma negativa tamén en nós.

E despois, por outra banda, por último, por non ser autorizada a nosa selección por organismos de carácter internacional ou polas federacións, pois, ao final, teríamos a camiseta, pero non poderíamos suala.

Por todo iso —conclúo—, entendemos que nós —como dicía antes— reivindicamos a necesidade das seleccións autonómicas, a necesidade das seleccións galegas nas diferentes disciplinas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, por favor.

A señora CASTRO REY: ...pero entendemos que sempre axustadas á legalidade.

E, por último —presidenta, xa remato—, por se acaso dende aquí ata o mes de xullo non volvemos falar de deportes neste pleno, pois mándolles toda a sorte do mundo aos deportistas e ás deportistas galegas que vaian competir nas olimpíadas de París.

E quero dicir por último que, en todo caso, o deporte debe servir para unir e non para separar, porque xuntos somos máis fortes e mellores.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Grupo Mixto.

O señor Ojea renuncia ao seu turno de palabra.

Ten, entón, agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Argimiro Marnotes.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, o pasado 31 de maio o estadio de Balaídos foi escenario dun partido entre a selección galega e a selección de Panamá, e, obviando o resultado, foi unha tarde-noite onde o fútbol de Galicia xiraba ao redor dun himno —o galego— e cun ambiente que era moi festivo.

Debemos agradecer á Real Federación Galega de Fútbol que se preocupase e ocupase da organización deste evento deportivo entre seleccións, e que a Xunta fixese o que procede: apoiar a iniciativa e animar a Real Federación Galega de Fútbol a que continúe co desenvolvemento de máis partidos deste calibre. (*Aplausos.*)

Non cabe dúbida, para calquera deportista galego ou galega poder competir nunha selección galega é un aliciente, sexa no deporte que sexa; para os clubs é un orgullo ver os seus deportistas nestes eventos e para o público amante de cada deporte, unha satisfacción.

Dito isto, dende a Xunta de Galicia non se pode facer máis do que xa se fixo: apoiar as seleccións galegas masculinas e femininas en calquera das 52 modalidades federadas, oficialmente recoñecidas en Galicia. E isto é así porque o Goberno galego está convencido de que as seleccións son unha peza esencial para o desenvolvemento do conxunto do sistema deportivo e para o crecemento individual dos e das deportistas.

A nós, ao Partido Popular, gústanos estar coa opinión real da xente, por algo os galegos e galegas nos recoñecen como o partido que máis se parece a eles. E nesta ocasión sabemos que os galegos e galegas desexan desfrutar vendo os seus mellores deportistas galegos e galegas competindo na selección galega contra outras seleccións, aínda que sexa de forma amigable en torneos feitos ex profeso para cada deporte, pero sempre sen perder a máxima referencia de ver gañar e competir no deporte español a deportistas galegos entre eles. (*Aplausos.*)

Non é a primeira vez que sae esta cuestión das seleccións galegas, primeiro a conta do fútbol, e, por extensión, agora a outras disciplinas deportivas. E saben que esta iniciativa que presentan está morta antes de ser debatida, pero isto xa é costume en vostedes. Gústalles debater sobre o que saben que será rexeitado e escasas veces van facer propostas nas que saben que se poden chegar a acordos. Pero, neste caso, ademais, temos que contar coa propia lei, que parece clara ao respecto. O fomento do deporte a través da participación das seleccións galegas nos ámbitos supraautonómicos e internacionais está recollido na Lei



3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e desprendécese dela que son federacións deportivas galegas e os seus respectivos sistemas de competición as únicas encargadas de limitar o formato desta participación das seleccións dentro do marco establecido nas normas en vigor. A maiores, a Lei do deporte, aprobada en decembro do 2022, no seu artigo 48 regula a integración das federacións deportivas autonómicas na Federación Deportiva Española. E di no seu punto 1: «Para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito estatal ou internacional, as federacións deportivas de ámbito autonómico integraranse necesariamente nas respectivas federacións deportivas españolas». Neste articulado, e en forma de emenda —aquí xa se falou disto do que vou falar— do PNV, cos votos en contra do PP, a abstención do BNG e o posicionamento a favor do PSOE, por ser requisito para a gobernabilidade do señor Sánchez, exixido polo PNV, incorpórase un punto 2 que di: «As federacións deportivas autonómicas poderán participar directamente no ámbito internacional se a federación internacional correspondente contempla a súa participación, no caso de modalidades ou especialidades deportivas con arraigo histórico e social na súa respectiva comunidade autónoma, ou ben no caso de que a federación autonómica formase parte dunha federación internacional antes da constitución da federación española correspondente».

Así o PNV abriu esta posibilidade para darlle opción á disciplina de pelota vasca como selección vasca, apartada da selección española, para que poida participar en competicións internacionais, que ten acreditado arraigo histórico e que, por certo, se decidirá en México o próximo 29 de xullo en votación na Federación Internacional de Pelota Vasca, ao que se opón frontalmente a Asociación do Deporte Español, en defensa dos intereses do deporte español e dos principios que inspíran a Carta olímpica.

Señorías do BNG, detrás de todo isto que plantexan, teñen un desexo que aínda non se lles escoitou verbalizar, pero que todos e todas sabemos que está latente en vostedes, e non é outro que o desexo de que desaparezan as seleccións españolas de calquera modalidade deportiva. (*Aplausos.*) Para iso, os socios independentistas do Goberno en España non comezan o camiño só con ese articulado exprés metido a calzador na Lei do deporte, non como posible fío para tirar del, non, senón que tamén o fan pensando xa na individualidade de cadaquén. Pois se por aquí non conseguen que as eleccións españolas teñan atrancos e desaparezan, pretenden comezar un camiño para que os deportistas poidan decidir non ir ás convocatorias das seleccións españolas. E para iso está en tramitación unha iniciativa de Esquerda Republicana de Cataluña, que modificaría a Lei do deporte para que os deportistas convocados por unha selección deportiva nacional poidan decidir se acoden ou non á selección sen escusa ningunha.

Mentres vostedes no BNG non entendan que os galegos e galegas somos xente de consenso e nada excluíntes, mentres iso pasa, Galicia medrou en deporte exponencialmente grazas ao labor conxunto de clubs, federacións e administracións. Galicia por medio do DOG do 21 de maio reconece xa 1.219 deportistas divididos en 941 de alto nivel, 93 de alto rendemento, 126 de rendemento deportivo base, 32 técnicos, 10 árbitros, 7 xuíces, 10 vitalicios e ata incluso 35 deportistas con diversidade funcional.

Galicia é exemplo en España en deporte individual e colectivo, patrocinando por medio da Fundación do Deporte Galego a todos os deportistas e clubs que compiten en territorio es-



pañol. E isto é a envexa de todos os deportistas e clubs do resto do territorio. E non soamente iso, a Xunta tamén axuda á adquisición de material preciso para competir ou incluso para gastos correntes a equipos de menor entidade.

O deporte en Galicia conta co apoio da Xunta de Galicia nas franxas de idade máis complicadas, de 6 a 16 anos, co programa Xogade, e incluso co bono facilitado de 120 euros para cada un dos deportistas federados ata esa idade.

En definitiva, a Xunta non é quen de impulsar seleccións galegas que compitan oficialmente. A Xunta —como creo ter explicado— apoia e seguirá respaldando calquera actividade de selección galega de calquera das cincuenta e nove federacións existentes, como vén facendo cada vez que isto sucede por medio de convenios promovidos polos propias federacións.

Para rematar, señora presidenta, señorías do BNG, está claro que o que máis lles move sobre que os deportistas galegos e galegas compitan nunha selección galega é que sería un pasiño para a desaparición das seleccións españolas en todas as disciplinas deportivas. Pero ese debate non é de seleccións galegas, senón de eleccións galegas. E aí quedou xa meridianamente claro non hai moito e ratificado hai dous días. *(Aplausos.)* Incluso se o traemos ao caso, os galegos e galegas fixeron unha selección de sesenta e un eurodeputados, dos que a estas horas son sesenta titulares e un pendente de saír a xogar por parte do BNG, pois non se sabe que tipo de contrato vai ter nesta selección de eurodeputados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E en canto á situación en terreo de xogo e duración, pois o equipo de pertenza a Bildu e ERC non é transparente neste tema.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Señorías do BNG, alegrariámonos moito de estar equivocados sobre o que vostedes pensan en canto se fala de seleccións galegas. Nós pensamos, e dicímoslle de verdade, que o seu obxectivo é dar pasos para poñer trabas e a poder ser eliminar as seleccións españolas de calquera disciplina deportiva. E se consideran que estamos equivocados non teñen máis que desexarlle sorte aquí hoxe, por exemplo, á Selección Española de Fútbol no campionato europeo que empeza estes días, no que, por certo, participan dous xogadores de raíces galegas, e que a bo seguro será seguido e apoiado por moitos galegos e galegas, moitos máis dos que lle entran nas urnas a vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche do autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra don Iago Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ¡Uf! *(Risos.)* A ver, señor Marnotes, que vostede e mais eu compartimos aí unha cuestión, que ambos somos directivos dun equipo de fútbol, e imos intentar comprendernos.



Non se engane, non hai unha conspiración xudeumasónica para que no BNG queiramos que desaparezan seleccións de ningún país nin de nada, nada máis lonxe da verdade; queremos que os deportistas galegos xoguen coas seleccións galegas. *(Aplausos.)* Así de simple.

«Non, é que queren que desapareza...». Non, ¡home!, non, ¡que va! Queremos democracia e que cada xogador e cada xogadora escolla onde quere xogar, e aquí respondemos tamén á señora Castro.

«Non, é que terían que escoller xogar coa selección española ou galega». Claro, ¿e cal é o problema? Democracia. Igual que puideron escoller votar a un partido ou a outro, que escollan en que selección queren xogar.

Despois dicía o señor Marnotes tamén que esta iniciativa saía e nacía morta, porque sabían que ía ser rexeitada. ¡Home!, non sei por que, poden votar a favor, ¡eh! *(Risos.)* Se vostedes xa din que nace morta desde o primeiro momento porque a van rexeitar, pois coidado, porque entón o debate que temos aquí non vale para nada. Non, imos falar en serio destas temáticas, que eu creo que a poboación galega tamén o merece.

Despois tamén dicía o señor Marnotes, do Partido Popular, que ten que haber máis partidos deste calibre. Pois aplíquense o conto. Se ten que ver máis partidos deste calibre e temos que esperar de oito anos en oito anos é que entón nin sequera vostedes se aplican o propio conto. *(Aplausos.)*

E unha cuestión que non ten moito que ver con isto, pero eu creo que é importante tamén que mencionamos: é espectacular a capacidade que ten o Partido Popular de aprender o argumentario. Iso é un espectáculo, *(Risos.)* e parabenízoos por iso.

Aquí falouse do regadío na Limia, falouse do Sergas, agora das seleccións galegas, dá igual do que se fale, saíron as eleccións europeas en todos e cada un dos debates, en todos e cada un deles. *(Murmurios.)* Pero traían unha iniciativa das eleccións europeas entón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois traían unha iniciativa e debatámola aquí. ¡En todos e cada un dos debates! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire que barullo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Sobre a iniciativa e sobre a emenda.

A emenda do Partido Socialista di —e cito textualmente—:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a recoñecer e impulsar, para que poidan competir oficialmente e previo acordo co Consello Superior de Deportes estatal, as seleccións galegas que contan cun arraigo histórico e social e que formaran parte dunha federación internacional antes da constitución da federación española correspondente, como así establece a diferente normativa estatal en materia deportiva.» *(O señor Suárez Fernández bufá.)* Este é un ladrillo, ¡eh! *(Risos.)* Nós pedimos que a Xunta de Galicia simplemente apoie que as se-



leccións galegas das diferentes disciplinas poidan xogar, e punto. Non hai nada máis, non hai ningún tipo de conspiración, nin ningún tipo doutra cuestión máis alá.

E unha petición, simplemente para que aquí poidamos ter debates serios, que poidamos traer preparadas as cuestións e que poidamos falar en serio e honestamente sen ningún tipo de argumentario: non repitan aquí mantras tan manidos en cada unha das intervencións. É que aburren ás ovellas. ¡Aburren ás ovellas constantemente! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Falen, cingáanse ao que teñen que falar. Non nos traian aquí as cuestións de fóra que non teñen nada que ver. ¡É que é unha cousa impresionante! ¡É unha cousa é impresionante! Tómense o Parlamento galego como o que é: a sede da soberanía galega onde se debaten as cuestións que traen os grupos parlamentarios. Tan simple como iso. (*Aplausos.*)

Non podemos aceptar a emenda do Partido Socialista.

E a min aquí só me queda facer unha alegación a favor dos nosos deportistas e das nosas seleccións galegas: ¡oficialidade xa! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que é a 5585, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira Pazos.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a modificar o actual sistema de cómputo de listas de espera que establece dous tipos de listas, comezando pola publicación e posterior eliminación das listas de espera non estruturais e reincorporando a todas as pacientes a unha única lista de espera, e a facelo de tal forma que calquera galego ou galega poida coñecer con nitidez cales son os tempos de espera desde que se solicita unha consulta ou proba diagnóstica, ou ten que ser intervindo. En definitiva, coñecer con absoluta transparencia o cómputo de esperas no sistema público sanitario.»



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, por un tempo de oito minutos, ten a palabra dona María Elena Espinosa Mangana.

A señora ESPINOSA MANGANA: Boa tarde, presidenta.

Boa tarde novo a todas e a todos.

Hai pouco publicábanse os últimos datos oficiais das listas de espera en sanidade. A pesar desta versión oficial, tanto profesionais como pacientes e a cidadanía en xeral saben perfectamente que os datos oficiais non se corresponden coas experiencias próximas e coas experiencias propias, que mostran realidades moi distintas. A realidade é que as esperas son moito maiores das que a Xunta de Galicia pretende recoñecer, porque o tempo que unha persoa espera por unha cita non é computado na súa totalidade, dado que só se contabiliza o tempo desde que se enmarca a cita nunha axenda, pero non desde que a persoa a solicita.

Son consciente de que este tema se tratou xa neste pleno, pero é necesario repetilo ata a saciedade, na esperanza de que o novo equipo da Consellería de Sanidade tome nota e arranxe definitivamente este sistema de cómputo, que é un puro engano ou, se o prefiren, é un sistema fraudulento.

E queremos facelo hoxe precisamente porque coñecemos as listas de espera recentes e porque necesitamos ter unha medida exacta se queremos pór solución ao problema que temos. E non digan que como oposición mentimos ou que se trata de casos puntuais e que todo o mundo está encantado coa sanidade que temos.

Efectivamente, temos un excelente nivel de profesionais sanitarios, pero os problemas que ten a sanidade orixínanse pola ineficiencia do sistema, froito da imposibilidade de responder con total eficacia aos problemas que xorden ou responder con atraso dada a saturación crecente dun sistema que durante os últimos anos viu recortada a súa capacidade asistencial, e esta saturación reverte en listas de espera moi avultadas.

E aquí gustaríame lembrar as palabras do anterior responsable de Sanidade, agora compañeiro e deputado, que neste Parlamento dixo en marzo do 2023 que o obxectivo era recuperar os corenta e dous días de espera para as consultas no ano 2023. Pois ben, superamos os setenta e tres días de media de espera para unha consulta en Galicia. É dicir, non só se cumpriron os obxectivos, senón que empeoraron considerablemente; a saber, imos para atrás coma os cangrexos.

E non se nos ocorra ir a unha consulta na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, onde estamos próximos aos oitenta e sete días, empeorando o dobre do esperado, ou na área de Ourense-Verín-O Barco, que superan os cento trinta días. Gustaríame que a Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade, tivese a valentía de cualificar estes datos. ¿Ven sensato ou razoable esperar máis de cento trinta días, é dicir, máis de catro meses, para unha consulta? E plasman estes datos nun papel sen o mínimo comentario nin unha mínima solución.



Pero tamén a Xunta de Galicia dixo neste Parlamento que no ano 2023 se recuperarían os cincuenta e catro días de espera para unha cirurxía, e son case sesenta e oito a lista de espera media en Galicia, ou oitenta e un días se temos que operarnos na área sanitaria da Coruña ou Cee. De novo, marcha atrás e nin un mínimo día de mellora.

Pero se sabemos que o habitual é esperar semanas ou meses para unha chamada ata ter marcada esa cita e este tempo non se contabiliza, ¿de canto estaríamos a falar se estas listas recollesen a realidade? ¿Que cifras alcanzaríamos? Quizais para a Xunta de Galicia son simplemente números, para os socialistas son miles de galegos e galegas, persoas novas ou maiores, que teñen problemas de saúde e están pendentes dunha consulta, dunha proba diagnóstica, dunha cirurxía e que a súa saúde seguramente se agrava mentres están a esperar a ser atendidos, ou sofren ou teñen dor.

E para buscar unha solución á falta de atención sanitaria, o primeiro que hai que facer é terminar coa opacidade, coa falta de transparencia, porque soamente coñecendo as esperas reais e coñecendo onde están os problemas se poderá avaliar e planificar unha saída se así o desexan, aínda que todos sabemos que os problemas teñen que ver maioritariamente cos deficientes recursos humanos sanitarios, porque sabemos, ademais, que esta situación non é homoxénea en Galicia. Usei datos medios de Galicia para que non me acusasen de demagogia, pero puiden citar outros oficiais como os que vou dicir: 333 días de espera para unha cita de rehabilitación no hospital de Ourense; 528 días para unha endoscopia respiratoria na Coruña, Cee, é dicir, ano e medio de espera oficial; ou 347 días para facer unha ecocardiografía no hospital público da Mariña, por pór algún exemplo. Pero, —insisto— se estes datos son os oficiais, ¿cantos días son as esperas reais? Ata o de agora, ninguén quixo contestar. Simplemente pedímoslles que o fagan, que acabemos dunha vez por todas con esta mentira na que nos meteu o Goberno da Xunta de Galicia.

E non empecen a dicir que a culpa é do Goberno de España, que a culpa é de Pedro Sánchez —xa me adianto eu—, porque súas son as competencias e deben exercelas. Se non as queren, sexan valentes e díganlo; se non queren as competencias, sexan valentes e díganlo alto. Se cadra esta é a razón pola que tampouco solicitaron ningunha competencia máis nos últimos anos, porque non son capaces de xestionar ben as competencias que teñen.

Pero as competencias en materia sanitaria teñen un compoñente moi, moi sensible. Como socialistas, pedímoslle ao Goberno da Xunta de Galicia, pedímoslle ao Partido Popular, que aproben esta iniciativa e que deixen de xogar coa saúde dos galegos e das galegas; que deixen de xogar co sufrimento, porque ninguén neste momento sabe cando o van ou o poden atender.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.



Moi boa tarde.

Temos un problema coas listas de espera no noso país: as listas de espera seguen desbordadas. Aínda non hai nin dúas semanas que coñecemos os datos oficiais do Sergas da situación das listas de espera ao remate do 2023. Por certo, cinco meses para recapitular os datos xa lle chega, sobre todo cando o Ministerio xa había tempo que publicara as súas. Nestes datos oficiais do Sergas podemos ver que hai 45.027 pacientes agardando por unha cirurxía, que hai 114.632 pacientes agardando por unha proba diagnóstica e que hai 212.281 pacientes agardando por unha primeira consulta no hospital. Destas últimas, 2.917 persoas agardando durante máis dun ano por unha primeira consulta de rehabilitación no Hospital de Ourense. Máis dun ano para unha consulta de rehabilitación. ¿Cal é a calidade asistencial que se lles vai ofrecer a estas case tres mil persoas? ¿Que proveito van tirar desta consulta uns pacientes que levan máis dun ano cun proceso que se vai cronificando? Case tres mil persoas ás que o Sergas lles nega a posibilidade dun tratamento para mellorar a súa calidade de vida.

E falamos das primeiras citas porque non podemos falar das segundas e sucesivas, das citas de revisión, porque esas non son públicas. Citas da revisión como as de Oncoloxía, que as pacientes do Hospital de Santiago están a denunciar o seu adiamento durante meses, en contra de todos os criterios clínicos profesionais e científicos. Pacientes que están a denunciar que se senten abandonadas polo Sergas. Pacientes que, ademais, veñen de criticar e de rexeitar firmemente as declaracións feitas polo recén conselleiro de Sanidade na liña de estudar o cambio dos protocolos destas revisións. Como non podemos garantir unha revisión sen tempo e forma, pois cambiamos os protocolos. E, mentres, as pacientes agardando; abandonadas, tal e como se declaran elas mesmas. *(Aplausos.)*

Temos unhas listas de espera hospitalarias absolutamente masificadas. Se o comparamos cos datos oficiais tamén do Sergas de hai catro anos, hai 9.370 pacientes máis agardando por unha cirurxía que en decembro de 2019; 29.656 persoas máis que no 2019 agardando por unha proba complementaria; 45.454 pacientes máis agardando por unha consulta hospitalaria. Hai entre un 125 e un 135 por cento de crecemento nas listas de espera. E xa sen entrarmos a falar dos tempos medios de espera. Porque detrás de cada unha destas cifras —que ditas así, rápido e correndo, resultan frías e anecdóticas— hai persoas que teñen a súa saúde comprometida.

¿Cales son as propostas do Partido Popular para dar resposta a esta situación? A primeira, a de sempre. Chega o verán e entón reducimos a actividade asistencial: case oitocentas camas menos dispoñibles nos hospitais galegos. Porque ¿para que aproveitar o descenso das patoloxías estacionais, como as patoloxías respiratorias, para desconxestionar estas listas? Porque non deixa de ser curioso que, mentres que na sanidade privada no verán non hai tal redución de actividade, na pública hai que baleirar plantas. E só lles acordan os dereitos do persoal, o seu dereito ás vacacións e ao descanso, cando poden clausurar cuartos. Non cando van coa lingua fóra e lles piden intersubstitucións, prolongacións de xornada etcétera. Aí si que non lles acorda o dereito que ten o persoal a descansar.

¿Cal é a segunda proposta? Que o persoal en formación se poña a pasar consulta. O persoal en formación —xa o dixemos en máis ocasións— está para formarse; non para cubrir as



ausencias do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e salvarlle a papeleta ao Partido Popular. Os MIR xa traballan na sanidade pública pasando consulta, realizando operacións ou calquera outra tarefa que lles corresponda, pero non están para cubrir os descubertos que vostedes teñen nas plantillas e salvarlles os mobles. Como dixo a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria a respecto desta idea: «non se poden facer máis desastres en menos tempo». *(Aplausos.)*

Pero, ademais, o problema das listas de espera non remata aquí. O problema é que non coñecemos a realidade completa, e non a coñecemos porque o Partido Popular vén practicando sistematicamente unha política de segregación e de ocultación. Segregan, porque separan as pacientes en listas de espera estruturais e listas de espera non estruturais; pacientes de primeira e pacientes da segunda; pacientes que aceptan ser derivadas á sanidade privada e pacientes que non, e por iso son penalizadas. Son pacientes que pasan a un limbo, que non se conta nas estatísticas, no que quedan sen teren ningún tipo de información nin de garantía. Información que non teñen as pacientes, que tampouco teñen as profesionais e, por suposto, que tampouco ten a cidadanía. De feito —así a modo de anécdota—, desde o BNG pedimos xa na pasada lexislatura que se fixesen públicas estas listas de espera non estruturais e que nos facilitasen a información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento desta Cámara. Eu non sei se o saben, porque ademais hai novas señorías que se incorporan hoxe a este hemiciclo, mais o artigo 9 do Regulamento establece que o Goberno debe facilitar a información solicitada polas deputadas nun prazo non superior a trinta días. Nin en trinta, nin en sesenta, nin en dous anos foron quen para facilitar a información que se lles requiriu. *(Aplausos.)*

E ocultación, porque agochan a información de xeito sistemático. Agochan os datos das listas de espera non estruturais, pero agochan tamén os das listas estruturais. Ata hai certo tempo era anecdótico saír do centro de saúde ou do hospital sen as citas que lle correspondían a cadaquén. Tamén é certo que daquela inundábanse as redes sociais de denuncias polas demoras que ían ter que soportar; citas que supoñían oito meses de espera, dez meses, un ano ou incluso máis dun ano agardando por unha consulta hospitalaria ou por unha proba. Denuncias que incluso nós temos traído a esta Cámara. Entón, vostedes —áxiles— optaron pola outra vía. Como ían ter que agardar moito, mellor que non o saiban e, de paso, computamos só o tempo que nos interese. Todo ese tempo que están agardando por unha chamada ou por un SMS que lles dea a cita non conta. Conta nada máis ese pequeno período entre que se outorga a cita e que finalmente se produce. E, mentres, nin pacientes, nin profesionais nin a cidadanía saben nada desas citas. As pacientes non saben cando van ser atendidas, pero é que tampouco as profesionais que as seguen e que poden ter que tomar decisións clínicas para as que dependen desa cita saben nada ao respecto.

Esta mañá dixo a voceira de Sanidade do Partido Popular que o BNG non traemos a esta Cámara propostas realistas. Demandar que non deixasen as pacientes de Oncoloxía meses agardando por unha cita de revisión, abandonadas, non debía de ser unha proposta realista. Por iso, cando o BNG urximos a unha solución na Comisión 5ª, vostedes votaron en contra. *(Aplausos.)* Demandar transparencia e información tampouco debe ser unha proposta realista. Por iso, esta mañá votaron en contra da moción presentada para botar luz sobre as derivacións de doentes e de recursos á sanidade privada e para limitar esta práctica.



E remato xa. Desde o BNG apoiamos a demanda do Grupo Socialista dunha maior transparencia no cómputo das listas de espera, pero cremos que é necesario ir máis alá. É preciso ir máis alá do mero cómputo e incorporar tamén a publicación das listas de espera non estruturais, rematando dunha vez por todas coa práctica de categorizar as pacientes en pacientes de primeira e pacientes de segunda e de recoñecerlles dereitos a unhas si e a outras non. Por iso introducimos esta emenda, que agardamos que sexa tida en conta. Porque as pacientes e a cidadanía temos dereito a coñecer cal é a realidade do sistema público de saúde.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Xa se dixo aquí que estamos comezando a lexislatura, que hai moito deputado novo e que é bo refrescar a memoria dos máis novos e tamén para os máis veteranos. Porque, efectivamente, foi nesa sesión plenaria do 20 de decembro do pasado ano 2023 cando, ante un deputado socialista e portavoz do seu grupo parlamentario —que hoxe xa non está presente, porque os galegos falaron alto e claro e non lles compraron o discurso e, mire por onde, nós volvemos estar deste lado cun Goberno responsable detrás e vostedes seguen estando na oposición—, (*Aplausos.*) intentamos explicarlles como se regulaba o cómputo dos tempos de espera na sanidade pública, como funcionaban e a quen tiñan que pedírllelo. Se non lles gusta como se contabilizan, pídanlles vostedes que os cambien.

Porque estamos escoitando o mesmo en menos de seis meses. Aínda non se decataron de que o sistema de cómputo dos tempos de espera non o decide o Sergas; tampouco o decide a Xunta e nin tan sequera o Partido Popular. Está regulado por un real decreto, señoría, o Real decreto 605/2003, no que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo da información da lista de espera en todo o país, en toda España. Polo tanto, señora Espinosa, non podemos cambiar os criterios de cómputo, porque perdería a homoxeneidade cos datos do resto das comunidades autónomas. Ao mellor é que vostedes queren que non poidamos comparar con magnitudes iguais. Pero se ese sistema de cómputo non lles gusta, pois gobernen. Deberían pedirlo vostedes á ministra de Sanidade do Goberno de España, que debemos lembrar que nin sequera é do seu partido, porque ao señor Pedro Sánchez impórtalle pouco a Sanidade. Despois de nomear seis ministros en seis anos, no seu último nomeamento decide regalarlle a carteira a unha activista madrileña do partido da dimisionaria Yolanda Díaz. (*Aplausos.*) Non poñan caras de susto, porque é a verdade.



Desde logo, desde o Servizo Galego de Saúde séguense escrupulosamente os criterios que marca e establece o Ministerio de Sanidade e que se homologan para toda España. É que, de actuar doutro xeito, os datos non serían contrastables e non poderíamos demostrarlles os bos resultados que ten Galicia en relación ao resto das comunidades de España; sempre cos mesmos criterios que marca ese real decreto. Cos datos do Ministerio —non do Partido Popular—, somos a terceira comunidade con menor tempo de agarda cirúrxica; a terceira de dezasete. Sabemos que a vostedes os incómoda que o Partido Popular acerte e que saiba gobernar.

Voulle dar uns datos. Pois mire, mentres que Galicia ten un tempo medio de espera de 67 días, comunidades como Castela-A Mancha ten 102 ou Asturias, 98. E ¿por que será? Pois igual é porque o Partido Popular xestiona mellor. E xa mellor non falemos dos amigos do BNG. Por exemplo, en Cataluña eses datos pois chegan á friolera de 138 días de espera para ser intervindo, case o dobre de Galicia.

E outro dato no que demostramos o bo facer do Servizo Galego de Saúde é que na porcentaxe de doentes con máis de seis meses de espera Galicia é a segunda mellor comunidade, só por detrás de Madrid, con só un 2,7 por cento de doentes que teñen que esperar menos de seis meses. E se comparamos ese dato co doutras comunidades, pois non saímos mellor; en Castela-A Mancha, por exemplo, teñen un 11,6 por cento, catro veces máis, ou en Cataluña, que teñen once veces máis.

Polo tanto, señorías, deberían de estar calados, porque os datos que conseguen onde vostedes gobernan non os deixan nunha situación mellor que a que ten Galicia. Aprendan a xestionar e despois veñan aquí intentar dar leccións de algo.

E mire, Galicia ten un goberno responsable e efectivo e vostedes non queren permitir a existencia de datos que llo demostren á cidadanía.

Señora Carreira, parece mentira que vostede sexa médico e que me fale de oncoloxía. Vostede sabe que os pacientes oncolóxicos teñen prioridade 1. E non se pode vir aquí facer demagogia. E, desde logo, desde o Sergas queredamos chegar a eses datos que tiñamos en prepandemia, no ano 2019, e os datos que temos no ano 2023 son mellores que os datos de 2022. E os datos son claros e transparentes.

E voulles explicar agora como se contabilizan as listas de espera, a ver se entran en razón, a ver se desta o entenden. Mire, o prazo empeza a contar cando un doente chega a un especialista; vaise operar —imos poñer— da cadeira ou dun xeonllo; entón, inclúese nunha lista de agarda; cando ese doente firma o consentimento informado, pásaselle a facer probas e esas probas pois están baixo o servizo de anestesioloxía, que é o que coordina; pídeselle un electro, unha placa e todo isto. Ben, moi ben, entón cando ese doente entra no quirófano con seguridade, despois de pasar todas esas probas, é cando o prazo remata. Pero ¿que pasa? Isto é o que vostedes chaman lista de espera estrutural. Pero hai algún doente que non se pode operar pois por motivos de saúde sobrevidos, porque ten unha diabetes non controlada, por exemplo, ou algún motivo que desaconsella esa cirurxía, ou que ese doente chega o momento e decide pospoñer a intervención. Pois durante ese tempo non se suman os días, o



cal é obvio, porque o sistema está preparado para atender esa cirurxía, pero por eses motivos o doente non se opera, e iso non se pode incluír.

Incluír estes datos desde logo desvirtuaría por completo a realidade, e lembren que con estas cifras queremos coñecer a capacidade que ten o sistema para absorber esa demanda cirúrxica e proporcionar atención sanitaria ao usuario. Pero é, que ademais, esta é a mesma maneira coa que se contabiliza en Galicia, en Castela-A Mancha, en calquera comunidade autónoma; é un criterio homoxeneizado.

E poderíamos entender e incluso concordar se o que vostedes nos dixeran é que as listas de espera nunca son o suficientemente baixas. Totalmente de acordo, e teñen razón. Aínda que sexamos dos mellores, desde logo nós sempre imos aspirar a facelo mellor. E por iso no pasado ano 2023 propuxemos o Plan de intensificación asistencial, precisamente para a redución das listas de espera. E con ese plan, dotado con máis de 30 millóns de euros, permitíronse máis de 4.000 intervencións adicionais.

E tamén se anunciou a semana pasada no Consello da Xunta a inclusión de sete novas patoloxías no sistema de garantías de tempos máximos. Desta maneira son xa cento quince patoloxías ás que se lles garante a primeira consulta nun especialista en menos de corenta e cinco días e a intervención cirúrxica en menos de sesenta.

Concretamente nesta nova ampliación incorporáronse tres patoloxías relacionadas coa saúde da muller: as neoplasias malignas de útero, a displasia de colo uterino e a displasia vulvar leve e moderada, así como catro tipos de linfomas.

Estímase que 2.000 pacientes galegos ao ano se van beneficiar desta ampliación do número de patoloxías con tempos máximos garantidos. E desde o ano 2018, en que entrou en vigor o Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso a prestacións sanitarias públicas, xa se beneficiaron máis de 293.000 persoas.

Señores socialistas e señores do BNG, ben, neste caso socialistas, a súa proposta e o seu discurso non só demostra un descoñecemento flagrante —descúlpeme, señora Espinosa— da legalidade e do funcionamento da Administración. Vostedes tamén denigran os profesionais sanitarios, que cada día eses profesionais co seu bo facer demostran que son os mellores de España.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Gústelles escoitalo ou non, temos uns excelentes sanitarios e son partícipes dos bos resultados que acadamos.

Remato xa, señorías, con tres ideas que me gustaría trasladar a todos os galegos que nos están seguindo. Galicia é das comunidades autónomas con menores listas de agarda, Galicia incluíu sete novas patoloxías ao sistema de garantía de tempos máximos e o sistema de



cómputo non é un capricho da Xunta nin pode ser modificado unilateralmente, está regulado por un real decreto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente

Señora Amigo, en primeiro lugar quero dicirle que nós sempre estaremos ao lado da xente; estaremos ao lado da xente, esteamos sentados aquí ou esteamos sentados alí, esteamos na oposición ou esteamos gobernando. Eu si que non sei onde están vostedes, onde está o Partido Popular. *(Aplausos.)*

E mire, sei ler, sei ler e sei perfectamente o decreto que regula estas listas, pero o que aquí estamos traendo non é incompatible nin incumpre para nada ese decreto. E voullo explicar aínda que teña pouco tempo.

Pero é que é máis, como sei ler, voulle dicir que vostedes, como Partido Popular, no ano 2009 pediron que se cambiara este sistema. ¿Por que non o fan agora se no ano 2009 o pediron? Vostedes si que cambian de criterio, independentemente de que estean sentados nun lado ou noutro.

E agora explícolle. Eu non mando —nin pido perdón— modificar ese decreto. Pero supoña que eu vivo na comunidade autónoma «xe», non vou poñer nome, non vou dicir se é do PP, se é do PSOE, non sei que. Vou pedir unha consulta determinada e, nese momento, danme a cita, nese momento entro automaticamente neste rexistro. Se vostedes me din: xa a chamarei, ou xa a chamarei, entón pasan un montón de días onde non aparecen, porque eses días están no limbo. Poñan vostedes diante unha columna onde apareza esa data que eu como enferma solicito a primeira vez e hai perfectamente transparencia. *(Aplausos.)*

Pero mire, vostedes presumen de transparencia, pero non se atreven a aprobar esta iniciativa. ¿Porque é tan difícil o que lles estamos pedindo? ¿É tan difícil saber canto tempo ten que esperar a xente? ¿Non será mellor coñecelo que estar a facer cábalas e estar a imaxinar cando nos poden atender? Non o fan e non aproban esta iniciativa porque saben que son datos falsos, saben que son datos que enmascaran unha realidade e que a realidade é bastante peor. E falsean os datos porque queren vivir nun mundo feliz e queren presumir dese mundo feliz.

Pero mire, eu voullo dicir unha vez máis: nunca, nunca, nunca na vida me oír a min falar mal dun profesional da medicina. É a segunda vez que vostede mo di, o outro día na comisión e hoxe neste pleno. Hoxe empecei a miña intervención facendo unha alusión expresa aos profesionais da medicina e rógole, por favor, que non volva dicir iso; se non, as miñas palabras con vostede van ser noutro ton. *(Aplausos.)*



E eu quero rematar xa dicíndolle á señora Carreira que queremos unha iniciativa sinxela, que queremos que isto arranque dunha vez e non imos aceptar a emenda que o BNG propuxo, pero esperamos que a apoiem, porque no fondo coincidimos e todos queremos o mesmo para a nosa sanidade e, sobre todo, para as persoas que están enfermas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar a súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de modificación.

Substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

«3. Abrir un proceso para a contratación por concorrencia competitiva dun plan de internacionalización para a divulgación da creatividade galega, que contemple a participación e debate co todos os sectores culturais. »)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Estamos ás portas dun verán que comeza a reventar en festas ata o mes de setembro. Polo menos así o ten programado a Xunta de Galicia, a través da marca Fest Galicia, e que é unha convocatoria que vén publicar de xeito que a Xunta funciona como patrocinador de festivais de música que, cun percorrido determinado, van espallarse por Galicia, desde o Sinsalaudio ao Resurrection Fest.

A Agadic decidiu promover estes festivais de música, funciona como un promotor, como patrocinador dos mesmos, favorecendo así unha marca galega e mesmo o traballo dalgún festivais que teñen xa unha sona e un percorrido afianzado no territorio. Cumpren estes festivais ao adherirse á marca unha serie de premisas e a organización dálles, outórgalles a marca de Fest Galicia, acolléndose así ao patrocinio, e fan estes traballos empresas de certo volume económico, traballan ao compás dun mix entre o que a Xunta espera e o que estes festivais xa de por si tiñan programado neses proxectos que se adaptan. Ata aí vai todo ben, máis ou menos vai todo coordinado.



A cuestión complícase cando as contratacións caen a dedo en empresas internacionais, mesmo en UTE ou noutras que aparecen de xeito esporádico por medio da Agadic ou da Axencia Galega de Turismo. Levan contratos millonarios, levantando un inmenso deserto para as pequenas iniciativas, para as pequenas salas, para artistas independentes, promotores emerxentes, que se perden nun mar de complicacións burocráticas e administrativas e un ínfimo orzamento.

De xeito que, por exemplo, un programa que lanza agora a Agadic, que se chama Rede Galega de Música ao Vivo, 400.000 euros para dous anos de programación, remata o 20 de maio esta convocatoria; moitas das salas están valorando non presentarse á convocatoria, do que supón dous anos de programación.

Porque a complicación —e esta é unha investigación feita por un xornalista que se chama Javier H. Rodríguez— salta cando desde hai catro anos a Xunta licitou a dedo máis de 19 millóns de euros para festivais de xeito arbitrario, un pequeno grupo de empresas, producindo así unha distorsión no mercado que levou a un inmenso deserto, como dicía antes, a moitas iniciativas pequenas e dun carácter moi concreto e ademais con moitísimo interese.

E antes de continuar, quero deixar claro que o PSdeG non ten nada en contra da creación de eventos internacionais e que teñan un volume grande de orzamento, basicamente porque todos sabemos que isto lle dá ao territorio unha marca determinada e tamén fai que se movan certas cuestións económicas ao redor, que favorece todo o que vén sendo o tecido económico de proximidade. Pero estes festivais, ao noso entender, teñen que ter un concepto determinado, unha periodicidade determinada e unha praxe en concreto.

Outra cousa é que nestes catro anos, con máis de cincuenta contratacións a dedo dende o ano 2020, cando o señor Feijóo é outra vez revalidado como presidente, prodúcese esta serie de cuestións. E, ademais, hai unha cuestión: que se confunde cultura con entretemento; entretemento, o feito de que estes festivais teñen esa parte de entretemento pero non de cultura, pero o PP ten ese costume de arrancar e falar dunha industria cultural; ben, unha industria musical, unha industria de eventos, pero non ten que ver cunha industria cultural, sobre todo porque non teñen nin concorrencia competitiva, non teñen criterios obxectivos de repartición e deixan fóra, como dicía antes, asociacións cooperativas e empresas culturais que se esforzan en eventos culturais de grande cualificación.

E, ademais, é que as empresas son as mesmas dende o ano 2020: Live Nation, Old Navy, Sweet Nocturna e Esmerarte, ben soas ou ben en UTE. E, ademais, a Axencia de Turismo de Galicia crea ao seu carón unha serie de eventos saídos da nada e están xestionados polas xa mencionadas UTE ou por festivais que no seu caso tiveron a creación ao carón da axencia.

Acabamos de ver o Son do Camiño, pero o gordo, o que corta aquí o bacallau, é o Gozo Festival. Este último é o máis cuantioso da historia de Galicia. Firmou no Goberno o señor Rueda, xa en funcións e coas eleccións convocadas, 3.388.000 euros, nun contrato negociado sen publicidade, para producir en 2024 a segunda edición deste festival, tendo en conta que no 2023 o festival foi creado da nada e foi dotado co terceiro contrato máis alto da historia, dado a man, 1.815.000 euros, adxudicado á empresas Swift Nocturna, que, por certo, é unha



filial da internacional Live Nation; é dicir, somos meros recadadores, non queda nada do produto ou moi pouco de todo este volume económico.

Poderíamos falar doutras empresas, como esa Zircozine ou moitas outras que están vinculadas precisamente coa Comunidade de Madrid no macrofestival Mad Cool, pero esa é outra cuestión.

Todo —insisto— cunha tramitación arbitraria, destrutiva, invalidante co tecido cultural e que non é capaz de crecer nesta especie de sobreabundante —unha cultura eucalipto, todo o que está debaixo non pode crecer—, que se ben son eventos que teñen unha impronta e un cometido e que forma parte do entretemento contemporáneo, o abuso e a praxe na súa concepción e contratación está esquilmando as posibilidades de facer grande o noso, o diferente, están apartados.

E, non obstante, hai exemplos de boa praxe, hai festivais escénicos e que están xestionados pola Agadic, algúns á súa maneira, pero hainos, que teñen unha táboa de baremación, que teñen criterios obxectivos; mesmo aquí outros como son os que saca o ICAA, do Ministerio de Cultura, que se rexen por iso, por unha obxectividade e por unha baremación. Pero —insisto— estas contratacións estratosféricas saen de aí e, polo tanto, esquilman o territorio do mal coñecido ámbito cultural e non pasan polo filtro, como dicía, dun baremo dunha axencia cultural.

E ¿como é posible que un festival sen traxectoria poida ter case 2 millóns de euros que se lle concede a unha empresa produtora? ¿Como cren vostedes que esas pequenas empresas galegas que traballan nas case cincuenta salas independentes por todo o territorio se poden sentir ou mesmo poden sobrevivir?

E mesmo as artes híbridas, porque é verdade que estamos nun mundo onde a cultura contemporánea ten unha implantación coa música, coas artes escénicas e coas artes transformativas, ¿como poden facer estas artes híbridas que buscan un espazo entre a investigación e o comercial tratando de ofrecer produtos culturais que levan un longo deserto de peticións, proxectos, burocracias e negativas finais? ¿Como é posible que festivais de cine, de creación audiovisual, proxectos artísticos ou da escena teatral e mesmo da escrita teñan que mendigar, teñan que posicionarse, teñan que vivir da amabilidade dos estraños mentres temos este tipo de cultura que fago cita e que non deixa crecer o que é —insisto— o propio de Galicia?

É por este motivo que traemos a este pleno esta proposición non de lei, porque entendemos que todo ese cometido que tería que facerse, posiblemente, non digo desde Axencia de Turismo de Galicia pero si desde a Agadic, está escapando desa rede de contratación e está invalidando —volvo repetir— todo o que ten que ver co tecido cultural en Galicia, que ten outras dimensións e sobre todo ten outra forma de transitar e de poder sobrevivir, a que está destinado.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Como ao mellor non lles deu tempo a ler esta iniciativa do Grupo Socialista, vou comezar dando lectura só ao primeiro parágrafo, que di así: «A política cultural do Partido Popular discorre por liñas que as máis das veces atende a grandes fitos e grandes eventos que dificilmente atenden á idiosincrasia do país e ás súas xentes». Desde logo, no Grupo do BNG concordamos totalmente con esta afirmación, mais tamén, con total honestidade, temos que recordarlle ao Grupo Socialista que esta é a política cultural que están aplicando en gobernos como o da cidade da Coruña ou o da cidade de Vigo, onde se están a priorizar grandes eventos musicais a costa de desatender a rede sociocultural de base, sen apoiar o tecido creativo local, con tramitacións irregulares, que mesmo xa algunhas están no xulgado, e cunha xestión económica irresponsábel que mesmo está a comprometer a viabilidade dun concello como é o da Coruña. E, evidentemente, non o dicimos no BNG, senón que o din os informes da Asesoría Xurídica e de Intervención Económica.

Efectivamente, no BNG parécenos que é indecente que o Partido Popular destine, ano tras ano, millóns a mancheas a macroeventos musicais, e parécenos indecente por moitas razóns, que vou sintetizar en tres moi brevemente.

Unha, porque se actúa reiteradamente desde a discrecionalidade, desde a arbitrariedade, buscando de forma premeditada beneficiar apenas tres-catro grandes empresas de amigos do PP, que por suposto pagamos todos os galegos e galegas a escote.

Unha segunda razón, porque se practica deliberadamente a discriminación e a exclusión do propio, da cultura propia galega que facemos. E simplemente dos moitos exemplos que se poden poñer —algúns foron mencionados aquí— eu quero facer un espello entre dúas realidades recentes: para un só festival, o Festival do Gozo, a Xunta de Galiza destina un patrocinio de 3.400.000 euros, para un só festival, onde non hai ningunha contratación de ningún grupo ou solista galego; (*Aplausos.*) insisto: 3,4 millóns de euros, sen ningunha achega a ningún grupo musical galego. A outra cara do espello é a entrega de 1.200.000 euros repartidos para eses dezanove festivais que forman parte dunha marca de grandísimo prestixio e onde está demostrado o retorno social e a fixación económica no territorio, que son eses dezanove festivais da marca Fest Galicia.

E a terceira razón é que deliberadamente está a renegar o Partido Popular do máis importante, que é a función social da cultura.

Polo tanto, aquí o que se ve claramente son os dous modelos de política cultural: o modelo do Partido Popular, un modelo que ve a cultura como un evento puntual, simplemente como un espectáculo, un obxecto de consumo de usar e tirar, un complemento circunstancial que simplemente acompaña tempos de ocio ou de lecer e, por suposto, unha vía rápida para encherlles os petos a uns poucos patrocinando case sempre o de fóra, unha política de arrase



da que absolutamente nada permanece e que non merece chamarse cultural porque non garante o que é o fundamental, que son os dereitos culturais. E está o outro modelo, o do BNG, o que practicamos ademais desde as nosas áreas de goberno, a partir do desenvolvemento dunha política ordenada, coordinada e coherente de apoio aos eventos culturais, onde se traballa sobre todo desde a base e con criterios como a presenza da creación e de contidos culturais galegos, o retorno social e de desenvolvemento territorial, os criterios de sustentabilidade, experimentación, investigación, innovación, etc.; toda unha serie de proxectos que, evidentemente, máis cedo que tarde, imos traelos aquí, recollidos nesa Lei de dereitos culturais, na que seguimos a traballar como goberno alternativo, da man de todos os sectores e comunidades culturais do noso país. Aquí temos, fronte a un modelo desigual e arbitrario do Partido Popular, un modelo equitativo e participativo, que é o que practicamos desde o BNG.

Esta proposición non de lei demanda un aumento orzamentario para a contratación da cultura galega, e nós evidentemente concordamos, mais aquí temos que ver tamén en que estado están as cifras de investimento do Partido Popular en cultura, e claramente, a pouco que se coñece a evolución dos orzamentos do Partido Popular, vemos que son cifras que están en vermello. Non o dicimos no BNG, senón que o volveu dicir recentemente o Consello da Cultura Galega no seu informe Corenta anos de cultura galega en estatísticas. Por suposto, recomendo a súa lectura íntegra, mais só vou citar aquí a conclusión final; literalmente di o Consello da Cultura: «O Goberno galego gasta en proporción o mesmo en cultura agora que hai trinta e cinco anos.» Está moi claro cal é a folla de ruta do Partido Popular en política cultural.

Neste momento o que nos queda é agardar a proposta que nos traia a esta Cámara o Partido Popular na tramitación dos orzamentos da Xunta para o ano 2025. De momento agora esta nova Consellería de Cultura nin orzamento propio ten; polo que lle escoitamos no pleno pasado ao conselleiro de Cultura na súa comparecencia, proxecto novo, tampouco; e polo que vimos na estrutura orgánica da Xunta de Galiza, goberno novo, tampouco hai; máis do mesmo, porque o equipo segue a ser o mesmo. Polo tanto, non parece que as formas vaian mudar; ¿ou si?

É certo que si que vimos, aínda que non nolo anunciaron pero vímolos xa, por política de feitos consumados, algunha acción nova, algunhas formas de actuación moi preocupantes. Por iso lle pedimos ao Partido Popular decencia, pedímoslle decencia e que non continúen a se apropiaren de xeito partidista da memoria de autoras cuxa obra se posicionou sempre en contra da política do Partido Popular. (*Aplausos.*) Lean máis e manipulen menos, lean máis e bloqueen menos.

As propostas de resolución desta PNL do Grupo Socialista céntranse na contratación musical e nas artes escénicas, aínda que agora quedaron relegadas a un segundo plano. Nós entendemos que, por suposto, é así, é correcto, e votámolo a favor, mais tamén entendemos que o goberno dun país ten que ser máis que un axente de contratación. Debe ser impulsor da creación, da investigación, da mediación, da accesibilidade e da inclusión; debe diversificar o modelo de axudas, artellar circuítos escénicos e musicais desde a sustentabilidade; mellorar a dotación e funcións da Rede galega de teatros e auditorios; ampliar proxectos de re-



sidencias artísticas; ceder espazos públicos, con recursos que están infrautilizados; visibilizar os creadores e creadoras da cultura galega, a través da Radio e da Televisión pública; mellorar a coordinación e comunicación das actividades, para que a cultura sexa efectivamente un dereito, para facela máis forte e máis próxima á cidadanía.

Isto é o que demandan as profesionais da cultura galega e é o que temos demandado en múltiples ocasións nesta Cámara desde o BNG, como demandan tamén efectivamente implicación no proceso de internacionalización, unha materia pendente de forma deliberada por parte do Partido Popular, que non deixa que a nosa cultura transcenda o que é o noso propio espazo territorial.

Precisamos ese instituto Rosalía de Castro, irmán do Instituto Etxepare ou do Instituto Ramón Llull, de Euskadi e de Cataluña, un instituto Rosalía de Castro para a proxección exterior da cultura e da lingua galegas, un organismo público cuxo obxectivo sexa promover e difundir internacionalmente a creación cultural galega. É por iso que neste terceiro punto da parte resolutiva da súa proposición non de lei presentamos esa breve emenda onde se recolle o que para nós é fundamental: hai que avanzar efectivamente neste instituto Rosalía de Castro para traballar dunha vez a internacionalización da lingua e da cultura galegas, máis entendemos que hai que facelo sempre desde o diálogo e a participación cos sectores sociais. Agardemos que acepten esta emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Mire, señora Queixas, nós lemos a quen queremos, cando queremos e como queremos. E ¿sabe por que? Porque nós non somos sectarios, como vostedes. (*Aplausos.*)

Señora Longueira, vista e escoitada a súa iniciativa, dende o Grupo Parlamentario Popular non podemos senón convidalos a que preparen mellor vostedes os temas e a que se informen e se documenten sobre eles.

Esta iniciativa reflicte o perdido que está o Grupo Parlamentario Socialista en Galicia e o pouco coñecemento que teñen do panorama cultural galego. A desconexión da esquerda en Galicia cos intereses dos galegos e das galegas cada día queda máis evidenciada.

Miren, en primeiro lugar, Galicia está orgullosa dos seus grandes eventos culturais, eventos que acadan ano tras ano uns datos absolutamente dignos de recoñecemento. Dubido que todas as persoas que asistiron, asisten e asistirán a eles, de todas as cores políticas por certo, os poñan en dúbida.



En segundo lugar, os concellos onde governa o PSdeG co apoio do BNG, señora Queixas, si que están de acordo co financiamento dos grandes eventos musicais que financia a Xunta de Galicia. E falando de concellos nos que vostedes gobernan, no caso da Coruña —concello que vostede coñece ben— demanda constantemente da Xunta de Galicia para celebrar no seu territorio aínda máis ciclos musicais e iniciativas que contribúan a dinamizar culturalmente a cidade. Pregunten ao Concello de Lugo se renunciarían ao Caudal, ou en Vilagarcía ao Atlántico, ou en Viveiro ao Resurrection. O que non ten sentido é que os seus gobernos municipais soliciten á Xunta máis eventos deste tipo e os grupos que os representan neste Parlamento fagan crítica desas peticións; (*Aplausos.*) outro sinal máis da súa desconexión dos intereses dos galegos e das galegas, non hai máis que ver os resultados en Galicia das últimas citas electorais.

E, en terceiro lugar, a Xunta tamén financia eventos de mediano e baixo alcance, que contan, sen dúbida, cunha grande aceptación dos galegos e das galegas. Ilústroos con varios exemplos que ben seguro lles soan: o Sinsal, na illa de San Simón, creo que foi o único, por certo, que vostede citou, Concello de Redondela, socialista. Máis exemplos: Ribeira Sacra, festival Intersección, festival S8, FIOT de Carballo, festival Abanea, mostra de teatro de Cangas. A lista é longa, porque os eventos son moitos. Convídoos a que participen deles, xa verán como parten dun concepto absolutamente identitario e poñen en valor a creación galega. Engado, por certo, o IKFEM, señora Longueira, a cuxa presentación asistiu hai uns días, unión indisoluble entre lingua, cultura e música entre Galicia e Portugal, posto en valor polo Concello de Tui e pola Cámara de Valença e apoiado tamén pola Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, din vostedes que a política cultural do Goberno galego discorre por liñas que as máis das veces atenden a grandes fitos e eventos que dificilmente teñen que ver coa idiosincrasia do país e das súas xentes. Falan vostedes de eventos como O Son do Camiño, que por quinto ano consecutivo vén de colleitar un enorme éxito de visitantes e funcionar como polo de atracción turística. Pois ben, as cifras falan por si mesmas, amosando que este certame, cuxa última edición tivo lugar hai poucos días, mobilizou 45.000 persoas diariamente e actuou como catalizador económico non só para Santiago de Compostela, senón para toda Galicia, eu atreveríame a dicir para outras comunidades que teñen fronteira con nós. O Son do Camiño é xa unha marca de seu, un selo propio, impulsado con acerto polo Executivo autonómico, que actúa como imán revulsivo turístico e que se ten instalado como un marchamo ligado á nosa Comunidade Autónoma.

Este certame, e outros de menor dimensión pero igualmente importantes, promovidos desde a Axencia de Turismo, combinan á perfección a perspectiva cultural máis local e galega coa global, ao incluír no seu programa artistas de aquí así como nacionais e internacionais.

¿Non coñecen vostedes acaso que desde a Xunta, a través de Turismo de Galicia, se promoven iniciativas como Concertos na Fin do Mundo, que axudou a impulsar e promocionar a carreira de artistas tan nosos como o gaitero Anxo Lorenzo ou mesmo as Tanxugueiras, moito antes de que este grupo acadara sona nacional?

Eu preguntolle, señora Longueira: ¿acaso non é iso apostar polo tecido autóctono galego? Preguntolle tamén: ¿acaso non é iso atender á idiosincrasia de Galicia e das súas xentes?



Vostedes falan na súa exposición de motivos —un tanto caótica e un moito falta de argumentos— de que se repartiron 19 millóns de euros en festivais e eventos repartidos por toda a xeografía galega sen transparencia. Pois miren, eu convídoos —se non é moito esforzo— a que vaian á páxina de contratación da Xunta de Galicia para acceder aos datos detallados de cada investimento realizado neste eido.

Señora Longueira, non sei se é por negligencia, por omisión ou por acción malintencionada —espero que non sexa isto último—, pero vostedes faltan á verdade cando acusan o Goberno galego de distribuír actuacións sen criterio, e non só iso, senón que, xunto coa falacia, incorren en contradicións. Na exposición de motivos evidencian, dunha banda, un fondo descoñecemento das accións levadas a cabo pola Xunta de Galicia durante todos estes anos para a promoción da cultura e da música galegas. Falan vostedes de distorsión, pero ao mesmo tempo recoñecen que se distribuíron festivais e eventos por toda a xeografía galega. A ver, aclárenme, porque isto non cadra: se promovemos certames en todo o territorio galego, ¿distorsionamos o tecido autóctono ou é que rexeitan os socialistas galegos a premisa do equilibrio territorial na distribución de fondos para a cultura e a música? Será a mala influencia do discurso populista do alcalde de Vigo, que ataca constantemente calquera política do Goberno galego que non se incardine nesta cidade.

Falan vostedes de falta de transparencia. Quizais prefiren o xeito de que precisamente desde este mesmo concello, o de Vigo, se impulsou a contratación do grupo Guns N´ Roses, por exemplo, contratación que debería saber —seguro que si o saben— que foi moi criticada pola Asociación de Empresas Galegas Musicais, formada por máis de corenta firmas da nosa industria musical, malestar orixinado polo procedemento aberto polo Concello de Vigo para licitar o contrato de patrocinio deste concerto por máis de 1 millón e medio de euros. Ou pode preferir o feito de xestionar do Concello da Coruña, no que se acaban de regularizar 4,2 millóns de euros de facturas irregulares das festas de María Pita do pasado ano (*Aplausos.*), ano, por certo, de eleccións municipais.

Miren, señorías, tan errada non estará a Xunta de Galicia cando os concertos do Xacobeo foron premiados pola promoción do turismo musical e cultural ao atraer, só en 2022, un total de 1.124.000 espectadores en máis de setenta localidades galegas, con 171 actuacións en ciclos de concertos de gran e pequeno formato.

Vou rematando, presidente.

Miren, como xa fixeron nas últimas sesións plenarias varios compañeiros e compañeiras do Grupo Parlamentario Popular, eu convídoos a que lean non só os xornais nin a páxina web da cultura da Xunta, senón tamén o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou por maioría absoluta —a quinta, por certo— as eleccións do pasado mes de febreiro. Ao mellor así desde o Grupo Socialista deixan de tocar de oído e falan con coñecemento de causa e poden enterarse de que a Xunta xa fomenta todo tipo de proxectos artísticos, traballando arreo pola promoción de calquera —insisto—, calquera expresión artística, sexa mestura de varias ou non, e tamén de que o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude —e ademais o fixo nesta Cámara— anunciou que se vai proceder a actualizar a Estratexia da cultura galega e nela vai xogar un papel moi importante a internacionalización.



Así mesmo, saberían que no noso programa electoral hai 23 compromisos concretos, a maiores de todos os transversais, que xa se comezaron a cumprir, para avanzar no reforzo do ámbito cultural galego, favorecendo unha cultura viva con plenitude e sempre en crecemento.

Remato xa, presidente. ¿Saben que pasa, señorías? Que vostedes teñen unha vara de medir trabucada; entendémolo, entendémolo, porque o *modus operandi* do Goberno socialista en Madrid —e sabémolo ben nesta comunidade autónoma— puxo de moda iso de «do dito ao feito hai un treito». No caso do Goberno popular en Galicia o lema é outro: «anunciar, comprometerse e cumprir».

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Grazas, señoría, polas súas palabras, sempre tan axeitadas, cheas de coherencia e ademais rigorosas. Nada que escape ao que pode ser a imaxinación, e ademais, como sempre, centrándose no seu. Non hai por que ir falar doutras cidades, de xestións, non, centrándose no seu. É un gusto oíla sempre, marabilloso (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) De nada, á súa disposición para cando queira informarse ou algunha outra cuestión.

Mire, o caso é que vostedes contratan case 20 millóns a dedo, iso é o que vostedes fan. Logo pode falar vostede da Coruña, de Vigo, a señora Queixas tamén, que está alí no Goberno, debería de estar alí un pouco máis atenta; pode falar do que queira. Vostedes contratan a dedo 20 millóns de euros, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) case 20 millóns de euros, e fano en empresas que son recatorias e esquilman o que son as empresas pequenas.

E creo que ademais van ver como dentro de pouco non se van presentar, porque hai unha cousa curiosa: estas pequenas empresas, en pequenas salas repartidas por toda Galicia, non están patrocinadas, teñen que ir a unha subvención. Por certo, que eu creo que vostedes o cambiaron. É dicir, antes non tiñan que facer tanta burocracia, pero, como aproveitaban os fondos Next Generation, desde hai dous anos —este é o segundo—, estanlles facendo pasar polos fondos Next Generation para ese tipo de subvencións; vostede aforran os cartos e a eles lévanos a facer unhas tramitacións interminables.

E voulle poñer un caso —señor Trenor, sempre está un pouco nervioso (*Murmurios.*)—. Por exemplo, se unha pequena empresa, unha pequena sala acerta na súa programación de grupos emerxentes independentes e fai unha boa entrada, eses cartos despois non poden estar recollidos na subvención da Agadic. É dicir, canto máis éxito máis os castigan, as pequenas promotoras, as pequenas salas, que viven do xusto, que sobreviven, e iso é ao que nós nos referimos aquí. Despois as cidades contratarán, non contratarán. Por certo, a Deputación da Coruña ten un programa de 400.000 euros só para atender á provincia da Coruña en cues-



tións culturais. E todos, máis ou menos, levan unha cantidade suficiente coa cal poden ir tirando, regularizando, xustificando as súas cuestións, e non hai ningún problema.

Pero neste caso que traemos aquí son cuestións de pequenas promotoras, de pequenas salas, que están sufrindo e que realmente fan cultura, porque son moitas veces cuestións híbridas, non só da escena musical, senón performática, onde fan unha programación, onde con esa programación algúns creceron; efectivamente, o S8 creceu, Intersección —que é outro festival audiovisual— tamén creceu, pero creceu a custa de que hai axudas fóra de Galicia que os permiten crecer e internacionalizar. ¿Ou vostede cre que estes festivais se internacionalizan polas axudas da Xunta? Internacionalízanse polas axudas que se conseguen no Ministerio de Cultura; por aquí non, aquí conseguen axuda para ir vivindo, e pouco máis, e sábeo perfectamente, á marxe das tramitacións burocráticas, que son irrefreables neste sentido. E a isto é ao que nos referimos.

Por suposto que aceptamos a emenda do BNG para esa internacionalización da cultura galega, inexistente, que todo o que se fai é de vontade propia e, como digo sempre, rogando para que sexan aceptados ou para que sexan axudados. É que non hai por que pasar por aí, porque é un tecido cultural que promove, que produce, que nos fai diferentes e que tamén ten un PIB importante da economía.

E despois outra cousa, porque é unha cuestión recorrente que se vén dicindo neste pleno. Dicían na miña casa que a derrota hai que asumila con dignidade e a vitoria hai que asumila con humildade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Vostedes foron vitoriosos e gañaron o Goberno da Xunta. Nós estamos na oposición, ben, e nós non o imos deslexitimar. Vostedes gañaron e están aí. *Fin de la cita. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto é a democracia. Se imos ter que vir aquí todos os días a oír que vostedes gañaron e gobernan, é interminable, de verdade, é interminable. *(Murmurios.)*

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos nesta etapa educativa

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Boas tardes, señorías. Presidente.



Perdemos dende 2010 no noso país máis de 100.000 habitantes, chegando a un índice de envellecemento que supera o 207 por cento, que son 78 puntos máis que a media do Estado. No 2023 tivemos 400 nenos menos, e nenas, e son 5.600 menos que hai dez anos. Temos un proceso de baleirado evidente, herdado por todos e todas das políticas do Goberno do PP durante todos estes anos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é o que ten facer políticas que non funcionan. (*Aplausos.*)

Dos 313 concellos do noso país, 261 perderon habitantes, e nos últimos dez anos hai 20 municipios máis con 1.000 habitantes, con mil persoas menos.

As políticas de dinamización demográfica e o fomento da natalidade non funcionaron demasiado ben, porque foron un compendio de boas intencións traducido nun «había que». E os propios datos indican que, co «había que», ao final non vai haber xente. Pero, iso si, foron todas ben dotadas de márketing, porque hai que saber aproveitar. O pouco que se faga, hai que saber proveitalo ben.

O caso é que a propaganda, a xulgar polos datos, non funcionou tampouco, non deu moitos resultados. (*A señora Fernández González amosa unha fotografía cun titular.*) O de «Ser nai ou pai en Galiza é un planazo» é igual que o vídeo de promoción que está colgado na páxina da Xunta; que, se non vives a realidade de Galiza, pois ata parece que está ben e dis ti «si, si». Pero, para resumírvolo a todas e todos, para que saibades, mentres soa unha música agradable e vemos imaxes de nenas e nenos e de pais e nais, dinse frases que animan a ser pai ou nai: «Porque surfear unha onda é un bo plan, pero surfeala co teu fillo é un planazo»; «Compoñer unha canción é un bo plan, compoñela co teu fillo é un planazo»; e «Ser directora —non sabemos de que— é un bo plan, pero co teu fillo tamén é un planazo».

A fisura que eu lle vexo a este planazo é: á parte de surfear, compoñer e ser directora, se queres ser electricista, gandeira, traballadora dunha factoría, médica, condutora de camiión, limpadora, arquitecta e non podes levar o teu fillo contigo ao traballo, que é a realidade, ¿que pasa? Pois é que, a verdade, ás sete da mañá cando te levantas para ir ao traballo, o planazo xa non parece tal. Hai que buscar outras opcións. Está o planazo B, que son os avós, se os tes cerca da casa. E logo está o planazo C, que é contratar unha persoa e pagarlle máis da metade do teu soldo, ou o teu soldo enteiro, para non renunciar ao teu desenvolvemento profesional e laboral —que, por certo, no caso das mulleres seguimos tendo unha situación e estando moi prexudicadas—.

Porque o problema é que neste plan as contas da feira non dan coas da casa. Eu non son ningunha experta en datos nin en matemáticas, pero imos facer a conta. Miren: hai 62.200 nenos e nenas en Galiza na franxa de cero a tres anos. Temos, contándoas todas, 32.100 prazas de escolas infantís ente Galiñas Azuis, as da Axencia Galega de Servizos Sociais, as casas niño e as escolas privadas; en total, son 550 escolas. A ratio dá a 1,94 nenos por praza. Temos unha praza para cada dous nenos. Os datos non os invento eu; son datos públicos que poden buscar vostedes, que están á dispoñibilidade de todas. Pero dende o BNG imos ser benévolos para que non se queixen logo. Imos contar só os menores de dous anos; seguirían sendo 46.600. Tampouco dan as contas, non serían abundas. E entrarían nesas prazas sete de cada dez. A ver cal é o planazo que temos en Galiza para eses tres nenos que quedan.



Imos ver, a medida da gratuidade das escolas infantís está ben. O que pasa é que non temos capacidade para levala a cabo; ou, peor, non temos vontade. Entón, todos os anos quedan nenos e nenas fóra. Neses anuncios que fan vostedes na páxina da consellería din que a escola infantil é gratuítas vivan onde vivan, vaian á escola que vaian, sen excepcións nin trámites.

Eu voulle poñer un pouco de realidade á cuestión. Imos facer unha comparación para que todas e todos entendamos. Isto é como cando vas a unha festa gastronómica típica na que a comida é gratis. Pero como vén moita xente porque a comida é gratis, entón os dos final, os do fondo da ringleira, non teñen comida. Claro, é gratis ata onde chega. Despois nin é gratis nin é, porque non a hai. (*Aplausos.*) Pois coas prazas de escolas infantís en Galicia éelles o mesmo: son gratis ata onde chegan. O problema é que non chegan.

Así que non digan que non hai excepción, porque á media verdade, a non contar toda a verdade para favorecerse, na miña aldea chámasele mentir. Os datos amosan outra realidade. Miren, 24 concellos dos 313 teñen prazas para todas as crianzas; é un oito por cento triste. En contraposición, hai outros 17 nos que hai máis de cinco rapaces por praza. E logo está o resto do mapa galego, no que os mellor parados teñen dous para cada praza e despois están os que teñen tres, catro e cinco.

Ben, agora vaian vostedes alá a Dumbría, onde hai 53 nenos e cinco prazas, e fálenlles do «planazo»; a Guitiriz, 104 nenos e 20 prazas; Padrón, 184 nenos e 30 prazas. Ou vaian preguntar a Verín, a Ourense, onde hai 282 nenos e 44 prazas. Bueno, non, a Verín non vaian, porque lles quixeron pechar o paridoiro e logo volveron deixar sen cubrir as prazas de pediatría e igual non os reciben moi ben. (*Aplausos.*) Tanto ten, pregunten na Lama ou en Begonte, porque en Begonte igual atopan pola rúa algún pai ou nai ao que lle tocou a lotería e entrou nas cinco prazas que ofertan para 42 nenos.

Eu non lles son ningunha experta en ningunha materia, pero, ao igual que todas as galegas e os galegos, entendo que para ofrecer algo hai que telo. Por se a alguén lle queda algunha dúbida de que isto non se está levando a cabo de xeito rigoroso e de que non se está facendo todo o que se pode facer para favorecer a conciliación, léolles outra vez unha nova de hai quince días que xa estou cansa de lela. Miren: «*Galicia se sitúa a la cola de gasto per cápita para sanidad, educación y política social*». Aí van as escolas infantís. Outra nova deste mes pasado: «*Galicia tiene una plaza de educación infantil para cada dos niños*». Son novas de xornal; non vaian pensar que os do BNG escribimos revistas. Non son xornais que sexan precisamente sospeitosos de ser satélites nosos, eh; sonlles datos que dan as novas do noso país.

É moi doado votar a favor do que pedimos na nosa iniciativa, así que aproveiten. Aproveiten, e así quedan ben. É a maneira de votar a favor da conciliación, da vida laboral e da vida persoal dos pais e das nais galegos; a favor de traballar contra o déficit de prazas; a favor de axudarlles aos concellos a sufragar esa gratuidade que lles están cargando; a favor de prestar un servizo esencial para as familias; a favor de remediar a crise demográfica.

Escoiten, dende o BNG propoñemos: que aumenten as prazas das escolas infantís públicas, dándolles prioridade sobre a iniciativa privada para que a igualdade de acceso sexa real; que



se unifiquen as listas de agarda para as crianzas, para ter todos os mesmos criterios de acceso e non pagar indiscriminadamente á empresa privada por un servizo, e para facelo tamén de maneira ordenada; e que se lles devolvan as horas de programación aos traballadores das escolas infantís, para que poidan facer o traballo con calidade. É evidente que hai unha grande falla de investimento neste eido e, por extensión, de vontade.

Votar que si esta iniciativa, ao final, é cumprir o que din; nada máis ca iso. O resto dos votos serán excusas para continuar dicindo medias verdades. Entón, agardamos, polo tanto, que estean de acordo e que voten diferente ao ano pasado en comisión, cando votaron en contra da proposición de Olalla Rodil sobre este tema.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Efectivamente, o tema das escolas infantís digamos que é un *mix* mal definido en todo o territorio galego. Por estar así de mal definido, nós imos apoiar, evidentemente, esta moción. Cremos que hai lugares onde a demanda existe e as prazas poden cubrirse, incluso algunhas quedar baleiras; outros onde as prazas son absolutamente insuficientes; e outros onde habería que adiantarse a un futuro que nos indica que haberá unha necesidade de prazas. Isto fai que en moitas ocasións o uso da escola infantil como servizo de proximidade e de conciliación non cumpra o seu cometido.

En consecuencia, isto foi provocando que a rede pública quedase —como todos sabemos— máis esmorecida e que haxa unha vantaxe para a creación dunha rede privada, que ve como se pode cubrir esa necesidade. Pero aínda así, aínda contando con esa rede privada —que non todo o mundo pode chegar a ela e pode ser usuario—, non hai unha resposta á demanda. Polo tanto, entendemos que é evidente que se fai necesario un estudo real e detido sobre o territorio, onde se comprobén as demandas existentes e a proxección das demandas futuras, como dicía ao principio.

Ese é un punto de partida se realmente, ademais dos anuncios de facer a gratuidade das escolas infantís e demais —que poden entrar nas esferas das opcións políticas ou das propagandas políticas—, queremos atallar a falla demográfica. Se realmente queremos crer nesa conciliación —nas políticas de igualdade, por exemplo— é necesario ese estudo por parte de técnicos da consellería o por quen vostedes estimen. Pero é necesario facelo para que o territorio estea homoxeneizando nesa oferta. Ademais, hai unha cuestión: é o primeiro espazo educativo do neno despois do fogar.

Ademais, como dicía antes, é un recurso para a conciliación atendendo ao territorio. Por exemplo, nas grandes cidades, nas cidades máis grandes, pode parecer nos que hai, como ao mellor realmente existen, prazas libres nun determinado lugar, pero implican máis de media



hora en transporte público de aí a irse ao lugar de traballo. Co cal se estima que se perde moitísimo tempo e moitas veces a familia, en vez de optar por ese recurso da escola infantil pública, pois evidentemente, coma aquí se dicía, «tira dos avós».

E a partir de aquí comeza ese *mix* de situación que mencionamos, no que hai toda unha serie de diferentes varas de medir das escolas infantís. Por un lado, quedaron aí no limbo do que son os servizos sociais; é dicir, non están recoñecidas dentro do que pode ser o sistema de educación. Quedaron con ese, non sei se «estigma», pero con esa cuestión de formar parte dun sistema asistencial, cando realmente son unha rede de apoio tanto ao sistema educativo como ao sistema de conciliación.

Por outro lado, hai diferentes modelos. Hai desde, por exemplo, as escolas da rede pública galega, é dicir, as escolas infantís que están xestionadas de xeito público; outras que pasaron a ser do consorcio da Axencia Galega de Benestar e entón aí teñen un *mix* público e poden tamén ter unha participación municipal; as escolas municipais, que están xestionadas a través, ou ben de concesións, ou ben a través de entidades privadas sen ánimo de lucro; e despois están as entidades privadas que xestionan estas escolas.

Bueno, eu creo que a todos nos parecería un pouco dislate que no sistema educativo non estivese homoxeneizando este tipo de servizo. Polo tanto, unha das cuestións fundamentais para facer efectivo este servizo é que, ademais, os traballadores das escolas infantís estean —digamos— amparados nun convenio marco que nestes momentos se está tramitando e teñan esa homoxeneidade no tratamento en calquera das diferentes tipos de xestións a que se ven afectados.

Por outro lado, hai convenios coa Xunta de Galicia onde si se estima esa gratuidade, pero por exemplo non se estima o que é o servizo de comedor, que está valorado cuns prezos que datan do ano 2015 —creo que do 2015 ao 2017— e que, con todo o incremento de prezos que houbo coa última crise económica, se dispararon. Isto non pode ser aceptado polas familias, que ven un incremento desmesurado no que é este servizo. Co cal aí se volve producir unha falla dentro do sistema.

É dicir, temos diferentes tipos de xestións; temos unha dotación insuficiente, ben da gratuidade ou ben do servizo do comedor, que non chega para o que teñen que poñer as familias. E, por outro lado, temos un convenio non resolto, con esa homoxeneización de todos os traballadores. A todo isto engádese que é o primeiro espazo onde un neno vai estar fóra da súa casa. É dicir, suponse que toda esta cuestión tería que ter un tratamento —volvo insistir— homoxéneo, para que a igualdade de oportunidades no territorio estivese máis ou menos distribuída e cun sentido común en todo o que afecta.

¿Con isto que queremos dicir? Apoiamos esta moción e pedimos expresamente á Consellería de Asuntos Sociais, que é onde neste momento está encadrado todo o sistema das escolas infantís, que faga un pensamento sobre este servizo. Porque —insistimos— cremos na necesidade dun estudo detallado das necesidades do territorio, tendo en conta que as cidades neste momento teñen incluso moito máis recursos que o que pode ser a dispersión do resto do territorio galego. Fagan un estudo concienciado a futuro e, sobre todo, tendo en conta que hai



situacións do territorio onde non existe nin unha soa posibilidade para que a escola infantil estea vixente e estea nun ámbito de proximidade o suficientemente cómodo neste sentido ou o suficientemente representativo para que poida ser tida en conta e para que poida ser usada.

Por outro lado, todo este sistema baseado na gratuidade, que teña realmente un baremo do que supón os custos que son os custos de comedor e, sobre todo, esas horas que demandan as traballadoras e traballadores das escolas infantís, que viron como este tipo de cuestións non foron tidas en conta. Obtiveron subidas salariais que posiblemente as empresas que están agora coas licitacións nos concellos non poden asumir. Ademais, isto posiblemente o que estea provocando é toda unha serie de mala praxe, porque non están cos salarios acondicionados segundo o seu convenio. Hai unha distorsión dos prezos que neste caso non foron tidos en conta pola Consellería de Servizos Sociais. Co cal, eu creo que é un bo momento para facer un pensamento serio sobre este tema, empezar por unha planificación e chegar a esa homoxeneización que tanto se pide e tanto se busca en todo o territorio en Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Señora Fernández, parabéns polo relato do seu conto, pero en Galicia as contas sonlle outras. Mire, a Verín fomos. Fomos hai dous días e ¿saben o que pasou?: Partido Popular, 50,6 por cento dos votos; BNG, 13,2 por cento. *(Aplausos.)* Eses foron os votos. *(Aplausos.)*

Efectivamente, señora Fernández, a nova realidade demográfica fai que teñamos un reto por diante que ten que afrontar Galicia, claro que si, pero que tamén ten que afrontar o resto de España e de Europa. As diferenzas están en como cadaquén o enfrenta.

Voulle contar unha cousa. Hai nada, hai algo máis de dous anos, o día 9 de febreiro do ano 2021, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a Lei de impulso demográfico de Galicia, a primeira lei destas características que se aprobaba en España, e que despois foi copiada por moitas autonomías. Unha lei que era aprobada neste Parlamento cos votos en contra do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Unha lei que é a máis avanzada de todo o Estado en canto a axudas e en canto a servizos para as familias —para todo tipo de familias—, para conseguir que Galicia sexa o mellor lugar para nacer e tamén para vivir en calquera etapa da vida. E vostedes votaron en contra. Nacionalistas e socialistas votaron en contra da gratuidade das escolas infantís que hoxe demandan; *(Aplausos.)* votaron en contra das casas niño; *(Aplausos.)* votaron en contra da protección especial ás familias monoparentais e ás familias numerosas. *(Aplausos.)* De todo iso votaron en contra socialistas e nacionalistas. Nós votamos a favor e o Goberno de Rueda cumpre. Por iso, ano tras ano tras ano os galegos nos apoian a nós e a vostedes séguenos mantendo na oposición.



E mire, grazas a esa gratuidade das escolas infantís, Galicia, señora Fernández, é a comunidade que ten unha taxa máis elevada de escolarización de cero a tres anos; en concreto, o 56,4 por cento, 10 puntos por enriba da media española, 23 puntos por enriba do que recomenda a Comunidade Europea e o dobre que comunidades como Asturias ou como Canarias ou como Murcia.

Señora Fernández, deixen de pintalo todo negro. Galicia non quere esa negatividade; Galicia quere solucións. Por iso Galicia quere un Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque, miren, por moito que lles amole a eses que lles gustaría vivir nunha néboa continúa, os datos son que Galicia é a única comunidade na que desde que un neno nace ata que sae da universidade a educación é gratis. (*Murmurios.*) ¿E saben o que representa para unha familia galega respecto a unha familia doutra comunidade só para o período de cero a tres anos? Pois un aforro mensual de tres mil euros.

Para que iso sexa posible a Xunta inviste este ano 2024 sesenta millóns de euros na gratuidade das escolas infantís. Galicia, co esforzo de todos os galegos, sesenta millóns de euros; o Goberno do Estado, cero. Galicia faino soa unha vez máis. Porque, claro, é verdade que Sánchez unha e outra vez nos anuncia que vai facer a gratuidade das escolas infantís de cero a tres anos; unha e outra vez que cambia de opinión. Este ano tampouco vai poder ser, e non vai poder ser por algo tan evidente como que nin sequera foron capaces de aprobar os orzamentos.

Porque, mentres en Galicia temos un Goberno estable, un Goberno previsible, un Goberno que pode tomar decisións e que toma esas decisións a favor das galegas e dos galegos, en España o que temos é unha amálgama de nacionalismos, de separatismos, de todos os *ismos* que nos podamos imaxinar, que só pensan en si mesmos e que teñen o país gobernado nun descontrol absoluto. Absolutamente desgobernados. (*Murmurios.*)

En Galicia o Bloque preocúpanse tanto, tanto dos galegos que a súa maior preocupación foi enganalos durante toda a campaña electoral. (*Murmurios.*) E aínda hoxe din que son inventos do Partido Popular. (*Murmurios.*) Miren, señores, póñanse de acordo: ¿que porcentaxe da señora Miranda vai ser eurodiputada e que porcentaxe non? (*Murmurios.*) ¿Que lado vai ser eurodeputada e que lado non? Miren, alá vostedes. ¡Alá vostedes! (*Aplausos.*) Sinceramente, iso é un problema que só lles preocupa aos do Bloque. (*Protestas.*) O Goberno galego segue traballando para os galegos e as galegas. (*Murmurios.*) Por iso seguimos construíndo a rede pública de escolas infantís gratis máis ampla de toda España, 32.000 prazas; máis de cen casas niño das que vostedes votaron en contra; a maior porcentaxe de escolarización de toda España, o 56,4 por cento. E todas absolutamente gratis para todas as nenas e nenos en calquera tipo de escolas infantís. (*Murmurios.*) Para iso, aumentamos o orzamento respecto ao ano pasado: un nove por cento e un dez por cento para axudar os concellos a que monten as súas garderías. A Xunta ponlles o edificio, a Xunta axúdaos a financiar e a Xunta paga a parte que lles correspondería ás familias.

Díganlle, señora Fernández, ao seu alcalde de Ribeira por que non quere unha escola infantil con 41 prazas. (*Murmurios.*) ¿Por que non se pon de acordo cando o Partido Popular alí ademais estallo pedindo? Señora Longueira, ¿por que non fala vostede co señor Tomé do Con-



cello de Monforte, presidente da Deputación? Dígalle que lles faga caso ás familias que lle están pedindo unha e outra vez a escola infantil. Unha escola infantil que lle reclama a nosa voceira do noso grupo alí e tamén compañeira, a señora Varela, e que el non quere porque non quere saber nada da Xunta. Mentres, o que pasa é que os nenos de Monforte teñen que ir ás escolas infantís de Sober, do Saviñao, de Bóveda...; concellos gobernados polo PP e que si apostan pola conciliación e polo apoio ás familias. *(Aplausos.)*

Miren, non nos intenten enganar aquí con que lles aumentamos horas aos traballadores das escolas infantís. Señora Fernández, fale vostede coa CIG. Foi un acordo de todos os sindicatos coa Xunta para diminuír de 37,5 a 35 as horas de traballo en todos os centros da Consellería de Política Social. Xa está ben de intentar enganar neste caso os pais e os traballadores. Miren, a diferenza entre vostedes e nós é que vostedes o que queren é enlodar; nós o que queremos é traballar. Por iso, dende hai quince anos os galegos unha e outra e outra, ata cinco veces, nos deron o seu apoio; e a vostedes unha e outra, ata cinco veces, os deixaron na oposición. Nós seguiremos traballando. ¡Alá vostedes co que fagan! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Ben, o problema do meu relato é que vostede non trae o dato, e entón a cousa ponse complicada.

Os meus parabéns polos votos recibidos en Verín. Na miña casa cando pasa iso, ¿sabe que se di? É de ben nacido ser agradecido. Póñanlles os pediatras, ¡anden! *(Aplausos.)*

Falan das familias monoparentais e non lles teñen nin o rexistro que lles prometeron na Lei de impulso demográfico de Galiza hai tres anos. *(Aplausos.)*

E falareilles do noso alcalde de Ribeira. Miren: «*Demandas unánimes del municipalismo gallego: a Xunta de Galicia comprometéase a sufragar a gratuidade das escolas públicas. A maior parte desa gratuidade está sendo asumida polos concellos, cunha clara discriminación na contía que perciben respecto ás escolas infantís privadas.*» *(Aplausos.)* Igual é iso o que lle pasa ao noso alcalde de Ribeira.

Temos unha carencia evidente de prazas que se repite cada ano; nas zonas máis poboadas máis e nas zonas menos poboadas o mesmo, porque se repite en todo o país. Non lles poden querer vender aos galegos e ás galegas unha gratuidade do cen por cento, porque non é verdade. A natalidade baixa, temos menos crianzas e seguimos sen ter sitio para todas. ¡Menos mal que non lles funcionan as políticas de natalidade! E menos mal que a Lei de impulso demográfico é de escaso efecto, porque se non non sei onde as meterían. Non sei onde meterían todos eses nenos e nenas. Temos 147 escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza; son dúas máis que hai seis anos. Van a unha escola construída cada tres anos. ¡Van lentos!

Eu, tratándolle de ver as similitudes entre os plans e medidas que non lles funcionan ou que se enlenteceen misteriosamente, cheguei á conclusión, mozos e mozas, de que a eles o que



lles molesta, o que lles causa malestar e os revolve, é o concepto «público». ¿Que sanidade ten o menor investimento? A pública. ¿Que transporte é o que peor servizo ten? O público. ¿Que educación ten un baixo investimento? ¿Sabem a resposta, compañeiros? ¡A pública! (*Murmurios.*) ¿Cales son as vivendas que menos se constrúen, Alexandra? ¡As públicas! ¿E as escolas infantís ás que non se lles aumentan practicamente as prazas ano tras ano? Pois xusto, as públicas. É o curiosísimo caso de Galiza, que dá para unha equipa de investigación. Non pode obedecer á casualidade.

Explíquenlles aos pais e nais que teñen menos puntuación por non traballar os dous para o acceso a unha praza como van facer para traballar os dous e onde van deixar ese neno ou nena se non a teñen. Explíquelles aos traballadores do polígono de Lalín, por exemplo, que a súa escola infantil pecha ás cinco e media e teñen que saír antes de traballar. Ás familias monoparentais fálenlles de conciliación. Aos traballadores das escolas infantís, pregúntenlles.

¿Por que non se está levando a cabo este servizo como un servizo educativo e se está disfrazando como un servizo simplemente asistencial? ¿Por que botan días agardando a que se cubran as fallas de compañeiros, con ratios insostibles? ¿Por que as escolas privadas cobren as súas prazas ao dereito e hai ata ringleiras para anotarse, xente nas portas? ¿Por que os criterios de acceso non son os mesmos para todas e todos?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Explíquenlles. Pregúntenlles aos concellos que lles parece que lles queiran espetar a responsabilidade dun servizo de escolas infantís asumindo eles a súa gratuidade. E logo explíquenlles aos galegos e ás galegas por que as prazas das escolas privadas a Xunta as paga máis que as das escolas públicas. Cóntenlles, e dígolles eu: o problema é «o público». (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos a continuación as proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: A primeira é do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona Cristina Campero.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío da Limia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; votos en contra, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de... ¿Quen a levou? ¿Quen levou esta iniciativa? (A señora vicepresidenta, Candia López: María Deza.) Si, María Deza, exactamente. (Un señor deputado: Solicitamos votación por puntos...) Espere, que aínda non lin. Vou ler agora. É que, como non estiven no debate, quería saber quen a levou. Levouna a señora Deza. A iniciativa ía sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia.*

Había unha posible transacción, téño aquí anotado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non chegaron a acordo. Entón... (Un señor deputado: Solicitamos votación separada por puntos...) ¿Acepta a votación por puntos? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non. Pois entón votamos tal e como vai. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Daniel Castro García, sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competición estable para elas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 45; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Elena Espinosa.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

(A señora Espinosa Mangana pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: A ver, presidente, enténdinlle que aceptabamos a emenda do BNG. Non aceptamos a emenda do BNG. Ao mellor entendín eu mal.

O señor PRESIDENTE: ¿Non a acepta?

A señora ESPINOSA MANGANA: Non, non.

O señor PRESIDENTE: Eu teño anotado: «Acéptaa». Ao mellor entendín mal eu. Vale.

Ben, pois non sei se... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Repetimos a votación, se o consideran oportuno. *(Murmurios.)* Uns din que di. Se é necesario, repetimos a votación, porque é un concepto importante. Ao mellor, aceptánda ou non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, ¿que me quere dicir con iso? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! ¿Mantense o voto tal e como está? Vale, perfecto. Pois entón o resultado queda así.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa da señora Longueira.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



¿Acéptase? (Asentimento.) Acéptase, si.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar a súa política de apoio á actividade artística e creativa galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ariadna Fernández González e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos a esta etapa educativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Mouzo Mas, Paula	P
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Ojea Bouzo, Armando	M
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Pérez López, Noelia	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Corgos López-Prado, Miguel	P	52. Prado del Río, Paula	P
15. Deza Martínez, María	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez González, Román	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rodríguez Martínez, Roberto	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Grueira Fernández, Nicole	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Iglesias Rey, Patricia	S	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Insua Lema, Óscar	BNG	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. Longueira Castro, Silvia	S	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. López Font, Carlos	S	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Lorenzo Gómez, Rubén	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

